

PROGRAMA
OPERATIVO
FSE
GALICIA
2007-2013

XUNTA DE GALICIA

PROGRAMA OPERATIVO
FONDO SOCIAL EUROPEO
(FSE)
GALICIA 2007-2013

(Obxectivo Converxencia)

Esta publicación esta cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE)

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Economía e Facenda

Elaboración: Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios

Edición coordinada polo equipo técnico: Aureliano García González-LLanos
Juan José Lirón Lago
Juan Conde Fontao
Manuel Magariños Cristobo
José Eugenio Bellón Bermúdez
Julia Ribao López
M^a Carmen Cortizo Cutrín

ISBN 978-84-453-4565-8

Depósito Legal: C 392-2008

Imprime: Unidixital

ÍNDICE

PRESENTACIÓN.....	15
INTRODUCCIÓN	19
CONSIDERACIÓNS PREVIAS	25
1. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN.....	31
1.1. Aspectos socioeconómicos.....	33
1.1.1. Aspectos demográficos	33
1.1.2. Inmigrantes	38
1.1.3. Aspectos económicos	39
1.1.4. Estrutura produtiva e análise do emprego por sectores.....	44
1.2. Mercado de traballo	51
1.2.1. Evolución da poboación activa e a poboación desempregada.....	51
1.2.2. Produtividade laboral	64
1.2.3. Colectivos en risco de exclusión	66
1.2.4. Os mozos no mercado laboral.....	67
1.2.5. Siniestralidade laboral	69
1.3. Niveis educativos e cualificación do capital humano	71
1.4. Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	77
1.5. Matriz coas principais debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades	85
2. ESTRATEXIA	89
2.1. Obxectivos da estratexia de Galicia.....	91
2.1.1. Pertinencia entre os Obxectivos e as Directrices Estratéxicas Comunitarias e o Plan Nacional de Reformas	100
2.2. Selección dos Eixes prioritarios da estratexia.....	104
2.2.1. Xustificación da estratexia.....	104
2.3. Enfoque estratéxico dos eixes prioritarios	106
2.4. Complementariedade.....	114
2.4.1. Complementariedade co FEDER.	114
2.4.2. Complementariedade co FEADER.....	117
2.4.3. Complementariedade co FEP.....	118
2.4.4. Complementariedade coas intervencións desenvolvidas pola AGE (Programas Operativos Plurirrexionais do FSE).....	121
Desglose indicativo da contribución FSE 2007-2013: Galicia.....	124

3. EIXES PRIORITARIOS..... 125

3.1. Eixe 1. Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios.....	128
3.1.1. Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas.....	128
3.1.2. Prioridades transversais.....	132
3.1.3. Desglose indicativo por categorías de gasto.....	134
3.1.4. Indicadores operativos.....	135
3.2. Eixe 2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres.....	137
3.2.1. Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas.....	137
3.2.2. Prioridades transversais.....	141
3.2.3. Desglose indicativo por categorías de gasto.....	143
3.2.4. Indicadores operativos.....	144
3.3. Eixe 3. Aumento e mellora do capital humano.....	147
3.3.1. Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas.....	147
3.3.2. Prioridades transversais.....	149
3.3.3. Desglose indicativo por categorías de gasto.....	151
3.3.4. Indicadores operativos.....	152
3.4. Eixe 4. Promover a cooperación transnacional e interrexional.....	153
3.4.1. Obxectivos específicos e prioridades estratéxicas.....	153
3.4.2. Inclusión das prioridades transversais no Eixe 4.....	154
3.4.3. Desglose indicativo por categorías de gasto.....	154
3.4.4. Indicadores operativos do Eixe 4.....	155
3.5. Eixe 5. Asistencia técnica.....	155
3.5.1. Obxectivos e prioridades do Eixe 5.....	155
3.5.2. Inclusión das prioridades transversais.....	156
3.5.3. Desglose indicativo por categorías de gasto.....	156
3.5.4. Indicadores operativos.....	157
3.6. Indicadores estratéxicos.....	157
3.6.1. Peso relativo do PO FSE de Galicia 2007-2013 na consecución dos obxectivos estratéxicos.....	158

4. DISPOSICIÓNS DE APLICACIÓN..... 161

4.1. Designación de autoridades.....	163
4.1.1. Autoridade de Xestión.....	163
4.1.2. Autoridade de Certificación. Designación e funcións.....	166
4.1.3. Autoridade de Auditoría.....	168
4.2. Descrición dos sistemas de seguimento e avaliación.....	169
4.2.1. Seguimento.....	169
4.2.2. Sistema informático das Autoridades de Xestión e Certificación do FSE España para o período 2007-2013.....	171
4.2.3. Comité de Seguimento do PO.....	172

4.2.4. Informes anual e final	173
4.2.5. Exame anual dos programas.....	174
4.2.6. Revisión do programa.....	174
4.2.7. Plan de avaliación e seguimento estratéxico.....	174
4.3. Organismo receptor dos pagamentos da comisión e organismo que realiza os pagamentos aos beneficiarios.	178
4.4. Procedementos de mobilización e circulación dos fluxos financeiros.	179
4.4.1. Compromisos presupostarios	179
4.4.2. Disposicións comúns en materia de pagamentos	180
4.4.3. Normas comúns para o cálculo dos pagamentos intermedios e os pagamentos do saldo final	180
4.4.4. Declaración de gastos	180
4.4.5. Acumulación de prefinanciamentos e dos pagamentos intermedios	181
4.4.6. Integridade dos pagamentos aos beneficiarios	181
4.4.7. Prefinanciamento.....	181
4.4.8. Pagamentos intermedios	182
4.4.9. Pagamento do saldo.....	183
4.5. Respecto da normativa comunitaria.....	184
4.6. Información e publicidade do Programa Operativo.....	185
4.7. Intercambio informatizado de datos coa Comisión	187
5. PLAN DE FINANCIAMENTO	189
5.1. Presuposto e a súa contribución a Lisboa	192
5.2. Anualización do presuposto	193
5.3. Presuposto por Eixe prioritario.....	194
6. CONCLUSIÓN DA AVALIACIÓN PREVIA	195
6.1. Avaliación previa	197
6.1.1. Balance do periodo de programación 2000-2006 e necesidades pendentes de satisfacer para 2007-2013	197
6.1.2. Análise do grao de cumprimento dos Obxectivos da Axenda de Lisboa e Gotemburgo	199
6.1.3. Valoración do diagnóstico económico, social e ambiental	201
6.1.4. Coherencia interna: sinerxía entre obxectivos.....	202
ANEXO 1	205
Anexo 1. Táboa resumo do PO FSE Galicia 2007-2013 por obxectivos e indicadores	207
DECISIÓN DA COMISIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS.....	211

TÁBOAS

1: Migracións internas. Ano 2004.	36
2: Movementos migratorios 1995-2004 de Galicia	36
3: Composición da poboación de Galicia en 2005 por idade e xénero.....	37
4: Poboación estranxeira segundo idade, sexo e país de nacionalidade, ano 2005.....	38
5: Evolución do PIB per cápita UE-25=100, en Galicia e en España (1998-2004).....	42
6: Uso de TIC en Empresas galegas	49
7: Datos principais das empresas galegas relacionados coas TIC	49
8: Taxa potencial de activos inmigrantes.....	66
9: Traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral (Media anual).	67
10: Taxa de actividade por nacionalidade en Galicia e España, 2005.	67
11: Indicadores laborais para os mozos en Galicia e España por xénero. Media 2006.	68
12: Estudos rematados da poboación galega. Distribución por sexos e grupos de idade. 2004.	75
13: Diferencial de taxas de actividade homes/mulleres en Galicia. Ano 2006	79
14: Comparativa de taxas de actividade por sexo e grupos de idade. España e Galicia. 2006.	79
15: Comparativa das taxas de emprego Galicia/España por sexo e grupos de idade. 2006.	81
16: Comparativa de taxas de paro Galicia/España por sexo e grupos de idade. Media 2006.	82
17: Porcentaxe de persoas que realizan a actividade no transcurso do día e duración media dedicada á actividade por ditas persoas. Galicia. Distribución por sexos.	84
18: Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) de Galicia	86
19: Árbore de Obxectivos do MECEGA 2007-2013.....	95
20: Correspondencia de Obxectivos Intermedios e Finais do MECEGA e Eixes prioritarios do Programa Operativo FSE de Galicia, 2007-2013.....	96
21: Pertinencia entre os Obxectivos Intermedios do PO e as debilidades rexionais.....	97
22: Pertinencia entre os Obxectivos Intermedios do MECEGA e as fortalezas rexionais.	99

23: Relación entre Obxectivos do PO FSE, Directrices Estratéxicas Comunitarias e PNR.	100
24: Relación de Eixes prioritarios do Programa Operativo FSE de Galicia 2007-2013....	104
25: Vinculación da estratexia coas Directrices Integradas para o Emprego e o Crecemento, o PNR e o MENR	104
26: Obxectivos cuantificados do Eixe Prioritario 1. Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios a lograr no 2010.	108
27: Obxectivos cuantificados do Eixe Prioritario 2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres.....	110
28: Obxectivos cuantificados do Eixe Prioritario 3. Aumento e mellora do capital humano.....	112
29: Adecuación das principais prioridades estratéxicas e os Obxectivos Intermedios definidos en estratexia rexional de intervención estrutural 2007-2013.	113
30: Relación entre Obxectivos da estratexia de Galicia e os Eixes do FEDER e FSE.....	115
31: Correspondencia entre os Obxectivos Intermedios e Eixes do Programa Operativo FSE e as prioridades do Programa Operativo FEDER.....	117
32: Relación entre Obxectivos da estratexia de Galicia e as prioridades do FEP reflectidas no Plan Estratéxico Nacional (PEN).....	120
33: Complementariedade do PO FSE de Galicia co PO Plurirrexional de Loita contra a discriminación	122
34: Complementariedade do PO FSE de Galicia co PO Plurirrexional de Adaptabilidade e Emprego.....	122
35: Temas e códigos prioritarios do Programa Operativo FSE 2007-2013.	123
36: Distribución do gasto do PO por Eixes de intervención e Temas prioritarios e a súa contribución á Estratexia de Lisboa (Euros correntes)	127
37: Temas prioritarios do Eixe 1.	134
38: Indicadores operativos do Eixe 1.	135
39: Temas prioritarios do Eixe 2.	143
40: Indicadores operativos do Eixe 2.....	144
41: Temas prioritarios do Eixe 3.	151
42: Indicadores operativos do Eixe 3.....	152
43: Categorías de gasto do Eixe 4.....	154

44: Indicadores operativos do Eixe 4.....	155
45: Categorías de gasto do Eixe 5.....	156
46: Indicadores operativos do Eixe 5.....	157
47: Distribución da axuda FSE asignada a Galicia por instrumentos de intervención.....	191
48: Importe dos fondos FSE asignados a Galicia.....	191
49: Distribución do gasto do PO por Eixes de intervención e Temas prioritarios e a súa contribución á Estratexia de Lisboa (Euros correntes)	192
50: Plan de financiamento dos compromisos anuais do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.....	193
51: Plan de financiamento dos Eixes prioritarios do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.....	194
52: Necesidades detectadas pendentes de satisfacer	198
53: Obxectivos da Estratexia de Lisboa coa situación de España e Galicia en 2005 vs. 2010 e obxectivos Galicia 2013	199
54: Sinerxía interna entre os Obxectivos Intermedios do MECEGA.....	202
55: Coherencia financeira da estratexia Xunta de Galicia-AGE (Axuda FEDER-FSE, euros 2007)	204

GRÁFICOS

1: Distribución poboacional por idade e por provincia (2005).....	33
2: Poboación dependente de Galicia (1998-2005).	34
3: Poboación en entidades singulares de menos de 5.000 habitantes (2005)	35
4: Diferenza entre a poboación de homes e mulleres por tramo de idade	38
5: Taxa de variación interanual do PIB a prezos de mercado (1999-2005).....	40
6: Factor demográfico (%) para Galicia, España e UE-25 (1999-2005)	40
7: Produtividade laboral (€/ocupado) para Galicia, España e UE-25 (1999-2005)	41
8: Evolución do PIB per cápita para Galicia, España e UE-25 (1999-2005).....	42
9: Galicia. Porcentaxe dos compoñentes da demanda sobre o PIB.....	43
10: Galicia. Taxas anuais de crecemento (%)	43
11: Evolución da taxa de creación de empresas en Galicia e en Espanña (2000-2004)	46
12: Porcentaxe de mulleres empresarias sen asalariados (traballadoras independentes) sobre o total de ocupación feminina. Período 2001-2006.....	47
13: Ocupados por sectores e sexo en Galicia. Media 2006	50
14: Evolución da taxa de actividade en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)	52
15: Evolución da taxa de paro en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)	52
16: Evolución da taxa de ocupación en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)	53
17: Distribución porcentual da ocupación por rama de actividade – Ano 2006	54
18: Evolución do grao de temporalidade no mercado laboral. Galicia e España 2001-2006.....	54
19: Desagregación por xéneros da taxa de temporalidade. Galicia 2001-2006	55
20: Evolución da taxa de paro feminina en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006).....	56
21: Evolución da taxa de paro xuvenil en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)	57
22: Evolución da taxa de paro de longa duración en Galicia, España e a UE-25 (2001-2006)	58
23: Evolución dos custos mensuais totais por traballador en Galicia e España (2000-2006)	59
24: Custos mensuais totais por traballador nas rexións de España – Ano 2006.....	59
25: Custo laboral por hora efectiva en Galicia e España – Ano 2006	60

26: Evolución da produtividade (PIB en paridades de poder de compra por persoa ocupada) sobre a base UE-25=100.....	61
27: Evolución da produtividade galega (PIB en paridades de poder de compra por persoa ocupada) sobre a base España=100.....	61
28: Evolución da taxa de paro en Galicia e España (1996-2006).....	62
29: Taxa de actividade 16 e máis anos	63
30: Taxa de emprego 16 e máis anos	63
31: Produtividade aparente do traballo. Galicia (España = 100)	66
32: Taxas xuvenís de actividade, ocupación e desemprego en Galicia, España e UE-25 – 2007.....	69
33: Evolución dos índices de siniestralidade laboral en España e Galicia.	70
34: Gravidade dos accidentes laborais con baixa acontecidos durante a xornada de traballo en España e Galicia dende 1997 ata 2004.	70
35: Distribución por sexos segundo o nivel de formación alcanzado en Galicia. Ano 2005	72
36: Distribución das mulleres galegas matriculadas en 1º de Bacharelato por modalidades. Curso 2003-2004.....	73
37: Distribución por sexo do alumnado matriculado en Ciclos Formativos de Grao Medio. Curso 2003-2004	74
38. Alumnado matriculado por estudo e sexo. Galicia, curso 2003-2004	76
39: Evolución anual da taxa de actividade feminina. Galicia 1996-2006.....	78
40: Taxas de actividade en Galicia, España e UE-25 - 2006	80
41: Taxas de ocupación en Galicia, España e UE-25 – 2006	81
42: Taxas de paro en Galicia, España e UE-25 – 2006	82
43: Distribución do tipo de xornada das mulleres ocupadas e dos homes ocupados. Galicia 2006	83

PRESENTACIÓN

PRESENTACIÓN

A programación do Fondo Social Europeo (FSE) para o período 2007-2013 inscribíase no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia (MECEGA), que establece a estratexia de intervención dos Fondos Estruturais, reorientando a política económica comunitaria da Xunta de Galicia cara a promoción dos factores de desenvolvemento ligados á Estratexia de Lisboa: renovar as bases da competitividade, aumentar o crecemento e a produtividade, e reforzar a cohesión social a través do coñecemento, a innovación e a valorización do capital humano.

Este marco de actuación fixa como Obxectivo Global para Galicia a 2013 “Converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento”, definindo unha estratexia integrada de desenvolvemento rexional que dá resposta ás necesidades e potencialidades existentes en Galicia.

Para a consecución deste Obxectivo Global, establécense catro Obxectivos Finais: 1) “Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar”; 2) “Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación”; 3) “Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social” e 4) “Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible”.

No proceso de elaboración do Programa Operativo do FSE interviñeron tanto as distintas Administracións involucradas (Comunitaria, Autonómica e Local), como outras institucións e axentes económicos e sociais galegos.

As actuacións definidas no presente Programa Operativo son coherentes coas 24 Directrices Integradas para o Crecemento e o Emprego 2005-2008, co Plan Nacional de Reformas 2005-2010 e co Marco Estratéxico Nacional de Referencia 2007-2013, que recollen a Estratexia Europea para o Emprego 2005-2008 no marco dos Obxectivos de Lisboa a 2010. Así mesmo, respecta a complementariedade coas outras formas de intervención comunitaria na Comunidade Autónoma.

A Comisión das Comunidades Europeas adoptou o Programa Operativo de intervención comunitaria do Fondo Social Europeo no marco do Obxectivo de Convergencia na Comunidade Autónoma de Galicia en España, por Decisión C(2007) 6733, de 18 de decembro de 2007, CCI 2007ES051PO004.

O importe total do Programa ascende a 448,1 millóns de euros entre recursos públicos autonómicos e comunitarios, dos que 358,5 millóns corresponden a Axuda comunitaria.

As actuacións que se cofinanciarán a través do PO FSE Galicia 2007-2013 están relacionadas fundamentalmente co impulso das seguintes cinco prioridades: Espírito empresarial e adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios; Empregabilidade, inclusión social e igualdade entre homes e mulleres; Capital humano; Cooperación transnacional e interrexional; e Asistencia técnica.

O contido da presente edición responde á versión adoptada pola Comisión, unha vez traducida ao galego, á que se lle engade a copia do documento de Adopción do Programa Operativo.

O Plan que se presenta a continuación detalla, para o período 2007-2013, a articulación das liñas de actuación previstas que contribúen á consecución dos obxectivos de Galicia relativos ao reforzo da cohesión económica e social, mellorando as oportunidades de traballo e favorecendo o nivel de emprego e de calidade.

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

INTRODUCCIÓN

INTRODUCCIÓN

Os Programas Operativos de Galicia inscribíense no contexto do Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007-2013.

A Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia elaborou este documento estratéxico, co obxectivo de dispoñer para toda a sociedade galega, dun instrumento de planificación comunitaria a medio e longo prazo no que se definan Obxectivos, estratexias e actuacións para o logro dun maior desenvolvemento económico e social mediante a aplicación dos Fondos de finalidade estrutural, o que conducirá en definitiva a lograr a converxencia coa media nacional e da UE.

O devandito marco estratéxico de intervención propiciou un proceso de reflexión interna e de consenso entre os principais interlocutores da rexión, que desembocou na elaboración dun diagnóstico e proposta de prioridades estratéxicas de intervención, cuxa operativa relacionada co Fondo Social Europeo se recolle no presente Programa Operativo.

O artigo 2 do Regulamento Xeral dos Fondos Estruturais para o período 2007-2013¹, recolle a seguinte definición de “Programa Operativo”: documento presentado polo Estado membro e aprobado pola Comisión, no que se recolle unha estratexia de desenvolvemento que contén un conxunto coherente de prioridades para a realización do cal precisárase axuda dalgún dos Fondos ou, cando se trate do obxectivo de «Converxencia», do Fondo de Cohesión e do FEDER.

Por outra banda, o artigo 32 no seu apartado 1 indica que as intervencións dos Fondos nos Estados membros adoptarán a forma de Programas Operativos encadrados no marco estratéxico nacional de referencia. Cada Programa Operativo cubrirá o período abranguido entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2013. Cada Programa Operativo referirase unicamente a un dos tres Obxectivos que se mencionan no artigo 3, salvo que a Comisión e o Estado membro acorden o contrario.

Os Programas Operativos serán enumerados no Marco Estratéxico de Referencia xunto cunha asignación indicativa anual para cada programa e quedando garantido un apropiado equilibrio entre a intervención temática e rexional. Estes programas serán elaborados polo Estado membro ou calquera entidade designada por este, en estreita cooperación cos interlocutores nacionais.

Os Programas Operativos elaboraranse no nivel rexional NUTS I e NUTS II². No caso dos relativos a Cooperación Territorial, estes redactaranse ao nivel da pertinente zona de cooperación, de acordo co artigo 35 do Regulamento xeral.

A administración autonómica galega elaborou os documentos de programación que recollen as intervencións dos Fondos Estruturais, en colaboración cos interlocutores sociais e outros

¹ Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) N° 1260/1999.

² Nomenclatura recollida no Regulamento (CE) N° 1059/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, polo que se establece unha nomenclatura común de unidades territoriais estatísticas (NUTS), que subdivide o territorio económico dos Estados membros e inclúe tamén o seu territorio extrarrexional. Baséase nas unidades administrativas existentes nos Estados membros e define diferentes niveis (I, II e III), en función de umbral de poboación. En España non existen territorios NUTS I e os NUTS II corresponden ás Comunidades e cidades autónomas.

axentes clave que operan na rexión. Trátase de documentos programáticos monofondo, a diferenza do que acontecía no período anterior. O presente documento constitúe o Programa Operativo relativo ao Fondo Social Europeo (en diante, PO FSE).

O presente Programa Operativo FSE foi elaborado considerando as achegas efectuadas, por un lado por parte das Consellerías da Xunta de Galicia, que transmitiron as súas necesidades e plans previstos para o próximo período de programación, xunto coa participación dos interlocutores sociais, e por outro, das recomendacións da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (en diante, UAFSE) e da DG Rexio e DG Emprego da Comisión Europea. O Programa Operativo inclúe, de acordo co artigo 37 do Regulamento xeral, a seguinte información:

- ▲ Unha análise da situación, especificando os puntos fortes e as deficiencias, e a estratexia adoptada ao respecto.
- ▲ Unha motivación das prioridades seleccionadas á luz das Orientacións Estratéxicas Comunitarias³, o MENR e dos resultados da avaliación ex ante⁴. Este apartado irase completando en liña co avance no proceso de elaboración do MENR e da avaliación previa. Inclúe un DAFO e unha análise do cumprimento dos Obxectivos de Lisboa.
- ▲ Formulación da estratexia, con indicación dos Obxectivos e indicadores estratéxicos.
- ▲ Un desglose dos ámbitos de intervención por eixes prioritarios e categorías de gasto.
- ▲ Un plan de financiamento que inclúa un cadro de financiamento por anos, e un cadro no que se especifique o financiamento para a totalidade do período de programación e por prioridade, analizada por fontes de financiamento: contribución comunitaria, financiamento público nacional, rexional ou local e outras.
- ▲ Disposicións de aplicación: sistema de seguimento, publicidade, fluxos financeiros, entre outros.

O presente Programa Operativo estruturouse en torno ao índice proposto pola UAFSE na súa Guía metodolóxica, e recolle unha análise da situación de partida dende o punto de vista das macromagnitudes económicas e do mercado laboral, identificando debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO).

Incorporouse un DAFO global que reflicte o contexto de Galicia, tendo en conta as Orientacións Estratéxicas Comunitarias no seu conxunto, independentemente de se se refiren ao ámbito de actuación do FEDER ou do FSE. No caso do presente Programa Operativo de FSE, á hora de seleccionar as prioridades faise especial fincapé naqueles aspectos relacionados coa empregabilidade, a capacitación e a inclusión social e laboral dos colectivos con maiores dificultades/colectivos desfavorecidos.

³ "Política de cohesión en apoio do crecemento e o emprego: Directrices Estratéxicas Comunitarias, 2007-2013". Bruxelas, 5.7.2005. Comisión das Comunidades Europeas.

⁴ Achégase como documento aparte. Foi elaborado de acordo ao artigo 48 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, así como ás orientacións e recomendacións elaboradas pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do MEH.

A continuación, e unha vez analizada a situación actual e o DAFO, fórmulanse os Obxectivos en forma de árbore a alcanzar en 2013 para a Comunidade Autónoma galega, mediante a posta en marcha do FEDER e FSE nos seus diferentes niveis: Global, Finais e Intermedios. A árbore de Obxectivos formulada é común a ambos os dous Fondos, posto que responde a unha estratexia integrada da Comunidade Autónoma de Galicia que, baixo o paraugas do MECEGA, dota dunha dimensión estratéxica ás intervencións do conxunto de Fondos europeos en Galicia no próximo período de programación 2007-2013, independentemente da fonte de financiamento.

Por outra banda, detállanse as prioridades temáticas seleccionadas, á luz das Directrices Estratéxicas Comunitarias 2007-2013, que constitúen o documento de referencia da Comisión Europea para o novo período de programación, das orientacións a nivel estatal para a realización das achegas rexionais ao Marco Estratéxico Nacional de Referencia e das Directrices Integradas para o Crecemento e o Emprego, que recollen a Estratexia Europea para o Emprego 2005-2008 no marco dos Obxectivos de Lisboa a 2010. Estas prioridades constitúen, xunto cos Obxectivos, a estratexia proposta pola Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios para as intervencións estruturais no novo período.

Na descrición dos eixes prioritarios incídese no vínculo destes cos Obxectivos estratéxicos.

Por outra parte existen unha serie de obxectivos transversais ou “mainstreaming” que han de rexer as intervencións do FSE, en liña coas ensinanzas extraídas da iniciativa EQUAL no presente período de programación: integración da perspectiva de xénero, fomento da non discriminación e a inclusión social, as accións innovadoras, as novas tecnoloxías da información, o medio ambiente e o partenariado.

Cabe destacar que no novo contexto de financiamento europeo para o período 2007-2013, Galicia, polas súas características territoriais e económicas, inscribese dentro do Obxectivo Converxencia. Enfróntase polo tanto a un momento clave para reorientar a súa estratexia cara á promoción dos factores de desenvolvemento ligados á Estratexia de Lisboa: renovar as bases da competitividade, aumentar o potencial crecemento e produtividade e reforzar a cohesión social, a través do coñecemento, a innovación e a valorización do capital humano. Neste sentido, resulta fundamental unha intervención priorizada e focalizada, que responda ás necesidades actuais da rexión, de cara a impulsar o seu desenvolvemento nun contexto de crecemento e emprego fixado pola Unión Europea no marco da Estratexia establecida no Cumio de Lisboa de 2000 e relanzada no ano 2005.

CONSIDERACIONES PREVIAS

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

A estratexia do PO FSE Galicia 2007-2013 foi deseñada despois de realizar un diagnóstico e unha análise DAFO da situación socioeconómica da rexión e segundo o establecido na Axenda de Lisboa e Gotemburgo, as Directrices Estratéxicas Comunitarias en materia de cohesión, o Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello, o Regulamento (CE) Nº 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, tendo en conta tamén as conclusións da avaliación “ex ante”, que achegou elementos de valor engadido á programación do novo período.

Co fin de asegurar a coherencia das intervencións comunitarias no marco do Obxectivo “Converxencia”, a estratexia rexional de Galicia formula uns obxectivos de carácter xeral que contemplan o desenvolvemento económico sostible da Comunidade Autónoma.

Non se trata, polo tanto, de obxectivos específicos establecidos de xeito particular para a intervención FSE, senón de obxectivos aos que todas as actuacións estruturais deben atender. En consecuencia, o presente PO contribuirá parcialmente á consecución dos obxectivos sinalados quedando complementado polo resto das intervencións. Deste modo, non só se asegura a coherencia entre as intervencións senón que se establece o marco axeitado para o deseño e posterior avaliación en termos de compatibilidade, complementariedade e sinerxía.

Nesta liña, **a estratexia de intervención dos Fondos Estruturais en Galicia** para o próximo período de financiamento componse duns obxectivos e unhas prioridades estratéxicas. Así, se estableceron 3 niveis de Obxectivos: Global, Final e Intermedio, nos que se basearán as actuacións formuladas no plano operativo.

Co reto de utilizar os instrumentos da política de cohesión para converxer economicamente con España e Europa e facer de Galicia unha rexión máis competitiva en 2013, o PO FSE Galicia formula como **Obxectivo Global** “Converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento”.

Para a consecución do devandito obxectivo, Galicia fórmulase **4 Obxectivos Finais (OF)**, que inciden nos compoñentes da política para o crecemento e o emprego sostible de cara a 2013, reforzando o potencial endógeno do territorio. Estes OF complementáanse entre si, incidindo nos factores produtivos que impulsan o desenvolvemento económico: o capital humano, o capital físico e o coñecemento, dende a perspectiva da protección ambiental e do equilibrio territorial; denominándose “Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar” (OF 1), “Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación” (OF 2), “Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social” (OF 3) e “Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible” (OF 4).

Ademais destes Obxectivos Finais Galicia establece **16 Obxectivos Intermedios (OI)** que responden ás prioridades europeas para o novo período de programación establecidas nas Directrices Estratéxicas para o crecemento e o emprego e arredor dos cales vehicularanse as diferentes actuacións que se porán en marcha a través da implementación dos seus POs de Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e Fondo Social Europeo (FSE).

O PO FSE Galicia está vinculado con 7 OI e con 3 OF da estratexia comunitaria da C.A.. Destaca a relación especial co OI 9, relacionado co mercado laboral, a igualdade de oportunidades e a inclusión social, o OI 10, que está relacionado coa adaptabilidade dos traballadores, o OI 11, que está dedicado ás melloras dos sistemas de formación e educación, e o OI 13, vinculado á promoción e prevención no mercado de traballo, todos eles contribuíntes do OF 3.

O PO FSE de Galicia, que alcanza 448,12 millóns de Euros de Custo total e 358,50 millóns de Euros de Axuda, de forma indicativa, estrutúrase en torno a **5 Eixes de intervención**.

A través do **Eixe 1 Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios** perséguese os seguintes obxectivos:

- ▲ Aumentar o nivel de cualificación dos traballadores, particularmente mulleres, potenciando a formación continua e aumentando o nivel de formación de traballadores e empresarios.
- ▲ Mellora da calidade do emprego con estabilidade e calidade, especialmente entre as mulleres.
- ▲ Incrementar e mellorar a creación e consolidación / modernización de empresas, favorecendo a capacidade de resposta ante as novas existencias do mercado.

Os Temas prioritarios deste Eixe 1 son o 62, 63, 64 e 68.

No Tema prioritario 62, relacionado coa aprendizaxe permanente nas empresas, destacan os indicadores Persoas beneficiarias de accións de formación continua - mulleres (realización) e Persoas que participaron en accións de formación continua e que manteñen o seu emprego ou o melloraron -mulleres- (resultado).

No Tema prioritario 63, relacionado coa forma de organizar o traballo, destacan os indicadores Persoas beneficiarias - homes (realización) e Persoas con contrato temporal ou por conta propia que se beneficiaron de contratos fixos -homes (resultado).

No Tema prioritario 64, relacionado cos servizos específicos para o emprego e a formación, destacan os indicadores Persoas beneficiarias - homes (realización) e Persoas que aumentaron a súa competitividade e adaptación ao mercado que melloraron as súas condicións ou posto de traballo (resultado).

E no Tema prioritario 68, relacionado co traballo por conta propia e a creación de empresas, destacan os indicadores Empresas creadas (resultado) e persoas beneficiarias - mulleres (realización).

O FSE do Eixe 1 alcanza 107,55 millóns de Euros, que representa o 30% do total da Axuda do PO, contribuíndo na súa totalidade á Estratexia de Lisboa.

As actuacións do **Eixe 2 Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre home e mulleres** teñen as seguintes finalidades:

- ♦ Incremento da taxa de emprego global, especialmente feminino, e mellora da empregabilidade especialmente dos colectivos vulnerables.

- ♦ Redución da taxa de desemprego, particularmente xuvenil, mulleres e maiores de 55 anos.
- ♦ Fomentar a conciliación e a inclusión social de colectivos en risco de exclusión (novos, desempregados, inmigrantes, minusválidos e persoas excluídas ou con risco de exclusión) e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Os Temas prioritarios deste Eixe 2 son o 65, 66, 69, 70, 71 e 80.

No Tema prioritario 65, relacionado coa modernización das institucións do mercado laboral, destaca o indicador Estudos / avaliacións (realización).

No Tema prioritario 66, relacionado con medidas activas e preventivas no mercado laboral, destaca o indicador Persoas beneficiadas - mulleres (realización) e Persoas en situación de desemprego, que foron beneficiarios de medidas activas de inserción laboral, que accederon a un contrato de traballo - mulleres (resultado).

No Tema prioritario 69, relacionado co acceso da muller ao mercado de traballo, destacan os indicadores Persoas beneficiarias - mulleres (realización) e Persoas beneficiarias de servizos para o coidado e atención de nenos ou persoas dependentes que se incorporaron ao mercado de traballo - mulleres (resultado).

No Tema prioritario 70, relacionado coa integración social e laboral dos inmigrantes, destacan os indicadores Persoas beneficiadas - mulleres e homes (realización) e Persoas inmigrantes contratadas - mulleres e homes (resultado).

No Tema prioritario 71, relacionado coa loita contra a discriminación no acceso ao mercado laboral, destacan os indicadores Persoas beneficiadas - homes (realización) e Persoas minusválidas contratadas - homes (resultado).

E no Tema prioritario 80, relacionado co fomento de colaboración, pactos e iniciativas, destaca o indicador Acordos/Convenios asinados (realización).

O FSE do Eixe 2 alcanza 107,55 millóns de Euros, que representa o 30% do total da Axuda do PO, contribuíndo á Estratexia de Lisboa 105,13 millóns de Euros.

Os obxectivos do **Eixe 3 Aumento e mellora capital humano** son os seguintes:

- ♦ Redución e prevención do abandono escolar.
- ♦ Incrementar a poboación con estudos secundarios, impulsando a formación profesional, reforzando os vínculos entre o sistema educativo e as empresas e mellorando os sistemas educativos e formativos que aseguren a adecuación da oferta de emprego ás demandas de traballo.
- ♦ Incremento de alumnos en ciencia e tecnoloxía, retendo o persoal cualificado, así como do número de investigadores en I+D+i e mellorar a súa formación.

Os Temas prioritarios deste Eixe 3 son a 72, 73 e 74.

No Tema prioritario 72, relacionado coa reforma dos sistemas de ensino e formación para desenvolver a empregabilidade, destacan os indicadores Persoas beneficiarias -

homes (realización) e Persoas que obtiveron un recoñecemento oficial das competencias adquiridas pola experiencia laboral - homes (resultado).

No Tema prioritario 73, relacionado coas medidas de prevención do abandono escolar e reforzo da formación inicial, destacan os indicadores Persoas beneficiadas - homes (realización) e Alumnos homes que participaron en accións de reforzo, orientación e apoio que permanecen no sistema educativo e/ou superaron a educación secundaria obrigatoria (resultado).

E no Tema prioritario 74, relacionado co desenvolvemento do potencial humano no ámbito da investigación e a innovación, destacan os indicadores Persoas beneficiadas - mulleres (realización) e investigadores ou persoal de apoio contratados por empresas - mulleres (resultado).

O FSE do Eixe 3 alcanza 125,48 millóns de Euros, que representa o 35% do total da Axuda do PO, contribuíndo na súa totalidade á Estratexia de Lisboa.

A través do **Eixe 4 Promover a cooperación transnacional e interrexional** preténdese fomentar o intercambio de información, experiencias, resultados e boas prácticas, así como o desenvolvemento de presentacións complementarias e actuacións conxuntas con outros Estados membros e con outras rexións españolas. A través das devanditas actuacións buscarase dar unha mellor resposta a determinadas problemáticas comúns e, deste xeito, contribuír ao crecemento e ao emprego da economía galega.

O Tema prioritario deste Eixe 4 é o 80, que está relacionado co fomento de colaboracións, pactos e iniciativas entre partes interesadas, establecendo como indicador o de Redes e asociacións (realización).

O FSE do Eixe 4 alcanza 10,76 millóns de Euros, que representa o 3% do total da Axuda do PO, non contribuíndo á Estratexia de Lisboa.

O **Eixe 5 Asistencia técnica** ten como finalidade o financiamento das actividades necesarias para unha axeitada xestión da programación, control, avaliación, auditoría e seguimento das actuacións propias da Asistencia técnica, de apoio técnico e administrativo ao resto das operacións dos outros 4 Eixes para o período 2007-2013.

Os Temas prioritarios deste Eixe 5 son o 85 e 86.

No Tema prioritario 85, relacionado coa preparación, execución, seguimento e inspección do programa, destaca o indicador Actuacións de control, seguimento e xestión desenvolvidas (realización).

No Tema prioritario 86, relacionado coa avaliación e estudos, información e comunicación do programa, destaca o indicador Actuacións de avaliación, de información e de estudos desenvolvidos (realización).

O FSE do Eixe 5 ascende 7,17 millóns de Euros, que representa o 2% do total da Axuda do PO, non contribuíndo á Estratexia de Lisboa.

DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN

A decorative blue geometric shape, resembling a stylized arrow or a corner bracket, pointing towards the right. It is located below the main title.

1.1. ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS


1.1.1. ASPECTOS DEMOGRÁFICOS

Os ámbitos de intervención do FSE vincúlanse de forma moi intensa cos aspectos demográficos do territorio, xa que estes condicionan a concreción daqueles. Co fin de adaptar as actuacións englobadas no Programa Operativo do FSE ás necesidades reais da poboación galega, procedeuse a realizar un diagnóstico da composición desta, así como dos seus colectivos máis representativos.

A poboación galega, segundo os últimos datos oficiais do IGE de xaneiro de 2005, é de 2.762.198 habitantes e dende o ano 1998 incrementou un 1,4% fronte ao 10,7% do resto do territorio nacional. Por tramos de idade a poboación que máis incrementou dende o período 1998 a 2005 foi a de maiores de 64 anos que gañou 2 puntos porcentuais, seguida da de entre 16 e 64 anos con 0,1. Con respecto ao grupo de poboación de menos de 16 anos produciuse unha redución de 2,04 puntos porcentuais en relación ao total de poboación. En España durante o período en cuestión tamén se rexistrou un aumento do peso do tramo de poboación entre 16 e 64 en 1 punto porcentual, seguida da poboación maior de 64 anos con 0,3 e da redución de 1,3 puntos do tramo de idade de menos de 16 anos. Este feito evidencia que tanto en Galicia coma en España existe unha tendencia de envellecemento da poboación que non obstante resulta máis marcada na rexión galega. Tal é así que o número de persoas maiores de 65 anos na comunidade galega durante o 2005, supón un 21,3% fronte a un 16,6% no total estatal.

Esta tendencia de envellecemento da poboación vese reforzada pola evolución menos dinámica da taxa de natalidade galega en relación á media española. A taxa de natalidade galega no 2004 situouse no 7,6%, 3 puntos porcentuais por debaixo de España, que alcanzou un 10,6% nese mesmo ano. Ao longo do período 1975-2004 a taxa de natalidade galega reduciuse un 52,5% fronte a unha diminución do 43,2% en España. Por provincias, tal como ilustra o Gráfico 1, Ourense e Lugo son as que rexistran un envellecemento máis marcado da poboación, situándose o peso do tramo de idade dos maiores de 65 anos en máis de 10 puntos porcentuais por enriba do tramo de idade dos menores de 20 anos.

Gráfico 1: Distribución poboacional por idade e por provincia (2005)




Fonte: IGE.

Este feito leva consigo que cada vez se incremente máis o peso da poboación dependente en Galicia, tal como ilustra o Gráfico 2. Para facer fronte a esta situación, a comunidade

galega en atención primaria e durante os últimos dez anos aumentou en máis dun 657% o número de centros de saúde, nun 100% o número de hospitais e nun 133% o de centros especializados.

Gráfico 2: Poboación dependente de Galicia (1998-2005)




Fonte: IGE.

En canto á distribución da poboación cabe comentar que se reparte de forma moi desigual entre as distintas provincias. O 74,8% desta concéntrase principalmente nas provincias con máis quilómetros de litoral (Pontevedra e A Coruña). Este feito responde principalmente a dous factores: o aproveitamento dos importantes recursos pesqueiros e a busca de climas máis suaves e húmidos onde abunda a auga, ademais de concentrarse nestas dúas provincias as principais cidades galegas e as maiores oportunidades laborais.

A dispersión poboacional de Galicia é elevada e superior á do resto de España, distribuíndose os seus habitantes en 29.998 entidades singulares, que representan aproximadamente a metade das existentes en todo o territorio nacional. Se a este feito engádeselle o intensivo minifundio parceiro e a accidentada orografía do terreo, obtense como resultado, uns elevados custos de creación de infraestruturas, que non permiten aproveitar as vantaxes económicas (economías de escala, optimización dos custos de loxística, etc...) das que gozan outros territorios con núcleos de poboación máis centralizados.

Con respecto á súa distribución poboacional, a comunidade galega, posúe un elevado número de núcleos de poboación rural, que se concentran fundamentalmente nas provincias de Lugo e Pontevedra, onde a poboación residente en entidades singulares menores de 5.000 habitantes alcanza respectivamente o 62,6% e o 61,0% no ano 2005, tal como se ilustra no Gráfico 3.

Gráfico 3: Poboación en entidades singulares de menos de 5.000 habitantes (2005)



Fonte: IGE.

Na actualidade existe unha tendencia á desruralización, que queda reflectida na evolución das entidades singulares de poboación de menos de 5.000 habitantes, que pasaron de representar un 61,5% da poboación total en 1999 a un 59,9% no 2005.

A poboación residente nas principais cidades galegas foi aumentando como consecuencia deste fenómeno de desruralización: a poboación que reside nas sete cidades principais da rexión (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo) representa xa un 36,74% do total.

Na actualidade as principais migracións interprovinciais son con destino ás provincias de A Coruña e Pontevedra; provincias onde se concentran os principais núcleos urbanos como A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Pontevedra e Vigo.

Este feito testemúñao os constantes cambios de residencia procedentes dos diferentes municipios galegos con destino aos concellos pertencentes ás bisbarrias das sete grandes cidades galegas, que conforman o 62,4% das migracións internas. Isto vén a significar, como se pode apreciar na Táboa 1 de migracións internas de dobre entrada (orixe-destino) que as entradas de poboación nas provincias de A Coruña e Pontevedra procedentes das provincias de Lugo e Ourense son superiores ás saídas con destino a estas mesmas provincias. As migracións de maior peso son as que se producen entre municipios dunha mesma provincia, o cal podería deberse a desprazamentos dende o contorno rural cara ás cidades e municipios limítrofes a estas.

Táboa 1: Migracións internas. Ano 2004

Migracións internas. Ano 2004				
Orixe	Destino			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
A Coruña	23.312	926	417	1.662
Lugo	1.264	4.215	302	440
Ourense	665	300	6.053	1.212
Pontevedra	1.956	361	904	13.323

Fonte: INE.

O feito de que a demanda de traballo proceda fundamentalmente destas cidades xera desprazamentos migratorios constantes, especialmente cara aos núcleos de poboación limítrofes a estas. Isto débese fundamentalmente a factores tales como o encarecemento das vivendas nos núcleos urbanos ou a proximidade ás zonas de emprego, fundamentalmente de polígonos industriais.

Aos desprazamentos interautonómicos, únense os movementos de e cara a outras comunidades, que se ilustran na Táboa 2, a pesar de que as migracións de Galicia a outras comunidades autónomas diminuíron con respecto aos últimos 5 anos, no 2004 aínda se rexistraba un elevado saldo migratorio interautonómico negativo (-1.877), orixinado xeralmente por motivos laborais. Este punto hai que enlazalo cun dos grandes problemas aos que se enfronta a sociedade galega, o abandono da rexión por parte da xeración de novos universitarios por déficit dunha oferta de emprego cualificada. Non obstante, cabe destacar en contraposición ao anterior que nese mesmo ano o saldo migratorio estranxeiro foi positivo con 16.929 persoas.

Táboa 2: Movementos migratorios 1995-2004 de Galicia

Ano	Total Emigración externa	A outra comunidade	Ao estranxeiro	Total Inmigración externa	De outra comunidade	Do estranxeiro	Saldo migratorio externo	Co resto de España	Co estranxeiro
1995	10.410	10.410	..	14.365	10.011	4.354	3.955	-399	4.354
1996	8.110	8.110	..	9.638	6.434	3.204	1.528	-1.676	3.204
1997	11.653	11.653	..	15.423	9.515	5.908	3.770	-2.138	5.908
1998	14.169	14.169	..	17.445	10.595	6.850	3.276	-3.574	6.850
1999	15.880	15.880	..	19.248	10.742	8.506	3.368	-5.138	8.506
2000	17.281	17.281	..	24.175	11.628	12.547	6.894	-5.653	12.547
2001	16.028	16.028	..	23.194	11.799	11.395	7.166	-4.229	11.395
2002	22.877	18.684	4.193	33.218	15.032	18.186	10.341	-3.652	13.993
2003	22.548	20.297	2.251	33.723	16.670	17.053	11.175	-3.627	14.802
2004	22.645	20.208	2.437	37.697	18.331	19.366	15.052	-1.877	16.929

Fonte: INE.


No ano 2005 a poboación galega ascendía un total de 2.762.198, composta nun 48,17% por homes e nun 51,82% por mulleres. En España estas porcentaxes situábanse nun 49,38% para os homes e do 50,62% para as mulleres.

Convén entón observar, con máis detalle, a distribución da poboación galega por idades e sexos. En Galicia, como na maioría das CCAA do Estado español, a estrutura da poboación por grupos de idades mostra como os segmentos superiores da pirámide de poboación son

Observando o anterior Gráfico obsérvase como o custo total por traballador e mes experimentou en Galicia un incremento acumulado do 23,58% entre os anos 2000 e o 2006, fronte ao aumento acumulado do 24,20% calculado para España.

Por Comunidades Autónomas, os custos laborais máis elevados corresponden á Comunidade de Madrid (2.586,0 euros por traballador e mes como media do exercicio 2006), País Vasco (2.509,3 euros) e Comunidade Foral de Navarra (2.416,6 euros). Pola contra, Extremadura (1.775,1 euros), Canarias (1.819,8 euros), a Rexión de Murcia (1.868,3 euros) e Galicia (1.895,3 euros) son as rexións que presentan os custos laborais máis baixos (Gráfico 24).

Gráfico 24: Custos mensuais totais por traballador nas rexións de España – Ano 2006




Fonte: Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE.

O custo laboral por hora efectiva do sistema produtivo galego foi estimado polo INE en 13,95 euros como media do ano 2006, cifra que representa o 86,75% do custo por hora efectiva calculado para o conxunto da economía española (16,08 euros no ano 2006) (Gráfico 25).

O custo global de 13,95 euros correspondente a Galicia analízase en 14,91 euros de custo por hora efectiva no sector da industria (o valor sobe 17,89 en España), 12,93 euros por hora estimados para o sector galego da construción (valor que se incrementa ata 14,53 euros por hora en España) e 13,84 euros por hora dentro do sector de servizos (o custo neste sector ascende a 15,92 euros por hora en España).

Gráfico 25: Custo laboral por hora efectiva en Galicia e España – Ano 2006




Fonte: Enquisa Trimestral de Custo Laboral elaborada polo INE.

Por outra banda, a produtividade definida como o cociente entre o PIB a prezos correntes e a poboación ocupada evolucionou de xeito favorable durante o período 1997-2005. O Gráfico 26 mostra a evolución da produtividade en Galicia, España e UE-15 ao longo do período 1997-2005 sobre a base UE-25=100. A partir do cruzamento de datos entre o INE e EUROSTAT obsérvase como o valor galego converxeu en 2,5 puntos con respecto ao comunitario, posto que a produtividade da rexión pasou de representar o 80,4% do valor da UE-25 a equivaler ao 82,9% no exercicio 2005.

Esta favorable evolución presenta un carácter positivo adicional se se considera que ao longo do mesmo período, a produtividade española perdeu 4,0 puntos de converxencia con respecto a a UE-25, pasando de situarse no 101,1% da media da UE-25 en 1997 a un 97,1% no 2005.


Gráfico 26: Evolución da produtividade (PIB en paridades de poder de compra por persoa ocupada) sobre a base UE-25=100



Fonte: elaboración propia, a partir do cruce de datos entre INE e EUROSTAT.

O Gráfico 27 mostra un enfoque similar sobre a evolución da produtividade galega, pero referido á base España=100. A produtividade galega, medida en termos de PIB sobre o total de poboación ocupada, gañou 5,9 puntos de converxencia con respecto ao marco estatal. De feito, a produtividade galega pasou de equivaler ao 79,5% da española no ano 1997 a un 85,4% no 2005.

Gráfico 27: Evolución da produtividade galega (PIB en paridades de poder de compra por persoa ocupada) sobre a base España=100




Fonte: elaboración propia a partir do cruce de datos entre INE e EUROSTAT.

Non obstante, é preciso matizar que esta relevante aproximación da produtividade galega á media española, se produciu pola acción conxunta de dous factores: dunha parte, a mellora na eficacia dos principais sistemas produtivos da economía galega, e doutra, o transvasamento de poboación activa dende as actividades menos produtivas do sector primario a outros sectores. Este segundo factor está practicamente esgotado, dado que o proceso de reestruturación das estruturas agrarias vivido por Galicia nas últimas décadas está practicamente rematado, polo que no futuro, a converxencia da produtividade galega cos valores estatal e comunitario, deberá basearse exclusivamente na mellora da eficiencia dos métodos produtivos e no incremento da cualificación da man de obra, máis que no transvasamento de traballadores dos sectores menos produtivos aos de maior produtividade.

A xeito de recapitulación deste punto podería indicarse que:

- ♦ A economía galega mellorou de forma notoria o seu mercado de traballo nos últimos anos. Como xa se tivo ocasión de apuntar, o desemprego, que constituía o principal desequilibrio da estrutura económica galega, experimentou unha substancial corrección, o que queda perfectamente reflectido no Gráfico 28.

Gráfico 28: Evolución da taxa de paro en Galicia e España (1996-2006)



Fonte: EPA.

- ♦ Non obstante, a evolución non foi tan favorable se se comparan as fotos fixas da taxa de actividade de 16 anos e máis e da taxa de emprego de 16 anos e máis entre Galicia e España en dous momentos concretos de tempo, os anos 1996 e o 2006. Tal como se observa nos Gráficos 29 e 30, as taxas españolas experimentaron un incremento acumulado máis elevado que as galegas.

Gráfico 29: Taxa de actividade 16 e máis anos





Gráfico 30: Taxa de emprego 16 e máis anos



Fonte: EPA.

- ♦ A taxa de actividade, que ten un marcado comportamento procíclico, creceu a un ritmo moi inferior á nacional (Gráfico 29). Polo tanto, a presión á alza exercida polo carácter expansivo do período foi parcialmente contrarrestada polo progresivo envellecemento da poboación galega, feito que sen dúbida, constitúe un dos principais problemas desta comunidade.
- ♦ Outro tanto sucede coa taxa de emprego galega, que no ano 1996 era superior e que, dende 1997, non só é máis baixa senón que, ademais, presenta un diferencial crecente respecto á media española (Gráfico 30).
- ♦ En definitiva, a poboación ocupada creceu considerablemente menos en Galicia, de aí que a cota no emprego nacional diminuíra dun 7,3% durante o ano 1996 a un 5,90% no 2006. Iso non se debe só á sangría ocupacional sufrida por un sector agrario en pleno axuste estrutural, senón tamén á menor xeración de emprego por parte das actividades non agrarias. En efecto, ao longo dese decenio a participación galega nos 6,6 millóns de empregos non agrarios creados pola economía española limitouse a un 4,7%, cifra sensiblemente inferior á cota na situación de partida: 6,2%.
- ♦ Por outro lado, convén recordar que a temporalidade mantén unha tenaz resistencia á baixa. É máis, aumentou lixeiramente, pasando a fracción dos asalariados con contrato temporal dun 32,4% en 1995 a un 34,9% en 2006, cando en España o que se rexistrou é un pequeno descenso. É sabido que semellante proporción só en parte se xustifica pola estacionalidade da actividade produtiva en determinados sectores e que, en boa medida, é o resultado dunha indesexable precarización das relacións laborais que é necesario corrixir.
- ♦ Por último, hai que sinalar que o custo laboral por traballador é sensiblemente máis baixo en Galicia, situándose actualmente en torno ao 86%-87% da media correspondente ao total estatal, mesmo rexistrando unha leve caída en termos relativos, todo iso nun contexto nacional de moderación salarial que resultou moi favorecedor no que concirne á creación de emprego.
- ♦ En relación á segregación por xénero, obsérvase que en Galicia, a taxa feminina de emprego referida ao grupo de idade 16-64 anos (54,88%) e a taxa de actividade feminina para o tramo 16-64 anos (62,03%) rexistran no exercicio 2006 uns valores próximos aos de España, as taxas femininas da cal de emprego e de actividade para este intervalo de idade foron, respectivamente, dun 53,97% e dun 61,05%.

- ♦ Despois de catro anos consecutivos, nos cales o desemprego feminino fora máis pronunciado en Galicia que en España (no ano 2005, a taxa galega de paro feminino, estimada nun 13,5%, superara en 1,3 puntos o valor español, 12,2%), o exercicio 2006 supuxo a plena equiparación entre ambos os dous contextos, quedando fixado este ratio nun 11,45% para Galicia e nun 11,56% para España. A alta participación da muller galega nas tarefas agrícolas e gandeiras condicionan de forma moi relevante estes datos de emprego.
- ♦ Así mesmo, Galicia vén mostrando unha evolución positiva en termos de desemprego xuvenil. O desemprego xuvenil galego rexistra en 2006 unha taxa do 17,98% fronte ao 17,93% español. A evolución recente deste indicador evidencia unha importante redución do seu valor ao longo dos anos, xa que a taxa de paro xuvenil galega, que oscilara entre o 24,3% e o 25,7% durante o período 2001-2004, conseguiu situarse nun 21,0% no 2005 para despois situarse no mencionado 17,98% no 2006.

1.2.2. PRODUTIVIDADE LABORAL

A produtividade definida como o PIB a prezos correntes entre a poboación ocupada evolucionou de xeito favorable durante o período (1998-2004) en Galicia, crecendo un 5% de media anual fronte a un 3,03%, un 3,43% e un 2,96% de crecemento medio anual de España, a UE-25 e UE-15 respectivamente. Este é un dos elementos clave nos que maior diferencial se observa coa media nacional e europea. A pesar diso a produtividade en Galicia continúa por debaixo dos seus referentes nacionais e europeos.

A produtividade do traballo foi, como xa se expuxo, o único dos tres factores que actuou en pro da converxencia da renda por habitante coa media nacional. De feito, se as taxas de actividade e de ocupación permanecesen estables respecto ás españolas, o PIBpc galego en 2005 só distaría 4,5 p.p. do correspondente ao conxunto estatal en vez de o realmente existente, que cuadriplica ao anterior. Simulación que se pode facer pero que, na práctica, adoece dunha seria limitación, é dicir, as ganancias de produtividade máis elevadas da economía galega están intimamente conectadas co comportamento seguido pola ocupación.

A produtividade do traballo a nivel agregado é a media aritmética ponderada das produtividades sectoriais, actuando as participacións de cada rama no emprego total como ponderacións:

$$PAT = \sum_{i=1}^n PAT_i \times \frac{E_i}{E}$$


Polo tanto, a progresión da produtividade agregada pódese deber a un aumento das produtividades sectoriais e/ou unha redistribución intersectorial do factor traballo. Cando unha economía acumula certo atraso relativo e, por iso, ten un sector agrario sobredimensionado, o potencial de crecemento da produtividade é moi elevado posto que a diminución do seu peso ocupacional preme á alza sobre o nivel agregado de eficiencia mediante un efecto composición. Ese é o escenario no que hai que encadrar o progreso da produtividade do traballo de Galicia que, por outro lado, foi moi limitado, chamando só a atención pola súa evolución con respecto ao conxunto español, se ben o seu nivel en 2005 equivalía só ao 85% da media española.

No caso de Galicia, en 1995 o sector primario absorbía o 22,1% do emprego total; proporción que baixou á metade (11,1%) en 2005; esa reasignación do factor traballo a favor dos sectores con maior nivel de eficiencia provoca por si mesmo un incremento da produtividade agregada, ao que hai que sumar o resultante da alza das produtividades sectoriais. Máis concretamente, entre 1995 e 2005 a recomposición sectorial do emprego explica, por si mesma, a terceira parte das ganancias da produtividade no conxunto da economía galega, correspondendo os dous terzos restantes aos aumentos sectoriais. Obviamente, a gradual equiparación da estrutura ocupacional da economía galega coa española supón que, no futuro, ese vector que xogou a favor da mellora da produtividade perda poder de arrastre e, polo tanto, sobre a renda por habitante, tanto en termos absolutos como relativos.

O anterior quere dicir que as ganancias da produtividade agregada terán que basearse cada vez máis en dous elementos: a) A reasignación do factor traballo a favor das actividades máis eficientes en cada rama como, por exemplo, o incremento do peso ocupacional das manufacturas avanzadas en detrimento das tradicionais; b) O incremento da produtividade do traballo en todos os subsectores do aparato produtivo, particularmente nas esferas con maior achega ao emprego agregado.

O Gráfico 31 mostra o longo camiño que hai que percorrer para conseguir a converxencia coa produtividade española que, por outra parte, deberá crecer vigorosamente para que se poida igualar coa das economías europeas máis eficientes. En efecto, en 2005 só o sector Construción gozaba dun nivel de produtividade por enriba da media nacional. No resto das ramas, a produtividade galega situábase por debaixo do 90% do nivel español: a) O forte descenso do emprego primario permitiu recortar en máis de 20 puntos este diferencial, o que non obsta para que en 2005 a produtividade equivalla, en números redondos, ao 60% da española; b) Nas actividades enerxéticas a produtividade media rexistrou unha lixeira erosión en termos relativos, de modo que en 2005 rolda o 85% da cifra correspondente ao conxunto da rama nacional; c) A produtividade industrial mellorou sensiblemente, reducindo o diferencial desfavorable á metade, polo que en 2005 se cifraba en pouco máis de 10 puntos; d) Resultado positivo que se reproduce, aínda que con menor intensidade, en Servizos de mercado; e) A produtividade relativa de Servizos de non mercado permaneceu estabilizada nun nivel próximo ao 80%.

Gráfico 31: Produtividade aparente do traballo. Galicia (España = 100)



Fonte: elaboración propia.

1.2.3. COLECTIVOS EN RISCO DE EXCLUSIÓN

Os inmigrantes no mercado laboral galego

Tendo en conta que o saldo migratorio de Galicia é positivo debido ao incremento de poboación estranxeira dos últimos anos fai que se formule a necesidade de contar con este colectivo e coa súa participación no mercado de traballo á hora a de desenvolver futuros plans de emprego. A continuación analizarase se o devandito incremento supón unha carga (custos sanitarios) ou unha vantaxe (eleven a taxa de ocupación). Para iso analizouse a taxa de activos potenciais deste colectivo.

Táboa 8: Taxa potencial de activos inmigrantes

Poboación		
(15-64 anos)	Total	
56.957	69.363	82,11%

Fonte: IGE.

O resultado é moi satisfactorio xa que o 82,11% do total de poboación inmigrante en Galicia está en idade de traballar, e polo tanto non debería ser unha carga social, non obstante o que resulta máis preocupante é que só o 36,32% está dado de alta na Seguridade Social (Táboas 8 e 9).

Táboa 9: Traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral (Media anual)

	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005
A Coruña	1.969	2.234	2.963	3.825	4.555	5.864	8.170
Lugo	975	1.070	1.317	1.669	2.026	2.452	3.112
Ourense	1.201	1.344	1.587	1.771	1.957	2.338	2.989
Pontevedra	2.767	3.202	4.131	5.301	6.475	8.036	10.921
Galicia	6.912	7.850	9.998	12.566	15.013	18.690	25.192

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Boletín de estadísticas laborales.

Por outra banda, analizando a taxa de actividade segundo a nacionalidade dos traballadores en Galicia, cabe destacar que a taxa relativa a activos comunitarios é equivalente á rexistrada a nivel estatal.

Táboa 10: Taxa de actividade por nacionalidade en Galicia e España, 2005

	Total	Española	Estranxeira: Total	Estranxeira: UE	Estranxeira: Non pertencentes á UE
España	57,35	55,67	75,48	57,48	79,09
Galicia	53,04	52,75	63,98	56,92	66,05

Fonte: EPA (INE).

En Galicia, de entre todos os traballadores estranxeiros, os que presentan unha maior taxa de actividade son aqueles que proceden de fóra da Unión Europea, sendo as taxas de actividade do 56,92% para os comunitarios e do 66,05% para os non comunitarios, feito que evidencia un comportamento parecido ao do resto do estado (Táboa 10).

En canto á perspectiva de xénero, no caso da poboación estranxeira reflíctese a mesma tendencia que a existente entre a poboación nacional e rexional, é dicir a maior actividade e ocupación do colectivo masculino (72,27% e 65,98%) fronte ao feminino (57,44% e 41,79%).

Estas cifras poderían explicarse a través do modo no que a muller inmigrante se insire no mercado de traballo. É posible que as mulleres, en maior medida que os homes, se ocupen de actividades económicas que, debido á súa natureza, non requiran a alta laboral ou ben formen parte da economía encuberta. Non obstante este feito non é suficiente para explicar unhas taxas inferiores ás dos homes, debido a que, á vista das taxas de paro, estas ofrecen tamén porcentaxes moi superiores ás masculinas, cun 27,24% fronte ao 8,71%, que se eleva ao 31,05% no caso das procedentes da UE. No ámbito estatal a taxa de paro feminina da poboación estranxeira é do 13,96% fronte ao 9,45% da masculina.

1.2.4. OS MOZOS NO MERCADO LABORAL

Atendendo á poboación moza durante o exercicio 2006, a taxa de actividade para os mozos galegos de entre 16 e 24 anos situouse 1,54 puntos porcentuais por debaixo da dos mozos españois, sendo as mesmas do 44,55% en Galicia e do 46,09% en España. Os mozos galegos presentaban no ano 2006, unha taxa de paro lixeiramente superior á dos españois, ascendendo a un 17,98% o valor galego e a un 17,26% o español.

Táboa 11: Indicadores laborais para os mozos en Galicia e España por xénero. Media 2006

INDICADOR		GALICIA-2006	ESPAÑA-2006
Taxa de actividade xuvenil (Poboación activa 16-24 anos / Poboación 16-24 anos)	Ambos os dous sexos	44,55	46,09
	Homes	49,92	51,57
	Mulleres	38,97	40,37
Taxa de ocupación xuvenil (Poboación ocupada 16-24 anos / Poboación 16-24 anos)	Ambos os dous sexos	36,54	38,11
	Homes	42,94	44,49
	Mulleres	29,89	31,47
Taxa de paro xuvenil (Poboación parada 16-24 anos / Poboación 16-24 anos)	Ambos os dous sexos	17,98	17,26
	Homes	14,00	13,65
	Mulleres	23,36	22,19

Fonte: EPA.

A incorporación da muller ao mercado laboral durante o ano 2006 alcanza en Galicia uns valores inferiores aos de España. De feito, a taxa galega de ocupación feminina no tramo de idade entre 16 e 24 anos ascende ao 29,89%, situándose 1,58 puntos por debaixo da española, estimada nun 31,47%.


Tanto no marco estatal coma no autonómico, prodúcese unha brecha de xénero na ocupación, posto que as taxas de ocupación femininas alcanzan uns valores manifestamente inferiores ás masculinas en ambos os dous contextos. Esta diferenza de xénero tamén se confirma no estrato da poboación xuvenil.

No ano 2006 a taxa de ocupación feminina da poboación nova galega (29,89%) sitúase 13,05 puntos por debaixo da masculina (42,94%). Esta diverxencia tan acusada, tamén se produce no conxunto español, onde o diferencial se eleva a 13,02 puntos, xa que a taxa española de ocupación masculina xuvenil ascendía en 2006 a un 44,49% e a feminina a un 31,47%.

Analizando as taxas de paro xuvenil, obsérvase que os rexistros autonómico e estatal son moi similares (17,98% en Galicia e 17,26% en España, como media do 2006). Non obstante, ao afondar na perspectiva de xénero, obsérvase como a maior diverxencia entre o contexto rexional e o estatal se produce na vertente feminina, xa que mentres que a taxa galega de desemprego feminino xuvenil (23,36% como media do 2006) supera en 1,17 puntos á española (estimada nun 22,19), a diferenza para as taxas masculinas redúcese a 0,35 puntos (14,00% para o ratio galego e 13,65% para o español) (Táboa 11).

Para integrar nunha mesma análise, os indicadores laborais asociados aos novos galegos, os españois e os comunitarios, achégase o Gráfico 32, que ofrece unha síntese comparativa e actualizada a primeiros do ano 2007 dos principais indicadores laborais asociados á poboación nova nos tres ámbitos territoriais considerados.

Gráfico 32: Taxas xuvenís de actividade, ocupación e desemprego en Galicia, España e UE-25 – 2007



Fonte: EPA e EUROSTAT.

1.2.5. SINISTRALIDADE LABORAL

Outra das características do mercado laboral español, no seu conxunto, é a súa elevada sinistralidade. Por iso reducir a sinistralidade media, como índice de incidencia por cada cen mil traballadores, nun 15% é outro dos obxectivos que se establece no PNR para o 2010.

Pola súa banda, en 2004 tiveron lugar en Galicia 49.330 accidentes que supuxeron a baixa laboral dos traballadores, dos cales 45.287 tiveron lugar durante a xornada de traballo e 4.043 durante o desprazamento dos traballadores a este. Estes accidentes viñan presentando unha tendencia crecente dende 1997 ata 2001. En 2002 hai unha redución importante dos mesmos, diminuíndose respecto ao ano anterior nun 1,53%. Non obstante no 2003 volven incrementarse os accidentes nun 2,5%, volvéndose reducir no 2004 nun 0,78% (Gráfico 33).

Gráfico 33: Evolución dos índices de siniestralidade laboral en España e Galicia

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
TOTAL								
España	1.332.161	1.489.182	1.677.860	1.793.911	1.874.117	1.821.157	ND	ND
Galicia	67.108	74.959	85.344	85.270	91.015	99.273	ND	ND
CON BAIXA								
España	723.090	806.819	931.813	1.005.289	1.024.936	1.016.670	954.847	955.744
Galicia	35.048	39.233	44.791	46.924	49.260	48.503	49.719	49.330
En xornada de traballo								
España	677.138	753.396	869.161	932.932	946.600	938.188	874.724	871.724
Galicia	32.699	36.500	41.499	43.347	45.535	45.216	44.854	45.287
In itinere								
España	45.952	53.423	62.652	72.357	78.336	78.482	80.123	84.020
Galicia	2.349	2.733	3.292	3.577	3.725	3.287	4.865	4.043
SEN BAIXA								
España	609.071	682.363	746.047	788.622	849.181	804.487	ND	ND
Galicia	32.060	35.726	40.553	38.346	41.755	50.770	ND	ND

Fonte: INE e elaboración propia.

Analizando a gravidade dos accidentes, obsérvase que tanto a nivel nacional coma a nivel galego, os accidentes mortais diminuíron, ascendendo no ano 2004 a 968 accidentes laborais mortais en toda España e 77 accidentes en Galicia (Gráfico 34).

Gráfico 34: Gravidade dos accidentes laborais con baixa acontecidos durante a xornada de traballo en España e Galicia dende 1997 ata 2004

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
TOTAL								
España	677.138	753.396	869.161	932.932	946.600	938.188	874.724	871.724
Galicia	32.699	36.500	41.499	43.347	45.535	45.216	44.854	45.287
LEVES								
España	665.565	741.455	856.286	920.156	933.484	925.201	862.588	860.304
Galicia	31.739	35.538	40.455	42.336	44.538	44.263	43.811	44.273
GRAVES								
España	10.515	10.866	11.771	11.640	12.086	11.886	11.116	10.452
Galicia	853	846	929	881	907	854	947	937
MORTAIS								
España	1.058	1.075	1.104	1.136	1.030	1.101	1.020	968
Galicia	107	116	115	130	90	99	96	77

Fonte: Ministerio de Trabajo.

A precariedade laboral e a baixa cualificación profesional son algunhas das principais causas da siniestralidade polo que en consecuencia, á redución destes índices haberá que optar pola posta en marcha dun enfoque integrado que vele pola mellora das condicións laborais, atendendo ás necesidades específicas detectadas en materia de saúde e seguridade no traballo.

1.3. NIVEIS EDUCATIVOS E CUALIFICACIÓN DO CAPITAL HUMANO

Nun contexto internacional caracterizado pola entrada puxante de países emerxentes extremadamente competitivos en termos de man de obra barata, o próximo liderado mundial deberase xogar forzosamente en termos do nivel de coñecementos e preparación do capital humano.

Por estes motivos, o conxunto dos países europeos decidiu, seguindo o exemplo de países como Estados Unidos ou Xapón, facer unha aposta decidida pola educación e a formación dos seus actuais e potenciais traballadores, elevando os niveis de investimento en educación e prestando maior atención a un modelo de ensino baseado no ciclo da vida (“lifelong learning”). O capital humano, entendido como o “conxunto de coñecementos, adestramento e habilidades posuídas polas persoas que as capacitan para realizar labores produtivos con distintos graos de complexidade e especialización”, será o Eixe sobre o cal pivotará a futura estratexia europea de recursos humanos, co fin de obter un incremento da produtividade e a competitividade europeas e por conseguinte unha mellora da calidade da vida dos cidadáns.

A dotación de capital humano da economía galega atópase actualmente por debaixo dos niveis españois e europeos, tanto en termos cualitativos como cuantitativos.

Polo que se refire aos niveis de escolarización, Galicia afástase aínda do Obxectivo de Lisboa de que polo menos o 85% das persoas maiores de 22 anos remataran a educación secundaria. En 2004 soamente o 64% da poboación maior de 22 anos contaba cun diploma de estudos secundarios, aínda que cabe sinalar que este dato supera a media española do 62,55%.

A taxa de abandono escolar tamén se mantén en niveis moi elevados en comparación coas demais rexións europeas. A taxa de abandono escolar, sitúase en Galicia nun 22,7% fronte ao 30,8% do conxunto español. Malia os mellores resultados desta rexión en comparación coa media nacional compróbase que Galicia, co fin de alcanzar o Obxectivo de Lisboa de conseguir unha taxa de abandono escolar do 10%, debería reducir en máis da metade os seus resultados actuais.

As principais consecuencias do elevado índice de abandono escolar prematuro tradúcense nuns elevados niveis de precariedade laboral entre os mozos, na ocupación destes mozos en actividades de pouca cualificación e con pouca remuneración salarial e no incremento do desemprego xuvenil.

Por outra parte, a incapacidade por parte do tecido empresarial galega de ofrecer oportunidades de carreira para os seus novos máis cualificados dá lugar ao chamado fenómeno da “fuga de cerebros”. Existe certa unanimidade sobre os efectos perversos que está a ter en Galicia este fenómeno, polo cal unha proporción importante da poboación profesional altamente cualificada e capacitada emigra a outra rexión ou país que ofrece maiores oportunidades económicas e sociais.

Galicia presenta un saldo migratorio interautonómico negativo (-1.877 persoas en 2004), debido ao elevado número de galegos que deciden instalarse nunha comunidade autónoma que ofrece maiores oportunidades de emprego e unha economía máis dinámica e competitiva.


Este feito vese agravado por tres causas fundamentais: primeiro, o déficit galego en investimento en I+D+i que implica a escasa oferta de contratación laboral neste ámbito e por conseguinte a continua precariedade laboral dos licenciados e os investigadores; segundo, pola falta de dinamismo do tecido empresarial galego e a concentración en actividades con poucas necesidades de traballadores cualificados e con elevadas taxas de temporalidade; e por último, pola falta de correspondencia entre a preparación ofertada polas universidades e as verdadeiras necesidades das empresas presentes no territorio.

Por último sinalar que en materia de formación continua, España presenta uns índices moi por debaixo da media comunitaria (un 5% fronte a un 9%); se ben a porcentaxe de persoas entre 25 e 64 anos que recibiron algún curso de formación no último mes con respecto ao total do devandito intervalo de idade é superior en España á media da UE-25, 12,1% e 11%, respectivamente. No caso de Galicia, esta porcentaxe sitúase nun 10,5% en 2005, dato que se ben se achega á media europea, está lonxe das taxas rexistradas por países como Suecia, Dinamarca e Reino Unido, á cabeza da UE en termos de creación de emprego e innovación.

O Gráfico 35 permite visualizar a distribución por sexos da poboación de 16 e máis anos segundo o nivel de educación alcanzado. As maiores diferenzas de xénero obsérvanse nos niveis educativos inferiores, mentres que a partir da educación secundaria obrigatoria, se produce unha equiparación. De acordo cos datos da EPA de 2005, son mulleres o 75,2% dos analfabetos e o 56,7% das persoas con estudos primarios.

Non obstante, estes valores están condicionados polo feito de considerar o global da poboación maior de 16 anos. As maiores diferenzas prodúcense nos tramos de idade máis elevados, xa que como se mostra na Táboa 12, no ano 2004 o 62,99% das mulleres de 55 a 64 anos carecían de estudos, fronte ao 39,08% correspondente ao grupo de idade 25-34 anos.

Gráfico 35: Distribución por sexos segundo o nivel de formación alcanzado en Galicia. Ano 2005



Fonte: EPA-INE.

O Gráfico anterior tamén reflicte que o único nivel educativo onde a presenza masculina supera a feminina é na educación secundaria obrigatoria (o total de persoas que superaran este nivel no ano 2005 desagregase nun 46,3% de mulleres e nun 53,7% de homes).

É destacable a participación feminina na educación superior, xa que as mulleres representan o 52,0% da poboación con estudos universitarios, fronte ao 48% dos homes.


As pautas xerais da educación dende unha perspectiva de xénero indícanos que, se se observa o alumnado nas xeracións de menor idade pode comprobarse como a distribución por sexos é bastante paritaria. En concreto, en 2004, segundo datos sobre nivel formativo da poboación galega do INE, durante a etapa infantil e primaria os niveis de representación das mulleres sitúanse en torno ao 48% como resultado do maior número de nacementos de homes. Idéntica tendencia obsérvase durante a etapa obrigatoria, incluída a ESO.

A análise das opcións de bacharelato xa comeza a dar mostra da existencia de preferencias diferenciadas en razón do sexo que, en ocasións, son reforzadas tanto durante o proceso de socialización como a través das propias políticas públicas que persisten nunha determinada oferta formativa. Esta distribución por xénero e modalidades formativas constitúe, o que se veu en chamar, segregación ocupacional e que consiste nunha sobrerrepresentación de mulleres ou homes en determinados estudos.

Esta distribución formativa diferenciada de mulleres e homes adoita coincidir, ademais, con aquelas ramas profesionais que no seu contexto sociocultural se consideran “propias” de mulleres ou de homes e condiciona, en boa medida, o itinerario laboral posterior das persoas.

O Gráfico 36 mostra como as mozas galegas optan por enriba da media do alumnado, situada nun 43%, polo bacharelato de Humanidades e Sociais. En concreto, 51 de cada 100 mulleres que estudan bacharelato, é dicir, algo máis da metade, optan pola opción de Humanidades. A segunda opción de bacharelato máis común entre as mozas galegas é a de Ciencias da Natureza e da Saúde (que para o conxunto dos mozos é do 44%) que é elixida polo 41% das mulleres. Pola súa parte, fronte a un 10% do alumnado que se decanta pola modalidade de Ciencia e Tecnoloxía, as mozas galegas só a prefiren nun 4% dos casos. É dicir, as alumnas de bacharelato estudan case dez puntos porcentuais máis a modalidade de Humanidades, algo menos que os seus compañeiros homes a modalidade de Ciencias e algo menos da metade que eles a modalidade de Tecnoloxía.

Gráfico 36: Distribución das mulleres galegas matriculadas en 1º de Bacharelato por modalidades. Curso 2003-2004




Fonte: MEC e elaboración propia.

A evolución do mercado laboral pon de manifesto que as oportunidades de inserción laboral das Humanidades son menores que as da modalidade tecnolóxica e, non obstante, é posible que moitas mulleres non consideren esta opción porque interiorizaron un rol feminino estereotipado.

Ademais, as mulleres novas galegas estudan bacharelato en maior proporción (un 5% en 2004) que os rapaces que se decantan máis que as rapazas pola formación profesional de grao medio. En concreto, en 2004 de cada 100 mozos que estudaron formación profesional regulada, 60 foron homes e 40 mulleres, de forma moi similar a como acontece no conxunto do Estado (Gráfico 37). Tamén existe unha lixeira tendencia a que os homes abandonen

máis os estudos tras a etapa obrigatoria para incorporarse ao mercado laboral, un trazo que se analizará en maior profundidade a través da evolución das taxas de actividade por sexos e grupos de idade. Sen dúbida, iso está relacionado co mantemento de certa prevalencia dos homes cara ao rol produtivo aínda nas xeracións de menor idade.

Gráfico 37: Distribución por sexo do alumnado matriculado en Ciclos Formativos de Grao Medio. Curso 2003-2004



Fonte: MEC e elaboración propia.

En relación cos ciclos de grao superior, obsérvase como en Galicia a incorporación das mulleres é maior que na media de España, dando conta dunha estrutura máis equilibrada por sexos nesta etapa educativa.

Convén, en todo caso, analizar o comportamento diferenciado de xeracións distantes para comprobar en qué medida hai máis oportunidades para as mulleres no ámbito educativo. A seguinte Táboa mostra como, en primeiro lugar, a porcentaxe de poboación analfabeta se reduciu notablemente nas xeracións máis novas. En segundo lugar, ilustra como son máis as nenas que conclúen os niveis primarios do ensino e máis ou menos paritaria a relación de xénero ao rematar o primeiro ciclo da etapa obrigatoria (se temos en conta que aínda é maior a poboación masculina que a feminina nese grupo de idade).

En consecuencia, as diferenzas rexístranse na etapa de educación secundaria: a poboación con estudos de secundaria rematados nas xeracións de menor idade é rotundamente masculina, o que indica que existe unha tendencia a que as mulleres continúen estudando mentres que un maior número de homes novos abandonan aquí a súa etapa formativa.

Outro cambio xeracional relevante é a maior proporción de mulleres que, en cambio, rematan os seus estudos universitarios. En 2004, a proporción de mulleres que concluían os seus estudos universitarios superaba a dos seus compañeiros homes (Táboa 12).

Táboa 12: Estudos rematados da poboación galega. Distribución por sexos e grupos de idade. 2004

De 25 a 34 anos				
	Homes	Mulleres	Total	% Mulleres
Analfabetos	1.609	1.032	2.641	39,08
Estudos primarios	946	1.865	2.811	66,35
Educación Secundaria Primeira Etapa e Formación e Inserción Laboral correspondente	81.783	68.250	150.033	45,49
Educación Secundaria Segunda Etapa e Formación e Inserción Laboral correspondente co título de segunda etapa de secundaria	52.577	42.061	94.638	44,44
Educación Superior	76.842	99.628	176.470	56,46
De 55 a 64 anos				
	Homes	Mulleres	Total	% Mulleres
Analfabetos	1.832	3.118	4.950	62,99
Estudos primarios	25.100	33.212	58.312	56,96
Educación Secundaria Primeira Etapa e Formación e Inserción Laboral correspondente	98.240	109.915	208.155	52,80
Educación Secundaria Segunda Etapa e Formación e Inserción Laboral correspondente co título de segunda etapa de secundaria	10.650	6.833	17.483	39,08
Educación Superior	17.568	10.772	28.340	38,01

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias.

Parece claro, polo tanto, que os cambios sociais foron orientados a que as mulleres melloren o seu perfil educativo de maneira que se reduciron as altas taxas de analfabetismo que soportaban as mulleres de máis de 55 anos, así como as menores oportunidades de rematar estudos superiores.

Non cabe dúbida de que a intensidade con que se daba a segregación de roles sexuais nas xeracións de maior idade supoñía unha barreira ás posibilidades formativas das mulleres. É probable que os estereotipos de xénero debuxasen un perfil do rol feminino que non requiría de formación ningunha para asumir o coidado dos fillos e fillas e o fogar.

Ademais, a falta de formación das mulleres serviu, con frecuencia, para explicar as menores taxas de inserción laboral das mulleres. Na actualidade, os datos mostran como a menor inserción das mulleres persiste, a pesar de contar cun nivel formativo medio superior ao dos homes.

Agora ben, que estudan as mulleres galegas e como as súas preferencias formativas inciden na empregabilidade e as condicións de traballo e soldo son preguntas esenciais. A resposta levaranos a poder explicar o por que do desigual comportamento de mulleres e homes no ámbito do emprego e das menores oportunidades que experimentan aquelas.


O Gráfico 38 mostra con claridade o perfil da segregación ocupacional en Galicia. Non se trata, dende logo, dun trazo específico senón común no conxunto do Estado e, en xeral, das estruturas sociais desiguais dende o punto de vista do xénero.

A segregación ocupacional, malia ser unha manifestación común da desigualdade de xénero tenderá a facerse máis intensa alí onde primen as estruturas sociais máis tradicionais.

Resulta, así mesmo, interesante reflexionar sobre como a existencia de segregación funcional e ocupacional de mulleres e homes significa unha maior rixidez do mercado de

traballo e un desperdicio de talentos que ralentizan as posibilidades e o dinamismo dunha sociedade dada. Da mesma forma, Galicia necesitará nos próximos anos a incorporación de máis mulleres á súa estrutura produtiva coa finalidade de achegar capital humano ao proceso de crecemento económico futuro.

Gráfico 38. Alumnado matriculado por estudo e sexo. Galicia, curso 2003-2004



Fonte: INE 2006 e elaboración propia.

1.4. IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

A busca da igualdade nas políticas públicas ten como substrato a persistencia de manifestacións da desigualdade de xénero a pesar do recoñecemento pleno de dereitos sen discriminación ningunha en razón de xénero. Así, as políticas de igualdade nacen como resposta á constatación fáctica de desigualdades no status social adscrito a mulleres e homes.

Iso leva a distinguir, en primeiro lugar, entre o concepto de desigualdade e o de diferenza. Existen, nese sentido, diferenzas entre sexos derivadas das súas respectivas características biolóxicas que non poden ser alteradas de xeito artificial. Así, o concepto de xénero aparece para poñer de manifesto que ningunha diferenza sexual pode xustificar unha mingua de oportunidades para o desfrute de dereitos recoñecidos nas leis e, de forma especial, encamiñase a derrubar aquelas barreiras construídas, social e culturalmente, entre os sexos.

O xénero convértese dende este prisma nunha variable sociolóxica para comprender as manifestacións da desigualdade que se viñeron construíndo a partir dunha estrutura social que dá preponderación aos membros homes fronte ás mulleres. Estas estruturas sociais ancestrais perpetuaríanse no tempo a través do proceso de socialización reforzando, deste modo, a segregación de funcións en razón do sexo das persoas.

Trataríase, polo tanto de, a partir da existencia demostrada empiricamente dun sistema de relacións de poder e de subordinación socialmente construído, que crea roles sexuais diferenciados e asigna tarefas distintas para homes e mulleres, discriminatorias, en moitos dos casos, para estas últimas.

As políticas de igualdade de xénero requiren, entón, un esforzo descritivo e explicativo que compense a invisibilidade na que, normalmente, discorre a desigualdade e os seus mecanismos de reforzo. Con frecuencia sexo e xénero tenden a confundirse explicando como acontecementos “naturais” ou “propios de cada sexo”, o que en realidade son manifestacións da desigualdade nas relacións entre mulleres e homes. Existen, pois, abundantes estereotipos asociados a cada sexo segundo o que se considera que é característico da “súa natureza”. Por iso, é necesario analizar con certa profundidade aqueles indicadores que serven para visualizar o grao e o ámbito en que ten lugar a desigualdade nas diferentes esferas da vida das mulleres e os homes.

Non cabe dúbida que para analizar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes sería necesario analizar todos aqueles indicadores referidos ao conxunto de relacións entre os sexos.


No ámbito do presente Programa Operativo partiuse da descrición das principais variables socioeconómicas, do mercado de traballo e do ámbito educativo. Neste sentido, no diagnóstico do presente plan operativo procedeuse a desagregar por sexos os indicadores para detectar eventuais comportamentos diferenciados en función do sexo.

A descrición permitiu describir a estrutura da poboación por sexo e idades e sinalou os trazos dunha demografía caracterizada por unha representación sinalada de poboación en idade laboralmente activa. Dende unha perspectiva de xénero isto implica atender á situación laboral das mulleres nun período do ciclo vital influenciado polos problemas de

desconciliación. Pero ademais, a estrutura de poboación móstranos outra tendencia á feminización do envellecemento.

Os problemas de inserción laboral das mulleres ou os derivados da súa maior lonxevidade deberán, polo tanto ser tidos en conta, de forma específica, cando se interveña en materia de inclusión social para reflectir a existencia de dobre discriminación e para actuar de forma integral sobre as súas consecuencias así como sobre as causas.

Gráfico 39: Evolución anual da taxa de actividade feminina. Galicia 1996-2006



Fonte: EPA.

O Gráfico 39 reflicte a evolución da taxa de actividade feminina ao longo dunha serie histórica de 11 anos. Deste modo, resulta factible apreciar a situación das mulleres no mercado laboral por grupos de idade, dende un punto de vista máis estrutural. Iso permite mostrar como mulleres de xeracións diferentes posúen relacións coa actividade moi dispares.

Así, as mulleres galegas de 25 a 54 anos, que en 1996 xa experimentaban elevadas altas de actividade (62,2%), continuaron unha evolución positiva, alcanzando no ano 2006, uns niveis de actividade que superan o 74%. Pola súa banda, a taxa de actividade das mulleres de 55 anos e máis mostra unha evolución claramente decrecente ao longo do período, pasando do 16,5% no ano 1996 a un 13,3% no 2006. Por outra banda, a taxa de actividade correspondente aos homes neste mesmo grupo de idade experimentou unha redución porcentual lixeiramente superior ao das mulleres, posto que pasou dun 28,3% en 1996 a un 24,6% (diminución porcentual de 3,7 puntos).

Polo tanto, comparando as taxas de actividade de homes e de mulleres constátase que existe unha brecha de xénero na dispoñibilidade para traballar en todos os grupos de idade. A comparación das taxas de actividade por sexos pon de manifesto, que aínda que as xeracións novas de mulleres se incorporan máis ao mercado de traballo, aínda persisten distancias moi significativas con respecto aos homes posto que, tal como recolle a Táboa 13, as diferenzas se dan en todos os grupos de idade.

Táboa 13: Diferencial de taxas de actividade homes/mulleres en Galicia. Ano 2006

	Homes	Mulleres	Diferencial taxas
16 a 64 anos	77,59	62,03	15,56
16 e máis anos	62,19	45,78	16,41
Menores de 25	49,92	38,97	10,95
De 25 e máis anos	63,92	46,61	17,31
De 16 a 19 anos	24,07	12,79	11,28
De 20 a 24 anos	66,00	55,14	10,86
De 25 a 54 anos	89,64	74,19	15,45
De 55 e máis anos	24,55	13,28	11,27

Fonte: EPA.


Por outra banda, a comparación entre a actividade rexional e estatal mostra que a taxa de actividade española para o tramo de idade abranguido entre os 16 e os 64 anos (71,9% no 2006), superaba en 2,1 puntos a galega (69,8%). Desagregando este ratio por sexos, obsérvase que as maiores diferenzas se producen no colectivo masculino, xa que a taxa española de actividade masculina para o tramo 16-64 anos (82,5% neste exercicio 2006) supera en 4,9 puntos a galega (77,6%). En cambio, constátase unha diferenza de signo contrario nos ratios correspondentes á actividade feminina para o grupo 16-64 anos entre os niveis estatal e rexional (61,1% para España e 62,0% para Galicia, dos que se deduce unha diferenza de 0,9 puntos a favor de Galicia) (Táboa 14).

Táboa 14: Comparativa de taxas de actividade por sexo e grupos de idade. España e Galicia. 2006

	16 a 64 anos	16 e máis anos	Menores de 25 anos	De 25 e máis anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 54 anos	De 55 e máis anos
Homes España	82,52	69,13	57,10	70,96	33,53	72,45	92,55	28,86
Homes Galicia	77,59	62,19	49,92	63,92	24,07	66,00	89,64	24,55
Mulleres España	61,05	47,95	48,08	47,93	24,82	63,13	71,15	12,10
Mulleres Galicia	62,03	45,78	38,97	46,61	12,79	55,14	74,19	13,28

Fonte: EPA.

Gráfico 40: Taxas de actividade en Galicia, España e UE-25 - 2006



Fonte: EPA e EUROSTAT.

Para completar a análise da taxa de actividade dende a perspectiva do xénero, inclúese o Gráfico 40, onde se integran os tres espazos comparados, Galicia, España e UE-25, nun mesmo marco temporal, o exercicio 2006.

Obsérvase no ano 2006, unha brecha de 15,56 puntos porcentuais entre as taxas galegas de actividade feminina e masculina correspondentes ao grupo 16-64 anos (fronte ao diferencial de 21,47 puntos para o conxunto do Estado e os 14,90 puntos de diferenza estimados para a UE-25).


As diferenzas prodúcense aínda cunha maior intensidade no apartado da ocupación, tal como se pode comprobar na Táboa 15 e no Gráfico 41, que proporcionan unha visión comparativa das diferenzas de xénero existentes con relación á taxa de ocupación, desagregada por xéneros, nos contextos rexional, estatal e comunitario. Durante o exercicio 2006, a taxa galega de ocupación masculina (16-64 anos) superaba en 17,94 puntos a feminina; este diferencial de xénero elevábase ata un nivel de 23,30 puntos no marco español e quedaba en 20,70 puntos porcentuais no conxunto da UE-25 (neste caso, a taxa está referida ao intervalo 15-64 anos).

Táboa 15: Comparativa das taxas de emprego Galicia/España por sexo e grupos de idade. 2006

	16 a 64 anos	16 e máis anos	Menores de 25 anos	De 25 e máis anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 54 anos	De 55 e máis anos
Homes España	77,27	64,76	48,56	67,24	25,58	63,52	87,60	27,53
Homes Galicia	72,82	58,41	42,94	60,59	20,49	56,91	85,05	23,14
Mulleres España	53,97	42,41	37,70	43,06	15,76	51,88	63,68	11,25
Mulleres Galicia	54,88	40,55	29,89	41,84	8,43	43,14	66,13	12,48

Fonte: EPA.

Gráfico 41: Taxas de ocupación en Galicia, España e UE-25 – 2006



Fonte: EPA e EUROSTAT.

A taxa galega de paro feminino, 11,45% como media do ano 2006, sitúase a un nivel practicamente idéntico que o español. No colectivo masculino tamén é mínima a diferenza existente entre o contexto rexional e o nacional (a taxa galega de paro masculino situouse nun 6,1% no ano 2006 e a estatal nun 6,3%) (Táboa 16).


Aínda que os datos dos exercicios 2005 e 2006 mostran unha evolución moi favorable do desemprego, aínda se mantén unha brecha entre as taxas de paro por sexos, xa que en Galicia, a taxa de desemprego feminina aínda superaba á masculina en 5,4 puntos durante o ano 2006 (o diferencial de xénero estimada para o ratio de paro español foi , por outra parte, de 5,3 puntos).

Táboa 16: Comparativa de taxas de paro Galicia/España por sexo e grupos de idade. Media 2006

	Total	Menores de 25 anos	De 25 e máis anos	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 54 anos	De 55 e máis anos
Homes España	6,31	14,98	5,25	23,89	12,34	5,36	4,61
Homes Galicia	6,09	14,00	5,21	15,71	13,76	5,12	5,74
Mulleres España	11,56	21,61	10,17	36,57	17,81	10,51	7,08
Mulleres Galicia	11,45	23,36	10,25	32,48	21,87	10,87	6,03

Fonte: EPA.

Gráfico 42: Taxas de paro en Galicia, España e UE-25 – 2006



Fontes: EPA e EUROSTAT.

O Gráfico 42 mostra claramente que en cuestión de desemprego, as diverxencias entre xéneros prodúcense dunha forma moito máis acusada en Galicia (onde a taxa de paro feminina correspondente ao ano 2006 superaba en 5,36 puntos á masculina) e en España (que presentaba un diferencial de 5,25 puntos porcentuais), que na UE-25, espazo no cal as diferenzas de taxas de paro por xéneros, ascendían a 1,90 puntos no mencionado exercicio 2006.

A pesar de que os indicadores utilizados para estudar a evolución da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres mostran unha tendencia positiva, o certo é que tanto a estacionalidade como a temporalidade do emprego, posúen en Galicia un marcado rostro feminino. A concentración da ocupación feminina no sector servizos (tal como se apunta no Gráfico 13, o sector terciario absorbía un 75,9% do emprego total feminino no ano 2006, fronte a un 48,2% do masculino) é un dos factores que pode explicar o elevado grao de estacionalidade do emprego feminino.

Sen dúbida, persisten rémoras da segregación de roles por xénero que afectan á distribución do traballo, pola que se atribúe aos homes o papel principal no rol produtivo mentres que se outorga ás mulleres idéntica responsabilidade en relación co rol reprodutivo. Non cabe


dúbida de que esta repartición arquetípica foi evolucionando e transformándose en boa medida e que a incorporación das mulleres de Galicia á economía foi considerable.

As principais manifestacións da desigualdade atópanse, como se apuntou máis arriba, nas maiores dificultades para a inserción laboral das mulleres, pero tamén nunha maior prevalencia dos contratos a tempo parcial, certa segregación ocupacional derivada da segregación formativa e unha menor remuneración.

O tipo de xornada máis frecuente en cada sexo tamén supón un indicador da desigual asunción de responsabilidades familiares e profesionais. Así, nas gráficas seguintes obsérvase como as mulleres prefiren en maior proporción que os homes contratos a tempo parcial como fórmula máis probable de conciliar a vida familiar e persoal coa profesional.

En concreto, 19,5 de cada 100 galegas traballaba a tempo parcial no ano 2006, fronte ao 4,4% de cada 100 homes galegos. Queda así evidenciado que son as mulleres as que, en maior medida que os homes, asumen a responsabilidade da conciliación cando a fórmula escollida é a redución da xornada laboral (Gráfico 43).

Gráfico 43: Distribución do tipo de xornada das mulleres ocupadas e dos homes ocupados. Galicia 2006



Fonte: EPA.

Resulta así mesmo interesante reflexionar sobre como a existencia de segregación funcional e ocupacional de mulleres e homes implica unha maior rixidez do mercado de traballo e un desperdicio de talentos que ralentizan as posibilidades e o dinamismo dunha sociedade dada. Da mesma forma, Galicia necesitará nos próximos anos, a incorporación de máis mulleres á súa estrutura produtiva coa finalidade de achegar capital humano ao proceso de crecemento económico futuro.

A desigualdade entre mulleres e homes constitúe unha realidade con reflexo estatístico en moitos dos ámbitos de interese para o presente Plan Operativo. Tamén en relación cos usos do tempo resulta relevante destacar o comportamento desigual en razón do sexo das persoas.


Pero existen outros indicadores que mostran como os roles de xénero condicionan tamén o uso do tempo. Obsérvase, neste ámbito, que mulleres e homes empregan o seu tempo de forma diversa.

As mulleres dedican menos horas diarias ao traballo que os homes (8:47 horas diarias de media para os homes e 7:33 para as mulleres), diferencial que está directamente correlacionado coa maior incidencia da contratación a tempo parcial no colectivo feminino. A través desta fórmula de contratación moitas delas asumen case en solitario o coidado dos fillos e o fogar, como demostra o feito de que dediquen ao día 2:15 horas máis que os homes a estas actividades (4:17 horas de media no caso das mulleres e 2:02 no caso dos homes (Táboa 17).

A lenta asunción do concepto de coresponsabilidade entre mulleres e homes en tarefas relacionadas co coidado dos fillos e o fogar leva consigo unha dobre carga para as mulleres e incrementa o tempo libre do que dispoñen os homes para asistir a reunións, practicar deporte ou dedicar o seu ocio a outros xogos e afeccións.

En definitiva, mentres as responsabilidades produtivas e reprodutivas non se repartan máis equitativamente non se poderá gozar nin dun mercado de traballo igualitario nin dun escenario de conciliación da vida familiar, persoal e profesional razoablemente construído.

Táboa 17: Porcentaxe de persoas que realizan a actividade no transcurso do día e duración media dedicada á actividade por ditas persoas. Galicia. Distribución por sexos



Fonte: Secretaría Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia. Enquisa sobre uso do tempo e coresponsabilidade: Prácticas, Actitudes e Valoracións. 2006.

1.5. MATRIZ COAS PRINCIPAIS DEBILIDADES, FORTALEZAS, AMEAZAS E OPORTUNIDADES

Partindo da análise da situación de contexto exposto no apartado anterior, elabórase un único DAFO para as intervencións estruturais a realizar no período 2007-2013 conforme á formulación estratéxica común adoptada por Galicia en resposta á necesidade de reforzar as sinerxías e mellorar a complementariedade requiridas polo Regulamento (CE) N° 1083/2006⁶.

Tal e como se destacou no diagnóstico, existen unha serie de debilidades que están constriñendo a capacidade de converxencia económica de Galicia, a pesar de que existen importantes vantaxes competitivas que fan que a rexión presente claras oportunidades de futuro. As principais debilidades detectadas na rexión son froito da condición dual do territorio, que presenta significativas diferenzas sociodemográficas, o cal ten importantes implicacións económicas e sociais en termos de necesidades de investimento en accesibilidade e transporte, uso eficiente dos recursos ambientais e a inclusión económica das áreas menos favorecidas. A iso únese unha taxa de emprego afastada do Obxectivo de Lisboa, uns elevados índices de temporalidade e un mercado de traballo con insuficiente capacidade de absorción da man de obra cualificada.

Entre as súas fortalezas destaca a súa elevada capacidade emprendedora e de proxección internacional, a súa posición estratéxica para o transporte multimodal e a riqueza de recursos. Non obstante, o esforzo investidor en potenciar a súa competitividade mediante o uso das tecnoloxías e a innovación resulta insuficiente, o cal constitúe no longo prazo un risco moi elevado para o desenvolvemento económico, dadas as ameazas que penden sobre a rexión, sobre todo, en termos de deslocalización empresarial -consecuencia da ampliación europea e da globalización económica- tendo en conta, ademais, os posibles efectos que tería sobre o emprego.

Como oportunidades presenta a elevada capacidade de atracción económica e turística derivada do significativo potencial turístico e de calidade que posúe -polas súas características xeográficas, climáticas e culinarias e os seus recursos naturais- e da súa situación estratéxica, especialmente no ámbito da eurorexión (Galicia-Norte de Portugal). Galicia conta así mesmo con sectores industriais ligados aos recursos endóxeos con alto potencial de desenvolvemento e dotados de man de obra con alto nivel de cualificación.

A continuación recóllense a xeito de síntese as principais debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades que caracterizan o ámbito galego, naqueles ámbitos que afectan ás intervencións dos Fondos Estruturais e particularmente do FSE.

⁶ Artigo 9 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) N° 1260/1999.

Táboa 18: Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) de Galicia

Código	DEBILIDADES
d.1	Desequilibrio territorial: existencia de realidades xeográficas ben diferenciadas: a Galicia do interior e a costeira, o contorno rural e o urbano, o sector primario e o terciario, a conexión e o illamento
d.2	A dispersión do hábitat limita a optimización de custos de infraestrutura, de prestación de servizos sociais e eleva os custos loxísticos das empresas
d.3	Evolución demográfica negativa, progresivo envellecemento da poboación residente que, combinado cunha taxa de natalidade das máis baixas da UE25, non asegura o relevo xeracional
d.4	Base empresarial cun escaso posicionamento estratéxico e predominio da PEME tradicional e presenza de cadeas de valor incompletas en determinados sectores produtivos (madeira, turismo, pesca, agroindustria, pedra, etc.)
d.5	Limitada capacidade de investimento en I+D+i, escaso esforzo investidor por parte do sector privado e insuficiente articulación do sistema galego de innovación, caracterizado por unha débil vinculación entre empresa e universidade e polo escaso número de investigadores
d.6	Escasa penetración nos fogares galegos das TIC e insuficiente grao de desenvolvemento da administración electrónica en Galicia, así como unha reducida utilización do comercio electrónico, tanto por parte das empresas coma dos consumidores
d.7	Insuficiente adecuación da formación ás necesidades das empresas
d.8	Baixa capacidade de resposta da PEME ante as novas esixencias do mercado globalizado
d.9	Elevados índices de temporalidade no emprego e baixa produtividade laboral
d.10	Débil capacidade de absorción polo mercado de traballo de man de obra cualificada e elevados índices de temporalidade no emprego
d.11	Elevada taxa de abandono escolar no contexto da UE
d.12	Escasa relación entre o sistema educativo e o sector empresarial
d.13	Pervivencia de importantes diferenzas en materia de igualdade de oportunidades
Código	FORTALEZAS
f.1	Riqueza e diversidade paisaxística que favorece a existencia de lugares de interese común, o cal constitúe un elemento de atracción e fonte de novos xacementos de emprego
f.2	Existencia de produtos diferenciados con capacidade para a exportación
f.3	Presenza importante de Galicia na economía portuaria en relación a outros portos do Estado, fundamentalmente nas actividades vinculadas á pesca
f.4	Elevadas taxas relativas de ocupación entre os maiores de 55 anos
f.5	Presenza de importantes empresas multinacionais líderes no seu sector de actividade e tecnoloxicamente evolucionadas e cunha forte vocación exportadora
f.6	Crecente cualificación da man de obra, especialmente no ámbito industrial
f.7	Oferta de servizos sanitarios de alta calidade e cun elevado grao de desenvolvemento
f.8	Presenza crecente nos mercados turísticos con referencias tan consolidadas como: o Camiño de Santiago, gastronomía, paisaxe, casas rurais, termalismo, etc.
f.9	Sectores industriais ligados aos recursos endóxeos con alto potencial de desenvolvemento e elevada capacidade de arrastre (pedra, téxtil, madeira, audiovisual, pesca incluída acuicultura e conservas, automóbil, construción naval, incluída a náutico-deportiva) e presenza de boas prácticas no terreo da cooperación empresarial: clusters de automoción, madeira, naval, TIC, conservas
f.10	Experiencia na xestión e seguimento de Fondos Estruturais
f.11	Crecente incorporación da muller ao mercado laboral

Código	AMEAZAS
a.1	Efectos da ampliación da Unión Europea e da globalización económica (deslocalización e desvío de investimentos cara aos novos Estados membros con persoal laboral altamente cualificado e reducidos custos salariais)
a.2	Mayor vulnerabilidade ante o incremento dos tipos de xuro e da inflación
a.3	Desprazamento do centro de gravidade económico da Unión Europea cara ao Leste
a.4	Atraso na conexión á rede nacional e transnacional de infraestruturas
a.5	Dificultade para a competitividade a medio/longo prazo, a causa do escaso investimento en I+D+i, especialmente no sector privado
a.6	Irrupción nos mercados mundiais de novos países emerxentes que asimilan con rapidez as novas tecnoloxías do coñecemento
a.7	Presión sobre sistema de pensións e servizos sociais ante o crecente envellecemento da poboación
Código	OPORTUNIDADES
o.1	Aparición de novas oportunidades de negocio derivadas da ampliación da Unión Europea
o.2	Reforma da política de cohesión europea e novas prioridades de financiamento que melloran a flexibilidade e incorporación de novos axentes
o.3	Aproveitamento da situación estratéxica para converterse nun centro portuario privilexiado no seo da Unión Europea
o.4	Existencia de acordos en materia laboral entre a administración rexional e os axentes económicos e sociais
o.5	Aproveitamento de fortalezas intrínsecas de Galicia para captación de investimento estranxeiro directo (IED) e de capitais que se deslocalizan noutros territorios
o.6	Dinamismo da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que opera como referente das políticas de cooperación territorial
o.7	Características xeográficas, climáticas, culinarias, que favorecen o desenvolvemento turístico
o.8	Existencia de recursos naturais competitivos: granito, lousa, madeira, pesca, marisco, gandería, leite, viño

Fonte: elaboración propia.

ESTRATEGIA

2.1. OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DE GALICIA

A partir dos resultados do diagnóstico e o DAFO, desenvolveuse a estratexia do PO FSE para o próximo período 2007-2013, considerando ao mesmo tempo os seguintes elementos estratéxicos:

- ♦ As recomendacións emitidas polo Consello do 27 de marzo de 2007 relativas á actuación das Orientacións Xerais de Política Económica 2007 dos Estados membros da Comunidade e sobre a execución da política de emprego dos Estados membros.
- ♦ Estratexia de Lisboa e Gotemburgo formulada pola Comisión Europea e os Xefes de Estado e de Goberno da UE, así como o Programa Nacional de Reformas (PNR) español que a contempla.
- ♦ As Directrices Estratéxicas Comunitarias en materia de política de cohesión e as prioridades para o MENR de España⁷, elaboradas pola Comisión Europea. Por extensión, as prioridades e ámbitos clave establecidos no Regulamento Xeral (CE) N° 1083/2006 e no Regulamento (CE) N° 1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello do 5 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) N° 1784/1999.
- ♦ Finalmente, para a formulación estratéxica destes obxectivos consideráronse as conclusións de avaliación ex ante, que a través do seu procedemento interactivo e iterativo achegou elementos de valor engadido á programación estrutural de Galicia para o novo período.

Co fin de asegurar a coherencia⁸ das intervencións comunitarias no marco do Obxectivo “Converxencia”, a estratexia rexional de Galicia formula uns obxectivos de carácter xeral que contemplan o desenvolvemento económico sostible da Comunidade Autónoma.

Non se trata, polo tanto, de obxectivos específicos establecidos de xeito particular para a intervención FSE, senón de obxectivos aos que todas as actuacións estruturais deben atender. En consecuencia, o presente Programa Operativo contribuirá parcialmente á consecución dos obxectivos sinalados quedando complementado polo resto das intervencións. Deste modo, non só se asegura a coherencia entre as intervencións senón que se establece o marco axeitado para o deseño e posterior avaliación en termos de compatibilidade, complementariedade e sinerxía.

Nesta liña, a estratexia de intervención dos Fondos Estruturais en Galicia para o próximo período de financiamento componse duns obxectivos e unhas prioridades estratéxicas, que se corresponden cos Eixes de intervención expostos no apartado 3.

A programación formulada no presente documento recolle polo tanto, a nivel estratéxico, tres niveis de obxectivos: un Obxectivo Global, catro Obxectivos Finais e dezaseis Obxectivos Intermedios, nos que se basearán as actuacións formuladas no plano operativo.

⁷ “Marco Estratéxico Nacional de Referencia: Obxectivos estratéxicos e ámbitos fundamentais en relación con España no período de programación 2007-2013”, Comisión Europea, Versión do 10 de marzo 2006 FINAL.

⁸ Artigo 9 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

Co reto de utilizar os instrumentos da política de cohesión para converxer economicamente con España e Europa e facer de Galicia unha rexión máis competitiva en 2013, o PO formula como **Obxectivo Global “Converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento”**.

Este Obxectivo Global implica a promoción dos factores de desenvolvemento ligados á Estratexia de Lisboa: renovar as bases da competitividade, aumentar o potencial de crecemento e produtividade e reforzar a cohesión social, a través do coñecemento, a innovación e a valorización do capital humano, así como as prioridades temáticas implícitas nas Directrices Integradas para o Crecemento e o Emprego, que recollen a Estratexia Europea para o Emprego 2005-2008.

Para a consecución do devandito obxectivo, a Comunidade Autónoma de Galicia fórmase **catro Obxectivos Finais**, que inciden nos devanditos compoñentes da política para o crecemento e o emprego sostible de cara a 2013, reforzando o potencial endógeno do territorio. Estes Obxectivos Finais, como se verá a continuación, complementáanse entre si, incidindo nos factores produtivos que impulsan o desenvolvemento económico: o capital humano, o capital físico e o coñecemento, dende a perspectiva da protección ambiental e do equilibrio territorial.

Obxectivo Final 1: “Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar”

Galicia presenta aínda importantes déficit en materia de dotación de infraestruturas, especialmente aquelas orientadas a fomentar a súa conectividade co resto do territorio español, xa sexa mediante as redes transeuropeas de transporte como de comunicacións. Un esforzo neste ámbito incrementará o atractivo económico e social da rexión, ao mesmo tempo que aumentará a capacidade loxística e competitiva do seu tecido empresarial. O investimento en infraestruturas fomentará o crecemento e servirá de acicate para o desenvolvemento de actividades empresariais cada vez máis orientadas a prestar servizos e producir bens cun maior valor engadido. Neste sentido, propónse a ampliación e mellora das infraestruturas de transportes e comunicacións, xunto coa racionalización dos recursos enerxéticos.

Galicia é unha rexión con importantes recursos naturais e cun altísimo potencial en materia de enerxías renovables. Cumprir a lexislación internacional vixente ao mesmo tempo que se explotan de forma eficiente e sostible os recursos existentes constituirá un dos grandes desafíos no próximo período 2007-2013.

A rexión galega continúa tendo importantes desequilibrios territoriais en materia de accesibilidade, equipamentos básicos e ambientais. Na medida en que o territorio se cohesione as capacidades de crecemento aumentarán mediante un maior impulso da demanda.

O investimento fará de Galicia un mellor lugar para traballar, adquirindo maiores posibilidades de ofrecer emprego cualificado á súa poboación e contribuíndo así a frear a fuga de talentos. A través do FSE pode contribuírse á mellora das cualificacións do capital humano galego e a creación de postos de traballo de calidade na rexión.

Obxectivo Final 2: “Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación”

Galicia propónse impulsar a sociedade do coñecemento aplicada ás necesidades do tecido empresarial da rexión, invertendo de xeito eficaz naqueles elementos do Sistema de Innovación que maiores vantaxes e rendemento poden achegar á economía: Investigación, Desenvolvemento Tecnolóxico e Innovación Empresarial co fin de mellorar o posicionamento no conxunto da economía europea e de converterse en referente de excelencia naqueles sectores nos que Galicia presenta vantaxes comparativas. Neste ámbito os aspectos humanos deberán adaptarse a esta formulación de competitividade e innovación.

Galicia deberá ser capaz de reducir a brecha de I+D que a separa do conxunto de España e de Europa e de poñer en marcha un modelo de crecemento económico que, en lugar de basearse en actividades de escaso valor engadido e intensivas en man de obra, se fundamente na aplicación de coñecemento, innovación e tecnoloxía. Todo iso se conseguirá fortalecendo a competitividade das empresas, a súa presenza internacional e o seu esforzo investidor en actividades de I+D, mellorando a coordinación e a articulación co resto de axentes do Sistema de Innovación (Universidades e Centros Públicos de Investigación, Centros Tecnolóxicos, sistema educativo, institucións financeiras e outros axentes catalizadores), así como o reforzo do emprego e a formación nestas actividades.

Obxectivo Final 3: “Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social”

Os Obxectivos Finais anteriores non serían posibles sen un capital humano capaz e capacitado para desenvolver e impulsar unha economía baseada no coñecemento. En primeiro lugar será necesario impulsar un mercado laboral atractivo e ao mesmo tempo flexible para a poboación. A incorporación activa e cualificada ao traballo será unha peza fundamental, especialmente nunha rexión na que o envellecemento da poboación, o menor crecemento natural e a menor entrada relativa de inmigración constitúen elementos constantes.

A articulación efectiva entre o sistema educativo e o produtivo será un obxectivo prioritario, debido aos cambios que espera acometer na estrutura económica sectorial galega e a rapidez que o mercado habitualmente require. Este elemento centrarase tamén en tratar de evitar a fuga de persoal cualificado formado no ámbito rexional e que por falta de posibilidades vese obrigado a abandonar Galicia.

O impulso do capital humano e a promoción do emprego asociado ás necesidades empresariais serán a base para corrixir os desequilibrios territoriais existentes na actualidade en Galicia, que presenta unha marcada dualidade entre dúas realidades: a costa, que concentra os principais asentamentos de poboación e a actividade económica e o interior que sofre un importante fenómeno de despoboación e conta con numerosos núcleos rurais caracterizados pola súa dispersión xeográfica.

En canto á inclusión social, búscase aproveitar o potencial da poboación estranxeira establecida en Galicia, con especial énfase nos “retornados”, así como a de colectivos desfavorecidos tales como persoas con minusvalidez ou maiores de 50 anos, impulsando a súa inserción e mantemento no mercado laboral.

Este Obxectivo enmárcase nun novo marco de relacións laborais en Galicia que desembocou nun Acordo para o emprego entre a Administración Autonómica e os axentes económicos e sociais, así como nunha formulación estratéxica de cohesión económica dende unha dimensión de reequilibrio territorial nas zonas máis deprimidas da rexión.

A vontade compartida de fortalecer o diálogo social pretende fundamentalmente reducir os niveis de temporalidade na relación laboral, xerar emprego estable e de calidade e favorecer a cohesión social.

Obxectivo Final 4: “Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible”

De cara ao novo período de programación, e en liña co disposto na Axenda de Lisboa e Gotemburgo, trátase de impulsar o crecemento económico, aínda que sen perder de vista os criterios de protección e conservación ambiental. Mediante o aproveitamento dos recursos naturais, a rexión fomentará o desenvolvemento de actividades económicas que contribúan a fixar poboación no medio rural. Nas cidades, avogarase polo cumprimento da normativa ambiental, especialmente no relativo ás augas residuais dos núcleos situados na franxa do litoral.

Por outro lado, farase un esforzo importante por mellorar a competitividade empresarial a través da eficiencia enerxética e aproveitar os recursos ambientais de Galicia como un factor de atracción e de crecemento económico. Todo iso irá acompañado da formación necesaria en materia de medioambiente.

Ademais destes Obxectivos Finais, Galicia establece **16 Obxectivos Intermedios** que responden ás prioridades europeas para o novo período de programación establecidas nas Directrices Estratéxicas para o crecemento e o emprego e arredor dos cales se vehicularán as diferentes actuacións que se porán en marcha a través da implementación dos seus Programas Operativos de Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e Fondo Social Europeo (FSE) (Táboa 19).

Táboa 19: Árbore de Obxectivos do MECEGA 2007-2013

O.GLOBAL: CONVERXER EN TERMOS DE CRECEMENTO E EMPREGO, GRAZAS AO FOMENTO DUNHA ECONOMÍA BASEADA NO COÑECEMENTO
OF 1: IMPULSAR E DINAMIZAR A ECONOMÍA REXIONAL FACENDO DE GALICIA UN LUGAR MÁIS ATRACTIVO PARA INVESTIR E TRABALLAR.
OI 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.
OI 8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.
OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.
OI 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.
OF 2: INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUTIVO GALEGO A TRAVÉS DO COÑECEMENTO E A INNOVACIÓN.
OI 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).
OI 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.
OI 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.
OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.
OF 3: AUMENTAR A COHESÓN SOCIAL E TERRITORIAL DE GALICIA MELLORANDO OS NIVEIS DE CUALIFICACIÓN, A CALIDADE DO EMPREGO E A INCLUSIÓN SOCIAL.
OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.
OI 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.
OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.
OI 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.
OF 4: REFORZAR A SINERXIA ENTRE CRECEMENTO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.
OI 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.
OI 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.
OI 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).
OI 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.

Fonte: elaboración propia.

A Táboa 20 mostra a correspondencia entre os Obxectivos Finais e Intermedios definidos no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013, e os Eixes prioritarios do Programa Operativo FSE. De entre o conxunto de Obxectivos Estratéxicos Intermedios extraéronse aqueles relacionados cos ámbitos de actuación do Fondo Social Europeo, é dicir, os OI 9, 10, 11, 12, 13 e 14, que son sobre os que versará fundamentalmente a estratexia de intervención e a súa tradución operativa o presente PO.

Táboa 20: Correspondencia de Obxectivos Intermedios e Finais do MECEGA e Eixes prioritarios do Programa Operativo FSE de Galicia, 2007-2013.

Obxectivos Finais	OBXECTIVOS INTERMEDIOS	EIXES PRIORITARIOS DO PO FSE
OF 1. Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar.	OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.	Eixe 2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres. Tema prioritario: 80.
	OI 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.	Eixe 4. Promover a cooperación transnacional e interrexional. Tema prioritario: 80.
OF 2. Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación .	OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.	Eixe 5. Asistencia técnica Temas prioritarios: 85, 86.
OF 3. Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social.	OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos	Eixe 2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres. Temas prioritarios: 66, 69, 70, 71.
	OI 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.	
	OI 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.	Eixe 1. Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios. Temas prioritarios: 62, 63, 64, 68.
	OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades da sociedade, a economía e as empresas.	Eixe 2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres. Tema prioritario: 65. Eixe 3. Aumento e mellora do capital humano. Temas prioritarios: 72, 73, 74.

Fonte: elaboración propia.

Así mesmo, esta estratexia ten en consideración as Directrices estratéxicas en materia de Cohesión, así como a Axenda de Lisboa e Gotemburgo. Deste xeito a sostibilidade do desenvolvemento, integración da variable ambiental, e a loita contra as desigualdades, en particular existente entre homes e mulleres, constitúen prioridades transversais que sustentan a estratexia.

Particularmente, as actuacións relacionadas coa igualdade de oportunidades resultan especialmente, oportunas e pertinentes na rexión co fin de reducir as diferenzas existentes en relación coa evolución xeral da poboación activa e coa participación laboral da muller. A incorporación da muller en igualdade de condicións ao mercado de traballo, converteuse nunha condición esencial non só baixo unha perspectiva social senón tamén económica.

Así mesmo, estes Obxectivos Intermedios pretenden dar resposta ás debilidades identificadas no DAFO en termos económicos, sociais e ambientais, garantíndose, con iso, a adecuación da estratexia ás necesidades da rexión.

Táboa 21: Pertinencia⁹ entre os Obxectivos Intermedios do PO e as debilidades rexionais

OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA RELACIONADOS CO FSE	DEBILIDADES DETECTADAS NO DIAGNÓSTICO													TOTAL IMPACTO
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	
9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.	2	2	5	2	0	2	2	0	0	0	5	0	5	25
10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.	0	0	5	2	5	5	0	0	5	5	2	0	2	31
11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	0	0	0	2	2	2	0	0	5	5	5	5	0	26
12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.	0	0	0	0	0	5	0	0	0	0	0	0	0	5
13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.	0	0	5	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5
14. Apoiar un desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais, atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.	5	5	0	0	0	2	2	2	0	0	0	0	0	16
16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.	0	5	0	2	0	0	0	0	0	2	0	0	0	9
TOTAL (IMPACTO DE CADA NECESIDADE SOBRE OS OBXECTIVOS)	7	12	15	8	7	16	4	2	10	12	12	5	7	

Fonte: elaboración propia.

⁹ 0=sen relación; 2=relación moderada; 5=relación forte.

A través da análise de pertinencia entre as debilidades recollidas no DAFO e os obxectivos fixados para a rexión, mídese a adecuación destes ás necesidades reais da rexión en termos económicos, sociais e ambientais. Deste xeito determínase o grao en que a estratexia deseñada dá resposta ás necesidades detectadas no diagnóstico da situación actual, ao mesmo tempo que se establece unha xerarquización das necesidades e os obxectivos.

Unha lectura horizontal das Táboas 21 e 22 permite detectar Obxectivos Intermedios, a capacidade de impacto sobre as debilidades ou fortalezas detectadas dos cales é alta, mentres que unha lectura vertical permite estudar cáles son as debilidades ou fortalezas en maior medida atendidas pola árbore de obxectivos deseñada.

Todas as actuacións previstas no marco de actuación do Programa Operativo, e englobadas dentro dos obxectivos específicos, responden ás necesidades identificadas no diagnóstico. Os Obxectivos Intermedios 12 e 13 sinálanse como os menos vinculados coas debilidades detectadas, relacionados coa Asistencia técnica ou intervencións moi específicas.

Tendo en conta o grao de afectación de cada necesidade por parte de cada obxectivo, pódense extraer as seguintes conclusións:

As debilidades en maior medida afectadas son as que están relacionadas coas características demográficas de Galicia a súa estrutura económica tradicional de tamaño pequeno e escasamente interconectada (físicamente e en termos de TIC), o que conduce a un mercado laboral de reducido valor engadido que en determinados ámbitos “expulsa” man de obra cualificada, a d.4 e a d.6.

No que respecta aos Obxectivos e a súa incidencia sobre as debilidades, destaca o Obxectivo Intermedio 10 relacionado coa adaptabilidade necesaria por parte dos traballadores para facer fronte aos novos requirimentos do ámbito, xunto co OI 11 vinculado á adaptación dos sistemas educativos aos devanditos ditados. Dunha análise máis completa despréndese o seguinte:

Os Obxectivos máis vinculados directamente aos ámbitos de actuación do Fondo Social Europeo e a mellora do mercado laboral, os Obxectivos 9, 10 e 11 actúan sobre a maioría das debilidades e inciden de forma directa na mellora das condicións de traballo, mentres que indirectamente contribúen a aumentar a produtividade e a terciarización da economía.

Nun segundo termo sitúanse os obxectivos relacionados coa competitividade rexional no contexto da UE os desequilibrios territoriais, tales como o OI 16 e o OI 14. Ambos os dous Obxectivos Intermedios son de carácter transversal, actuando o primeiro deles sobre as debilidades 2, 4 e 10 e o segundo deles de forma destacada sobre as primeiras dúas debilidades.

Cabe sinalar que o Obxectivo 12, polo seu carácter máis administrativo soamente afecta unha das debilidades e fortalezas detectadas para a rexión, na súa dimensión relativa á administración electrónica, se ben responde ás prioridades europeas de transparencia e eficacia administrativas. O mesmo acontece co Obxectivo 16, que se corresponde de forma destacada coa d.2.

En canto ás fortalezas pódese apreciar como estas atopan un tratamento similar por parte dos Obxectivos do MECEGA, destacando aquelas fortalezas relacionadas coas

potencialidades do tecido produtivo galego, en canto á capacidade de arrastre das súas empresas, a madurez do seu sector industrial (f. 9) e a calidade da man de obra galega (f.6).

As fortalezas máis vinculadas co mercado laboral e a man de obra da rexión actúan normalmente sobre un único Obxectivo Intermedio da estratexia do MECEGA, sendo unha excepción a fortaleza 6, que se corresponde con 5 dos 7 Obxectivos Intermedios relacionados co FSE.

Táboa 22: Pertinencia entre os Obxectivos Intermedios do MECEGA e as fortalezas rexionais

OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA	FORTALEZAS DETECTADAS NO DIAGNÓSTICO											TOTAL IMPACTO
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	
9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.	0	0	0	0	2	5	0	0	2	0	5	14
10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.	0	0	0	5	0	5	0	0	5	0	0	15
11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	0	0	0	0	0	5	0	0	5	0	0	10
12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5	0	5
13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.	0	0	0	0	0	0	5	0	0	0	0	5
14. Apoiar un desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais, atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.	5	0	0	0	2	2	2	2	5	0	0	18
16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.	0	2	2	0	0	5	0	2	5	0	0	16
TOTAL (IMPACTO DOS OBXECTIVOS SOBRE AS FORTALEZAS)	5	2	2	5	4	22	7	4	22	5	5	

Fonte: elaboración propia.

2.1.1. PERTINENCIA ENTRE OS OBXECTIVOS E AS DIRECTRICES ESTRATÉXICAS COMUNITARIAS E O PLAN NACIONAL DE REFORMAS

Para cumprir co obxectivo comunitario xeral de impulsar unha converxencia económica real, as accións da política de cohesión, apoiadas cos limitados recursos dispoñibles, deberán centrarse en promover un crecemento sostible, a competitividade e o emprego, conforme ao exposto na Estratexia renovada de Lisboa.

Neste sentido, as Directrices Estratéxicas Comunitarias¹⁰ ofrecen un único marco orientativo, a utilización do cal se solicita aos Estados membros e rexións que teñan en conta ao elaborar os seus Programas Operativos, en particular con miras a avaliar a súa contribución aos obxectivos da cohesión, crecemento e emprego.

Este apartado analiza a coherencia da formulación estratéxica coas devanditas Directrices, así como coa Estratexia de Lisboa, traducida polo Goberno español no seu Programa Nacional de Reformas 2005-2008¹¹. Esta análise é fundamental para asegurar que a implementación dos obxectivos de Galicia producirá efectos beneficiosos sobre o conxunto do territorio europeo, corroborando aínda máis a súa validez.

Tal e como pode apreciarse na Táboa 23, os 16 Obxectivos Intermedios do PO atenden de forma coherente todas as Directrices Comunitarias. Por outro lado, contribúe á execución dun grande número de eixes do PNR, concretamente o Eixe 2 (Obxectivos 1 a 4), Eixe 3 (Obxectivo 11), Eixe 4 (Obxectivos 5, 6 e 7), Eixe 5 (Obxectivo 12), Eixe 6 (Obxectivos 9, 10, 11, 13, 14 e 16) e Eixe 7 (Obxectivos 6 e 8).

Táboa 23: Relación entre Obxectivos do PO FSE, Directrices Estratéxicas Comunitarias e PNR.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA, INCLUÍNDOS OS DO PO FSE	DEC	PNR
1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.	DEC 1 “Facer de Europa e das súas rexións lugares máis atractivos nos que investir e traballar”	EIXE 2 “PEIT E AGUA”
2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.		
3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.		
4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).		
5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).	DEC 2 “Mellorar os coñecementos e a innovación a favor do crecemento”	EIXE 4 “INXENIO 2010”
6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.		EIXE 4 “INXENIO 2010” E EIXE 7 “Plan de Fomento Empresarial”
7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.		EIXE 4 “INXENIO 2010”
8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.		EIXE 7 “Plan de Fomento Empresarial”

¹⁰ Decisión do Consello de 6 de outubro de 2006 relativa ás Directrices Estratéxicas Comunitarias en materia de cohesión (2006/702/CE).

¹¹ Programa Nacional de Reformas de España para a Converxencia e o Emprego. Outubro 2005.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA, INCLUÍNDOS DO PO FSE	DEC	PNR
9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.	DEC 3 "Máis e mellores postos de traballo"	EIXE 6 "Mercado do traballo e diálogo social"
10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.		EIXE 6 "Mercado do traballo e diálogo social"
11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.		EIXE 3 "Mellora do capital humano" EIXE 6 "Mercado de Traballo e diálogo social"
12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.		EIXE 5 "Eficiencia de las Adm. Púb."
13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.		EIXE 6 "Mercado do traballo e diálogo social"
14. Apoiar un desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais, atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.	Directrices de carácter territorial	EIXE 6 "Mercado do traballo e diálogo social"
15. Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de aquelas zonas de alto potencial de crecemento.		
16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.		EIXE 6 "Mercado do traballo e diálogo social"

Fonte: elaboración propia.

Polo tanto pódese apreciar como a formulación estratéxica dos obxectivos de Galicia está en liña coas Directrices Estratéxicas da Unión Europea, e cos Eixes do Programa Nacional de Reformas.

Relación coas Directrices Estratéxicas Comunitarias

Polo que se refire á *Directriz 1 "Facer de Europa e das súas rexións lugares máis atractivos nos que investir e traballar"*, Galicia aínda adoece dun importante déficit a nivel de infraestruturas que limita as súas oportunidades de crecemento e de competitividade fronte ao exterior. En materia de transporte Galicia priorizará aqueles proxectos de transporte destinados a completar as conexións coas redes transeuropeas de transporte e a mellorar a intermodalidade e interoperabilidade dos seus diferentes sistemas de transporte. Con respecto ás políticas de medioambiente, Galicia reforzará o seu potencial rexional como vehículo de desenvolvemento económico, sen esquecer a protección e mellora do seu contorno. Polo seu elevado potencial en materia de enerxías renovables, Galicia traballará na redución da súa dependencia enerxética e no fomento da investigación e a utilización de novas fontes de enerxías renovables.

En canto á *Directriz 2 "Mellorar os coñecementos e a innovación a favor do crecemento"*, Galicia atópase aínda moi lonxe de alcanzar os obxectivos europeos fixados para 2010 en materia de economía do coñecemento. Por estes motivos os esforzos de Galicia para o próximo período de financiamento centraranse no aumento do investimento en I+D, sobre todo por parte das súas empresas, no fomento da innovación empresarial como

fonte de competitividade, na extensión da Sociedade da Información en todos os ámbitos da sociedade, e por último na mellora das oportunidades de financiamento por parte das súas empresas.

En relación coa *Directriz 3 “Máis e mellores postos de traballo”*, Galicia deberá optar por un modelo de crecemento baseado nunha maior cualificación laboral, que responda ás características internas do seu tecido empresarial e que saiba facer fronte a un ámbito internacional cada vez máis competitivo. Os obxectivos de Galicia para 2007-2013 responden deste xeito aos obxectivos e prioridades fixadas polo Fondo Social Europeo, co obxectivo de crear un mercado do traballo máis dinámico e máis inclusivo, que ofrezca estabilidade e oportunidades de crecemento profesionais.

Cabe sinalar que os Obxectivos 14, 15 e 16 responden ao enfoque territorial intrínseco á política de cohesión, e afectan de forma directa e indirecta ao conxunto das directrices anteriormente mencionadas.

Este enfoque, que foi potenciado para este novo período de financiamento, descansa en que unha das características determinantes da política de cohesión reside na súa capacidade para adaptarse ás necesidades e características particulares derivadas dos problemas e oportunidades específicas de cada realidade territorial, para impedir un desenvolvemento europeo desequilibrado que obstaculice todo o seu potencial de crecemento.

A dimensión territorial é de especial importancia polas zonas rurais e urbanas, e con maior razón nunha realidade xeográfica como a galega, caracterizada pola despoboación do medio rural e un constante pero pouco cohesionado crecemento das súas cidades.

Polo que se refire ao Obxectivo 16, este adscíbese ao novo impulso que a Unión Europea quere dar a cooperación a favor do crecemento e á integración harmónica e equilibrada do conxunto do territorio da Unión.

No marco desta cooperación Galicia ascenderá, especialmente coa rexión Norte de Portugal, o “networking”¹² e intercambio de experiencias e terá como eixes de acción, I+D e a transmisión de coñecementos, e a colaboración na posta en marcha de proxectos de infraestrutura física, acompañados de esforzos conxuntos en materia de boas prácticas, intercambios e redes relacionadas co mercado laboral.

Relación cos eixes do Programa Nacional de Reformas

Como se pode apreciar, o Eixe 1 do PNR, Reforzo da Estabilidade Macroeconómica e Presupostaria, é o único que non se ve afectado por ningún dos obxectivos formulados na estratexia galega de FSE nin no resto de intervencións estruturais. Este Eixe responde a unha dimensión macroeconómica que se afasta do ámbito de actuación estrito da política de cohesión. Non obstante, todas as actuacións que serán levadas a cabo en Galicia no marco do financiamento europeo contribuirán, aínda que de xeito indirecto, á consecución dunha maior estabilidade económica para o conxunto da rexión.

Así, a través dos Obxectivos Intermedios 1, 2, 3 e 4 da estratexia conxunta responderase ao Eixe 2 do PNR, Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT) e do Programa de Actuacións para a Xestión e Utilización da Auga (AUGA), o obxectivo da cal é acometer os investimentos necesarios para mellorar a accesibilidade e a intermodalidade dos sistemas

¹² Redes de cooperación

de transporte e velar pola protección do medio ambiente e a xestión dos recursos naturais, en especial da auga.

O Obxectivo 11 ten o seu reflexo no Eixe 3 do PNR, Aumento e Mellora do Capital Humano, orientado á mellora do sistema educativo e formativo e á adaptación da educación á Sociedade da Información. Estes obxectivos atopan a súa materialización e contribución no Programa Operativo do FSE, se ben se ven reforzados en Galicia con accións no ámbito do FEDER, mediante as axudas á construción de infraestruturas sociais e o fomento da tecnoloxía, a innovación e as TIC.

Os Obxectivos 5, 6 e 7 veñen a dar resposta ao Eixe 4 do PNR, a estratexia de I+D+i (INXENIO 2010), destinado ao desenvolvemento da economía do coñecemento. Neste sentido Galicia a través da aplicación do seu Plan Galego de I+D+i e o Plan Galego de Sociedade da Información proporcionará un novo impulso á I+D+i e a adaptación ás novas tecnoloxías da información na rexión.

O Eixe 5 do PNR, Máis competencia, mellor regulación, eficiencia das Administracións Públicas e competitividade, ao igual que o Eixe 1, pertence a unha dimensión máis macroeconómica que a desenvolvida pola política de cohesión, aínda que este Eixe se pode relacionar cos obxectivos de mellora da capacidade de xestión das administracións públicas, e atopar a súa aplicación en Galicia grazas a aquelas actuacións relacionadas co Obxectivo estratéxico 12 do Programa Operativo.

Os obxectivos de mellora da empregabilidade e do mercado do traballo establecidos no Eixe 6 do PNR, Mercado de Traballo e Diálogo Social, atopan a súa correspondencia cos Obxectivos 9, 10, 11, 13, 14 e 16. A través da implantación das actuacións en materia de igualdade de oportunidades, mellora da adaptabilidade e ás axudas específicas a aqueles colectivos máis desfavorecidos, Galicia contribuirá á mellora da súa masa laboral e á prolongación da súa vida activa.

Galicia contribuirá ao Eixe 7 do PNR, Plan de Fomento Empresarial, a través da consecución dos Obxectivos Intermedios 6 e 8 do MECEGA, polos cales se fará fronte ao déficit de desenvolvemento empresarial da rexión, fomentarase a competitividade das empresas de cara ao exterior, e potenciarase a innovación e o espírito empresarial.

Por último cabe sinalar que os Obxectivos 14, 15 e 16 son os que de xeito máis representativo veñen a responder á dimensión territorial que caracteriza a política de cohesión europea. A política de cohesión configúrase como o principal instrumento político e económico para a consecución dun desenvolvemento harmonioso e sostible do conxunto da Unión, prestando unha especial atención a todas aquelas realidades territoriais que un espazo xeográfico tan heteroxéneo e complexo como o europeo presenta. Por este motivo estes obxectivos non contan cunha presenza directa no Programa Nacional de Reformas, que carece de dimensión territorial, se ben se configuran como algúns dos principais obxectivos da nova política de cohesión, tal e como se recolle nas Directrices Estratéxicas Comunitarias.

2.2. SELECCIÓN DOS EIXES PRIORITARIOS DA ESTRATEXIA

2.2.1. XUSTIFICACIÓN DA ESTRATEXIA

O Marco de Referencia para o desenvolvemento dos recursos humanos en España, serve de enlace entre as actuacións plurianuais deseñadas no MENR e o Plan Nacional de Reformas, cuxo sexto e sétimo Eixes recollen as necesidades do mercado de traballo español. Iso esixe a necesidade de converter os Fondos Estruturais, particularmente o FSE, no instrumento privilexiado de financiamento dos Plans Nacionais de Emprego. Neste sentido, o PO FSE de Galicia estrutúrase en torno aos cinco Eixes prioritarios (Táboa 24).

Táboa 24: Relación de Eixes prioritarios do Programa Operativo FSE de Galicia 2007-2013

EIXES PRIORITARIOS DO PROGRAMA OPERATIVO FSE
1. Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios 2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre home e mulleres 3. Aumento e mellora do capital humano 4. Promover a cooperación transnacional e interrexional 5. Asistencia técnica

Fonte: Documento MENR de DG Fondos Comunitarios do MEH de 9 de xuño de 2006.

Neste sentido, a seguinte Táboa reflicte a coherencia da Estratexia Rexional coas Directrices Integradas para o Crecemento e o Emprego, o PNR e o MENR.

Táboa 25: Vinculación da estratexia coas Directrices Integradas para o Emprego e o Crecemento, o PNR e o MENR

DIRECTRICES INTEGRADAS PARA O CRECIMENTO E O EMPREGO 2005 – 2008	PLAN NACIONAL DE REFORMAS EIXES PRIORITARIOS	MENR EIXES FSE	PO FSE de Galicia EIXES PRIORITARIOS
2, 3, 5, 6, 11, 15, 19 y 21	EIXE 1: Reforzo da Estabilidade Macroeconómica e Presupostaria		
7, 11, 14 y 16	EIXE 2: PEIT e o Programa Auga		
8, 9, 23 y 24	EIXE 3: Aumento e mellora do capital humano	Eixe 3	Eixe 3
7, 8, 9, 10 y 24	EIXE 4: A estratexia de I+D+i (INXENIO 2010)		
2, 8, 9 11, 12, 13, 14, 15 y 16	EIXE 5: Máis competencia, mellor regulación, eficiencia das Administracións Públicas e competitividade.	Eixe 5	Eixe 5
2, 4, 15, 17, 18, 19, 20, 21, 22 y 23	EIXE 6: Mercado de Traballo e Diálogo Social	Eixe 2 Eixe 1 Eixe 4	Eixe 2 Eixe 1 Eixe 4
2, 7, 8, 10, 13, 14 y 15	EIXE 7: Plan de Fomento Empresarial		

Fonte: elaboración propia.

O Eixe 4 “Promover a cooperación transnacional e interrexional” atópase incluído na Táboa 25, a pesar de non encaixar de forma directa con ningunha das Directrices Integradas para o Crecemento e o Emprego nin cos eixes do Plan Nacional de Reformas, aínda que si coincide co Eixe 4 do MENR. Polo tanto, pode afirmarse que o devandito Eixe se

acha incorporado con carácter transversal nos devanditos documentos, outorgando unha dimensión trasnacional ás intervencións, seguindo o ronsel da iniciativa EQUAL.

Atendendo a criterios de concentración e coherencia económica que determinan a limitación dos recursos financeiros dispoñibles, e partindo do estipulado polas directrices europeas e nacionais, a articulación operativa establecida para as intervencións estruturais do período de programación 2007-2013 céntrase nas necesidades rexionais identificadas tendo presente os obxectivos a alcanzar.

Por outra parte, á luz das recomendacións das avaliacións intermedias, xunto coa análise efectuada do mercado laboral no marco do proceso de diálogo social, obsérvase que persisten importantes necesidades en termos da empregabilidade dos recursos humanos da rexión, así como de adecuación da oferta formativa e de cualificacións ás necesidades empresariais.

Para iso, as prioridades rexionais definidas para as intervencións correspondentes ao Programa Operativo do FSE de Galicia concentran os seus esforzos en lograr o Obxectivo Final 3 relativo a *“Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social”*.

Á luz da análise efectuada, propónse -en función das necesidades detectadas na rexión- un enfoque equilibrado entre os tres primeiros Eixes, xa que Galicia presenta debilidades relacionadas cos tres ámbitos, que requiren de actuacións específicas, como se verá máis adiante.

Non obstante, a formulación estratéxica da Comunidade Autónoma no próximo período pasa polo impulso da competitividade, a cal se plasma no Fondo Social Europeo nos Eixes 1 e 3, que recollen o 65% da axuda proposta, como acompañamento ás intervencións de I+D+i e desenvolvemento empresarial contempladas no Programa Operativo FEDER e en liña coas Directrices Estratéxicas Comunitarias e a Estratexia de Lisboa.

Destaca por outra parte, a orientación con carácter transversal cara á innovación e o reforzo da competitividade en todas as intervencións a efectuar en Galicia no marco do FSE no período 2007-2013.

En calquera caso, neste contexto se establece a necesidade de poñer unha maior énfase, dentro do Programa, nas actuacións dirixidas ao aumento e mellora do capital humano, especialmente en formación de base e en materia de I+D.

Por outra banda, a través do Eixe 1, fomentárase a formación dos recursos humanos, sobre todo para aqueles empregados pouco cualificados e de idade máis avanzada, para que se adapten aos cambios e consigan prolongar a súa vida laboral, así como a redución da temporalidade no emprego, tendo en conta os indicadores de formación continua en Galicia, significativamente inferiores á media estatal. Nesta liña, preténdese dar resposta ás esixencias de garantir que a poboación ocupada non perda o seu posto de traballo ou outras oportunidades de negocio -por carecer da adaptabilidade necesaria- e, por outro, de favorecer a implantación de empresas e a creación de novos focos de negocio -en particular, aquelas que destaquen pola súa capacidade de aproveitamento dos recursos endóxenos da rexión e, sobre todo, de xeración de emprego (en particular, naqueles ámbitos máis demandados e con maior capacidade de integración dos colectivos con problemas de inclusión)-.

En menor medida, aínda que con grande importancia dentro do Programa, distínguense as actuacións do Eixe 2 que xiran en torno ao incremento da empregabilidade das persoas desempregadas e/ou aqueles colectivos vulnerables, a través de actuacións de orientación, asesoramento e formación axustadas ás necesidades individuais, fundamentalmente itinerarios integrados de formación e emprego, principalmente dirixidas a aqueles con maiores necesidades, tales como mulleres, novas, maiores de 45 anos, parados de longa duración, persoas con minusvalidez ou inmigrantes. Destaca así mesmo neste Eixe o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e da conciliación entre a vida familiar e laboral.

Estes dous primeiros Eixes actúan a favor do aumento do capital humano da rexión -acorde coas necesidades imperantes no mercado-, se ben é a través das actuacións específicas do Eixe 3, que se impulsarán e reforzarán as capacidades do sistema educativo da rexión e as cualificacións dos recursos humanos, reforzando a formación de carácter secundario e a adquisición de capacidades en ciencia e tecnoloxía, o cal redundará nunha mellora do nivel educativo dos galegos, que lles sitúe en mellor situación relativa á hora de acceder ao mercado laboral e/ou de conservar o seu posto de traballo nun ámbito cambiante e no que impera a innovación e a mellora continua.

Por último, e como reforzo de todo o anterior, establécese a posta en común de experiencias, xunto coas actuacións de Asistencia técnica.

A nivel transversal, a Xunta de Galicia poderá utilizar o presente PO como instrumento de atención especial para zonas con problemas (zonas urbanas desfavorecidas, áreas xeográficas afectadas pola deslocalización, entre outras) de acordo coa posibilidade ofrecida polo artigo 4.2. do Regulamento (CE) N° 1081/2006 e en consonancia coas accións do FEDER no ámbito do desenvolvemento urbano sostible, especialmente a través do Tema prioritario 61: proxectos de integración urbana e rural.

2.3. ENFOQUE ESTRATÉGICO DOS EIXES PRIORITARIOS

Eixe Prioritario 1. Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios

No actual contexto de cambio tecnolóxico, é moi importante asegurar que aqueles que actualmente teñen un posto de traballo non o perdan ao carecer da flexibilidade precisa para ir adecuando a súa formación ás cambiantes necesidades do mercado. Nesta liña, enmárcanse as actuacións dirixidas á consecución do Obxectivo Intermedio OI 10. “Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral”.

Para isto será necesario contar cunha sociedade na que se valore a iniciativa empresarial mediante a sensibilización a aqueles axentes que xogan un papel de apoio aos futuros empresarios: escolas, universidades, investidores, comunidades locais, organizacións empresariais, entre outros.

A creación de novas empresas en sectores existentes ou naqueles que se manifesten como xeradores de emprego no futuro é unha necesidade evidente, polo que debe potenciarse a creación de novas empresas, particularmente PEME, que xeren riqueza e con iso emprego.

Neste sentido, cabe destacar, en primeiro lugar, a necesidade de acentuar as actuacións dirixidas a que os traballadores e empresarios de Galicia teñan capacidade de resposta ante as esixencias derivadas dos cambios tecnolóxicos e sectoriais da economía. En consecuencia, estableceuse como prioridade o “Fomento de espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios” que pretende, ao mesmo tempo, revitalizar os esforzos realizados, ata o momento, para mitigar a elevada precariedade do mercado de traballo galego e promover a creación de empresas.

Son necesarias actuacións que fomenten a formación continua dos traballadores ocupados, sobre todo para aqueles empregados pouco cualificados e de idade máis avanzada, para que se adapten aos cambios e consigan prolongar a súa vida laboral. Por outra banda, estas irán acompañadas de accións destinadas ao fomento do espírito empresarial e o autoemprego, abranguendo instrumentos que vaian dende a información e a orientación, á formación especializada e ao fomento do autoemprego. O FSE poderá tamén financiar no marco deste Eixe, actuacións dirixidas a aumentar o atractivo do emprego a tempo parcial.

As actuacións contempladas neste Eixe concentran o 30% dos recursos dada a importancia que ten, sobre a economía galega por un lado, a necesidade de garantir que a poboación ocupada non perda o seu posto de traballo ou outras oportunidades de negocio por carecer da adaptabilidade necesaria e, por outro, a implantación de empresas e a creación de novos focos de negocio -en particular, aquelas que destaquen pola súa capacidade de aproveitamento dos recursos endóxenos da rexión e, sobre todo, de xeración de emprego (en particular, naqueles ámbitos máis demandados e con maior capacidade de integración dos colectivos con problemas de inclusión) (Táboa 26).

O presente Eixe persegue os seguintes obxectivos xerais cuantificados a alcanzar no 2010:

- ♦ Aumentar o nivel de cualificación dos traballadores, particularmente mulleres.
- ♦ Mellora da calidade do emprego.
- ♦ Incrementar e mellorar a creación e consolidación / modernización de empresas.

Táboa 26: Obxectivos cuantificados do Eixe Prioritario 1. Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios a lograr no 2010

Obxectivos xerais do Eixe 1	Obxectivos específicos do Eixe 1	Indicadores estratéxicos do Eixe prioritario 1		Valor Refcia 2006	Obxectivo 2010	Obxectivo 2013
Aumentar a creación/ consolidación de empresas	Impulsar a creación de empresas. Favorecer a capacidade de resposta das empresas ante as novas esixencias do mercado.	Taxa de creación de empresas	Taxa de creación de empresas (Proporción de empresas creadas durante un ano, respecto ás empresas existentes o 1 de xaneiro dese mesmo ano)	11,4 (Dato 2004)	12,5	13,1
			Taxa masculina de actividade emprendedora (TEA)	6,68 (Dato 2005)	7,3	7,6
			Taxa feminina de actividade emprendedora (TEA)	4,21 (Dato 2005)	5,1	5,7
Aumentar o nivel de cualificación dos traballadores, particularmente mulleres	Potenciar a formación continua dos traballadores. Aumentar o nivel de formación dos traballadores e empresarios.	% da poboación de 25 e máis anos asistentes a cursos de formación permanente	Porcentaxe de homes entre 25 e 64 anos asistentes a cursos de formación permanente (Nº de homes entre 25 e 64 anos que recibiron calquera tipo de educación ou de formación nas últimas catro semanas anteriores á referencia da enquisa como porcentaxe do total de homes entre 25 e 64 anos)	11,2 (Dato 2005)	11,6	12,0
			Porcentaxe de mulleres de 25 e máis anos asistentes a cursos de formación permanente (Nº de mulleres entre 25 e 64 anos que recibiron calquera tipo de educación ou de formación nas últimas catro semanas anteriores á referencia da enquisa como porcentaxe do total de mulleres entre 25 e 64 anos)	13,5 (Dato 2005)	14,1	14,5
Mellorar a calidade do emprego	Lograr emprego estable e de calidade, especialmente entre as mulleres.	Taxa de temporalidade na contratación	Temporalidade na contratación- % de asalariados suxeitos a un contrato laboral temporal sobre total asalariados (Diminución)	34,9%	17	15
			Temporalidade na contratación feminina (Diminución)	38,7%	17	15
			Temporalidade na contratación masculina (Diminución)	32%	17	15
		Índice de incidencia de accidentes laborais	(Nº de traballadores que sufriron accidentes laborais con baixa x 100.000 traballadores)	5.768,1 (Dato 2005)	4.902,9 (Redución do 15%)	4.390

Fonte: elaboración propia, a partir de datos INE, EPA e Anuario estatístico MTAS.

Eixe Prioritario 2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres

A taxa de desemprego de Galicia, que no último período de programación descendeu, achégase paulatinamente á media da Unión Europea, se ben continúan existindo na rexión importantes desequilibrios no mercado laboral e que afectan fundamentalmente a mozos, mulleres, minusválidos e inmigrantes, polo que a consecución dos obxectivos, pasará pola mellora dos indicadores para esa poboación. Enmárcanse nesta prioridade as actuacións tendentes á consecución dos obxectivos intermedios OI 9. “Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos,” OI 13. “Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario” e OI 11. “Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas”. Por outra banda, tamén contribúe os OI 14. “Apoiar un desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais, atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais,” de carácter máis xenérico.

Para lograr a converxencia con España e a Unión Europea, Galicia deberá aumentar a súa taxa de emprego, mellorando as condicións de empregabilidade e propoñendo oportunidades de integración social e laboral, especialmente entre aqueles grupos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión.

Como quedou patente anteriormente, a situación laboral da muller en Galicia segue estando por debaixo dos estándares europeos e, aínda que a súa taxa de actividade sexa superior á media nacional, a súa taxa de desemprego continúa sendo das máis altas de España e as diferenzas salariais persisten e replican unha realidade nacional.

O incremento da xeración de emprego segue estando por debaixo do incremento dos activos, o que demostra a incapacidade da armazón económica galega de asimilar o total das mulleres activas, que en boa medida anteriormente tamén se atopaban activas, aínda que non rexistradas ou traballando na explotación familiar, no caso das actividades agrícolas ou pesqueiras.

As diferenzas salariais e as dificultades das mulleres para conciliar a vida laboral e familiar serán aspectos prioritarios que haberá que abordar á hora de reducir a discriminación por razóns de xénero no mercado laboral, adoptando medidas específicas para a diminución da elevada porcentaxe de mulleres desempregadas ou con baixa remuneración.

A persistencia na necesidade dunha mellor formación da poboación e de implementación de medidas de inserción e de axudas ao emprego para os principais colectivos afectados polo desemprego -os mozos, as mulleres, os minusválidos, os inmigrantes e as persoas en risco de exclusión- xustifica a realización deste tipo de políticas, reforzadas con actuacións de apoio psicolóxico, orientación e de acompañamento no inicio da vida laboral.

Neste sentido, a importancia destes colectivos non permite que se poida obviar o establecemento de actuacións, nas que o factor común é a situación de desemprego. Os requirimentos da Unión Europea e a propia realidade da rexión reclaman ademais un trato específico aos colectivos desfavorecidos, que sofren de discriminación en todos os ámbitos sociais e, especialmente, no ámbito laboral.

Desta forma xustifícase unha alta absorción de recursos, por parte desta prioridade dentro da Estratexia -do 30% do gasto total-, posto que as dificultades detectadas no mercado de

traballo, e en particular para os colectivos específicos, requiren a implantación de actuacións e políticas exclusivas para solucionar problemas de inserción sociolaboral. Cabe destacar que é neste Eixe no que se insiren de forma destacada as operacións previstas polos organismos da Administración Xeral do Estado a través dos Programas Operativos Plurirrexionais. No caso do PO “Loita contra a discriminación” prevense actuacións en Galicia destinadas aos colectivos con maiores dificultades de inserción, entre os que, como xa vimos, destacan as mulleres, as persoas con minusvalidez e os inmigrantes, mentres que no PO “Adaptabilidade e Emprego” se dedica un 53% do gasto aos Temas prioritarios 66, 71, 81 (Táboa 27).

En termos xerais, o presente Eixe pretende incidir sobre os seguintes aspectos fixando uns obxectivos a lograr no 2010, en liña cos establecidos na Axenda de Lisboa:

- ♦ Incremento da taxa de emprego.
- ♦ Redución da taxa de desemprego, particularmente mulleres e maiores de 55 anos.
- ♦ Fomentar a conciliación e a inclusión social de colectivos en risco de exclusión (mozos, desempregados, inmigrantes, discapacitados e persoas excluídas ou con risco de exclusión).

Táboa 27: Obxectivos cuantificados do Eixe Prioritario 2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres

Obxectivos xerais do Eixe 2	Obxectivos específicos do Eixe 2	Indicadores estratéxicos do Eixe prioritario 2		Valor Refcia. 2006	Obxectivo 2010	Obxectivo 2013
Incremento da taxa de emprego	Incrementar taxa de emprego global	Taxa de emprego global (% de empregados no total da poboación entre 16 e 64 anos)		63,8%	65%	66%
	Incrementar taxa de emprego feminino	Taxa feminina de emprego		54,88%	57%	58,6%
	Mellorar a empregabilidade dos desempregados, especialmente dos colectivos vulnerables.	Taxa de emprego entre 55 e 64 anos	% de homes ocupados respecto do total de homes nese tramo de idade	52,49%	56%	58,6%
			% de mulleres ocupadas respecto do total de mulleres nese tramo de idade	34,27%	35%	35,8%
Reducir a taxa de desemprego	Reducir taxa de desemprego xuvenil Mellorar a adecuación da formación ocupacional ás necesidades do mercado laboral Impulsar iniciativas/proxectos locais	Taxa de desemprego xuvenil	Taxa de desemprego xuvenil masculina (entre 16 e 24 anos)	14%	12,8%	11,8%
			Taxa de desemprego xuvenil feminina (entre 16 e 24 anos)	23,36%	18,5%	14,6%
Conciliación e inclusión	Potenciar mercados de traballo máis inclusivos. Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	Índice xeral de dependencia	Relación entre persoas <16 y >45 con persoas entre 16-65 anos - %	48,52	50,07%	52,42%
		Taxa neta de escolaridade aos dous anos		25,3 (Dato 2005)	27,3%	28,9%

Fonte: elaboración propia, a partir de datos da EPA, INE e MEC.

Eixe Prioritario 3. Aumento e mellora do capital humano

É un feito demostrado que os investimentos en infraestruturas, o desenvolvemento empresarial e a investigación non conseguen os obxectivos de mellora da competitividade e as oportunidades de emprego, se non se conta cun capital humano altamente capacitado. No caso de Galicia, como se constatou no diagnóstico, existe unha evidente necesidade de aumentar o investimento en capital humano, mellorando a educación e a capacitación, reducindo os niveis de abandono escolar, incentivando o retorno de investigadores e traballadores cualificados galegos, e aumentando a demanda de persoal cualificado por parte das empresas.

Deste modo, a estratexia contemplada no Programa Operativo de FEDER, que destina importantes esforzos ao fomento da competitividade a través da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, require un esforzo complementario en materia de cualificación dos recursos humanos necesarios para iso.

Neste sentido, Galicia desexa, a través do FSE e outros instrumentos, ampliar e mellorar o seu investimento en capital humano, ao mesmo tempo que se formula adaptar os sistemas de educación e de formación para proporcionar unha resposta máis axeitada ás novas esixencias en materia de competencias e habilidades, de xeito complementario coas reformas implementar para conseguir manter e atraer máis persoas no mercado laboral.

Aínda que a taxa de abandono escolar sexa significativamente inferior á media española, aínda se afasta do obxectivo do 10% establecido na Estratexia de Lisboa, polo que Galicia deberá acometer aquelas reformas necesarias para asegurar unha oferta axeitada de educación e formación atractivas, accesibles e de alta calidade, que axuden a reducir a taxa de abandono escolar e incrementen os niveis de finalización da educación secundaria obrigatoria.

En consecuencia, as reformas educativas deberanse centrar na potenciación de aspectos como o incremento das relacións entre empresas e institucións formativas, flexibilizar os procesos de formación, aproveitar e impulsar a utilización de novas tecnoloxías e diversificar as titulacións.

Neste sentido haberá que impulsar a formación profesional, como alternativa viable á educación universitaria. A mellora e adaptación da formación profesional ás necesidades da economía rexional axudará a incrementar a preparación dos mozos de cara á súa inserción laboral, aumentará os seus niveis de emprego e suporá unha mellor retribución salarial. Deberase prestar atención naqueles aspectos relacionados coa Sociedade da Información, velando pola inclusión e utilización das súas ferramentas en calquera tipoloxía formativa.

En canto á educación superior, Galicia conta cun elevado potencial en recursos humanos formados en ciencia e tecnoloxía, (un 9,6 por cada 1000 fronte ao 12 en España e o 13,5 de obxectivo do PNR)¹³. Non obstante, a rexión segue mostrando importantes barreiras á hora de introducir estes mozos no mercado laboral, polo que haberá que apoiar a modernización da educación superior e o desenvolvemento das capacidades do potencial humano en investigación e innovación.

Co fin de aproveitar as novas oportunidades brindadas polas reformas en materia educativa, Galicia terá que impulsar a demanda de profesionais cualificados por parte das súas empresas, especialmente as PEME. Para isto deberanse desenvolver, entre outras, accións

¹³ Titulados superiores entre 20 e 29 anos por cada 1000 habitantes de entre 20 e 29 anos.

de apoio á contratación de mozos cualificados, establecer convenios de colaboración entre centros formativos e empresas e potenciar a formación continua nas empresas.

Estas circunstancias derivan, entre outras, na necesidade de reforma do sistema educativo e o fomento deste tipo de actuacións (Prioridade 3. Aumento e mellora do capital humano) para solucionar problemas de base significativos en Galicia, como o prematuro abandono escolar, a súa menor capacidade relativa de investigación e innovación e a falta de adaptación do sistema educativo galego á realidade do mercado laboral.

A importancia básica desta prioridade na economía galega e o seu carácter fundamental para a consecución das dúas prioridades anteriores determinan unha asignación maior de recursos, ata alcanzar un 35% do gasto financeiro.

Este Eixe pretende incidir na mellora da educación, mediante a formación de formadores así como en potenciar a coordinación e transferencia da investigación científica e técnica dirixindo os esforzos aos grupos de investigadores e ás empresas, estreitando os vínculos entre as PEME e a Universidade e os Centros Tecnolóxicos e de Investigación da I+D+i e de profesionais técnicos. Neste sentido, fórmulase o obxectivo xeral de mellora da educación. Con tal finalidade, establécense os seguintes indicadores estratéxicos para o presente Eixe e os obxectivos cuantificados a alcanzar a 2010 (Táboa 28).

Táboa 28: Obxectivos cuantificados do Eixe Prioritario 3. Aumento e mellora do capital humano

Obxectivos xerais do Eixe 3	Obxectivos específicos do Eixe 3	Indicadores estratéxicos do Eixe prioritario 3	Valor Refcia. 2006	Obxectivo 2010	Obxectivo 2013
Redución do abandono escolar	Incentivar o desenvolvemento de programas, esquemas e contidos que contribúan a previr e reducir o abandono escolar prematuro	Taxa de abandono escolar (% de poboación de 18 a 24 anos que non completou E. secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación)	23,6 (Dato 2005)	12,5	9,1
		Taxa masculina de abandono escolar	30,6 (Dato 2005)	15,2	11,0
		Taxa feminina de abandono escolar	16,3 (Dato 2004)	9,5	7,2
Incrementar poboación con estudos secundarios	Impulsar a formación profesional	Taxa bruta de poboación graduada en ensino obrigatorio	76,1 (Dato 2004)	85,7	89,6
	Reforzar os vínculos entre o sistema educativo e a empresa privada	Taxa masculina bruta de poboación graduada en ensino obrigatorio	68,3 (Dato 2004)	78,8	84,1
	Mellorar os sistemas educativos e formativos que aseguren a adecuación da oferta de emprego ás demandas do mercado de traballo	Taxa feminina bruta de poboación graduada en ensino obrigatorio	84,2 (Dato 2004)	91,4	95
Incremento alumnos en ciencia e tecnoloxía	Reter o persoal cualificado Incrementar o número de investigadores no campo da I+D+i. Mellorar a formación dos investigadores	Graduados en Ciencia e Tecnoloxía (Número de graduados en educación superior en Ciencia e Tecnoloxía por 1.000 habitantes de 20 a 29 anos) - Total	13,8 (Dato 2004)	14,5	14,9
		Graduados en Ciencia e Tecnoloxía (Número de graduados en educación superior en Ciencia e Tecnoloxía por 1.000 habitantes de 20 a 29 anos) - Homes	17,7 (Dato 2004)	18,2	18,5
		Graduados en Ciencia e Tecnoloxía (Número de graduados en educación superior en Ciencia e Tecnoloxía por 1.000 habitantes de 20 a 29 anos) - Mulleres	9,7 (Dato 2004)	10,6	11,2

Fonte: elaboración propia, a partir de datos do MEC.

Por último, e como reforzo de todo o anterior, a posta en común de experiencias e proposta de actuacións conxuntas con outras rexións e países europeos -ante a existencia de problemáticas comúns- contribúe ao crecemento e á evolución da economía galega. Por conseguinte, considerouse oportuna a necesidade de articular un cuarto Eixe dirixido a Promover a cooperación transnacional e interregional.

A importancia financeira desta prioridade (3%) é acorde, tamén, cos obxectivos da Estratexia e requirimentos do tipo de actuacións que se desenvolverán dentro dela -xornadas, plataformas de experimentación, creación de redes, entre outras -.

O 2% restante corresponde ás actuacións de Asistencia técnica, que serven de apoio ao resto das operacións dos 4 Eixes do FSE para o período 2007-2013. A continuación, e co obxecto de clarificar, a coherencia da estratexia formulada a través dos Obxectivos Intermedios coas prioridades de intervención da política de cohesión, a Táboa 29 pon de relevo, como resumo do anterior, a adecuación das prioridades rexionais estratéxicas definidas en relación cos obxectivos específicos do PO.

En concreto, relaciona aqueles Obxectivos Intermedios da estratexia que se atopan relacionados cos ámbitos de actuación do Fondo Social Europeo coas mencionadas prioridades, que recollen as Directrices Estratéxicas Comunitarias, de modo que cada un deles encaixa nunha prioridade, se ben todos eles se refiren fundamentalmente á segunda delas.

Táboa 29: Adecuación das principais prioridades estratéxicas e os Obxectivos Intermedios definidos en estratexia rexional de intervención estrutural 2007-2013

Prioridade	Obxectivo Intermedio
Prioridade 1. "Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios"	OI 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.
Prioridade 2. "Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres"	OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos. OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas. OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas. OI 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario. OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.
Prioridade 3. "Aumento e mellora do capital humano"	OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.

Fonte: elaboración propia.

2.4. COMPLEMENTARIEDADE

De acordo co artigo nove do Regulamento (CE) N° 1083/2006, de disposicións xerais, para este novo período de programación “*os Estados membros velarán porque as intervencións dos Fondos sexan coherentes coas actividades, políticas e prioridades da Comunidade e sexan complementarias con respecto a outros instrumentos financeiros da Comunidade*”.

Por conseguinte, garantir e favorecer as sinerxías entre os distintos Programas Operativos adquire unha especial relevancia dada a existencia, a diferenza do período de programación anterior, de Programas cofinanciados por un único Fondo.

Antes de entrar na análise concreta da complementariedade entre os distintos fondos, cabe apuntar con carácter xeral que, co fin de garantir a complementariedade e a coordinación no desenvolvemento das actuacións financiadas cos diversos instrumentos financeiros comunitarios dispoñibles, prevese a creación na Comunidade Autónoma de Galicia da **Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios**, como unha comisión interdepartamental dentro da Xunta de Galicia, adscrita á Consellería de Economía e Facenda, na que estarán representados os departamentos responsables da xestión dos distintos fondos (FSE, FEDER, FEADER e FEP).

2.4.1. COMPLEMENTARIEDADE CO FEDER

O Programa Operativo FEDER ten como principais obxectivos atender os desequilibrios rexionais dende un punto de vista económico, social e ambiental. No caso concreto de Galicia as necesidades e potencialidades manifestas reflectiron os ámbitos específicos que requiren unha maior atención na rexión (véxase DAFO).

Para analizar a complementariedade do Programa Operativo FSE co Programa Operativo FEDER analizouse, por un lado, cál é a relación existente entre os principais obxectivos estratéxicos da rexión e os Eixes e Temas prioritarios de FEDER e, por outro, cos Temas prioritarios do FSE.

A Táboa 30 mostra a correspondencia existente entre os 16 Obxectivos Intermedios da estratexia conxunta estrutural de Galicia e a súa tradución operativa nos ámbitos de FEDER e FSE, destacando a participación de ambos os dous fondos nos Obxectivos 10, 11, 12 e 13, que é onde se producen sinerxías e complementariedades. Con carácter adicional destaca a dotación de infraestruturas de transporte, previstas no FEDER, que contribuirán a mellorar as condicións de acceso da poboación ao mercado de traballo e de disposición de alternativas de diversificación económica, ao medio rural, grazas ao aumento da interconexión e novas redes de transporte.

Nesta mesma liña, existe complementariedade a través das actuacións que se desenvolvan dentro do Eixe 1 de *Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i)*. En particular, as actuacións que se leven a cabo baixo esta prioridade presentan importantes sinerxías cos Obxectivos Intermedios aliñados co FSE 9, 10 e 11, é dicir, contribúen, de xeito directo e indirecto, á mellora da capacidade de resposta dos traballadores e empresarios -ante as novas demandas organizativas e de diversificación do mercado- e á superación das carencias de I+D+i e de transferencia tecnolóxica da rexión.

Táboa 30: Relación entre Obxectivos da estratexia de Galicia e os Eixes do FEDER e FSE

Obxectivo Final sobre o que inflúe	Obxectivos Intermedios MECEGA	EIXES FEDER							EIXES FSE				
		1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5
OF 1	1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial.				X								
OF 4	2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.			X									
OF 4	3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.				X								
OF 4	4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxas renovables).				X								
OF 2	5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).	X	X										
OF 2	6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.	X	X										
OF 1	7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.	X											
OF 1	8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.		X										
OF 3	9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.								X	X			
OF 3	10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.						X		X				
O.F 3	11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	X							X		X		
OF 1	12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.							X					X
OF 3	13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario.						X			X			
OF 1	14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.					X							
OF 4	15. Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento.					X							
OF 1	16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.											X	

Fonte: elaboración propia.

Así mesmo, as actuacións do FEDER reforzarán as desenvolvidas polo FSE co obxecto de favorecer a diversificación dos municipios rurais, de menor tamaño, máis illados xeograficamente e máis dependentes da agricultura e das inclemencias climáticas.

En particular, como se observa na Táboa 31, a complementariedade vén determinada polas actuacións que se desenvolvan dentro do Eixe 1 e 2 do FEDER. En particular, as actuacións que se leven a cabo baixo estas prioridades presentan importantes sinerxías principalmente cos Obxectivos Intermedios do Programa FSE 10 e 11, ou o que é o mesmo, cos Eixes 1 e 3 do FSE, é dicir, contribúen, de xeito directo e indirecto, á mellora da capacidade de resposta dos traballadores e empresarios -ante as novas demandas organizativas e de diversificación do mercado- e á superación das carencias de I+D+i e de transferencia tecnolóxica da rexión.

Dentro do Eixe 5 do PO FEDER, “*Desenvolvemento sostible local e urbano*”, descríbense, entre outras, as actuacións que se van realizar nos municipios de tamaño mediano e pequeno (entre 20.000 e 50.000 habitantes e Deputacións Provinciais que aglutinen poboación de polo menos 20.000 habitantes), e nos municipios de maior tamaño (URBAN para municipios de máis de 50.000 habitantes e capitais de provincia). Pois ben, na medida en que sexa posible, as actuacións do FSE, complementarán as que se realicen neste marco definido para o Eixe 5 do PO FEDER, en apoio dos Obxectivos Intermedios 14 e 15.

Neste sentido, destacan as actuacións relacionadas cos recursos humanos e o emprego no ámbito dos proxectos integrais de desenvolvemento rural e urbano da categoría 61, que serán cofinanciadas polo FSE nas zonas nos que estes se desenvolvanse e de xeito especial naquelas áreas xeográficas que se enfrontan aos problemas máis graves, tales como as zonas urbanas desfavorecidas.

Prodúcese complementariedade así mesmo no marco do Eixe 6 do FEDER, a través da atención aos Obxectivos Intermedios 10 e 13. A dotación de infraestruturas educativas complementáase coas actuacións do FSE do Eixe 3 encamiñadas ao desenvolvemento do capital humano, mentres que a de infraestruturas para a custodia de fillos e de persoas dependentes constitúe o apoio material das actuacións do Eixe 2 do FSE destinadas a fomentar a conciliación entre a vida familiar e laboral, así como a promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, xa que estas son as que se ocupan en maior medida, como se viu no apartado 1.4., dos fillos e doutras persoas dependentes.

Táboa 31: Correspondencia entre os Obxectivos Intermedios e Eixes do Programa Operativo FSE¹⁴ e as prioridades do Programa Operativo FEDER

OBXECTIVOS INTERMEDIOS/ EIXES DO PO FSE GALICIA	EIXES PRIORITARIOS FEDER GALICIA			
	Economía Coñecemento (Eixe 1)	Desenvolvemento e Innovación empresarial (Eixe 2)	Desenvolvemento Sostible Local e Urbano (Eixe 5)	Infraestruturas sociais (Eixe 6)
9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos. / EIXE 2		✓		✓
10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral. / EIXE 1	✓	✓		✓
11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas / EIXE 3	✓	✓		
13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario / EIXE 2				✓
14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais / EIXE 2			✓	
16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios / EIXE 4	✓		✓	

Fonte: elaboración propia.

2.4.2. COMPLEMENTARIEDADE CO FEADER

O carácter rural da economía galega caracterízase, como se fixo referencia no diagnóstico da rexión, pola reducida modernización do sector e a progresiva diminución da poboación ocupada nel (na actualidade o 10,7% da poboación ocupada, incluíndo a pesca).

Neste contexto, o FEADER co seu obxectivo de *contribuír á promoción dun desenvolvemento rural sostible* contribuirá ao aumento da produción do sector (caracterizado pola súa baixa produtividade e os seus altos custos de produción, problemas relativos ao chan), a mellora da situación sociolaboral dos seus traballadores (de elevada idade

¹⁴ O vínculo entre os Obxectivos Intermedios da estratexia de Galicia relacionados co FSE e os Eixes e Temas prioritarios do FSE figura na Táboa 20.

media) e o fomento do coidado e respecto do medio ambiente (necesidade de introdución de sistemas respectuosos co contorno).

Por conseguinte, a complementariedade do FEADER co FSE formúlase dende o punto de vista:

- ▲ Do reforzo das capacidades dos traballadores do sector agrario, a través de actuacións de formación e de fomento do relevo xeracional (Eixe 1).
- ▲ Da consecución de mecanismos ou sistemas de xestión de produción máis eficientes -fomento da transferencia tecnolóxica e de innovación, etc. - (Eixe 1).
- ▲ E, por outro lado, da proposta e provisión de alternativas non agrícolas á poboación rural (Eixe 3) e de freo á despoboación das zonas rurais (Eixe 2 e 3).
- ▲ De acordo cos obxectivos do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, o Obxectivo Intermedio 1 refírese ao fomento do coñecemento e desenvolvemento do capital humano, ao que contribuirán as actuacións do Eixe 1 e 3 do presente PO.
- ▲ As actuacións do FEADER complementarias coas do FSE encádranse fundamentalmente no Eixe 1 do seu PO, encamiñado á mellora da competitividade do sector agrícola e silvícola, na medida 1.1.1, que inclúe accións relativas á información e a formación profesional, incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras das persoas que traballan nos sectores agrícola, alimentario e forestal.

Os criterios de demarcación entre os campos de intervención do FSE e do FEADER, en particular a promoción do espírito empresarial, o reforzo do nivel de competencias dos traballadores e dos empresarios, a mellora da empregabilidade das persoas mozas e o desenvolvemento do potencial humano, serán establecidos polo Comité de Seguimento e teranse en conta nos criterios de selección das operacións obxecto de financiación mencionadas no apartado a) do artigo 65 do Regulamento (CE) N° 1083/2006.

2.4.3. COMPLEMENTARIEDADE CO FEP

En pesca, Galicia é líder indiscutible no contexto nacional, rexistrando o 60,8%¹⁵ do total de pesca desembarcada en España, e o 100% da pesca conxelada, contando con importantes empresas destinadas á elaboración e conservación de peixes, as cales constitúen o 23,3% do total a nivel estatal.

Xunto coa agricultura ocupa o 10,7% da poboación ocupada da rexión, representando entre ambas as dúas un 4,5% do PIB galego en 2005.

As accións do FSE que complementen as accións do FEP poderán consistir en formación de traballadores e empresarios do sector pesqueiro, co obxecto de mellorar as aptitudes dos profesionais do sector en termos de melloramento de condicións de traballo e de seguridade, de sensibilización en materia de igualdade entre homes e mulleres e medio ambiente e de diversificación fóra do sector. O comité de seguimento establecerá

¹⁵ Porcentaxe do tráfico pesqueiro correspondente aos Portos do Estado localizados na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación ao resto de Portos do Estado do territorio nacional.

criterios de demarcación claros entre ambos os dous fondos para optimizar o seu efecto complementario e evitar solapamentos.

Ademais, incluíranse os traballadores do sector pesqueiro, como de calquera outro sector, nas medidas de inclusión social financiadas polo FSE e facilitarase a inclusión dos centros científicos ou tecnolóxicos e das empresas do devandito sector en proxectos vinculados coa seguridade e a sanidade do emprego neste mesmo sector.

En consecuencia, de acordo coos obxectivos do FEP, isto é:

- Apoiar a política pesqueira común co fin de asegurar unha explotación dos recursos acuáticos vivos que cre as condicións de sostibilidade necesarias no plano económico, social e ambiental.
- Promover un equilibrio sostible entre os recursos e a capacidade da flota comunitaria.
- Incrementar a competitividade das estruturas de explotación e o desenvolvemento de empresas economicamente viables no sector da pesca.
- Fomentar a protección do medio ambiente e dos recursos naturais.
- Promover o desenvolvemento sostible e a mellora da calidade de vida nas zonas marítimas, lacustres e costeiras nas que se exercen actividades de pesca e de acuicultura.
- Promover a igualdade entre homes e mulleres no desenvolvemento do sector pesqueiro e das zonas pesqueiras costeiras.

Dedúcese que a complementariedade entre ambos os dous Fondos vén determinada pola correspondencia, entre ambos os dous Programas, das actuacións de formación profesional e de aplicación de métodos sostibles de xestión e conservación de recursos -motivadas, á súa vez, polas actuacións dirixidas a impulsar a transferencia tecnolóxica entre investigadores e os profesionais do sector e a reforzar a formación dos profesionais do sector en función das necesidades do mesmo e das demandas do mercado-, fundamentalmente, a desenvolver a través do seu Eixe 2 de “Acuicultura, pesca interior, transformación e comercialización de produtos da pesca e acuicultura”; isto é, de apoio a actividades tradicionais de acuicultura e de introdución de sistemas de xestión e de métodos de crianza que contribúan á preservación do medio ambiente e que supoñan favorables perspectivas de mercado.

En particular, cabe destacar a partir dos resultados da Táboa 32:

- A complementariedade das actuacións de compensación e de transformación (Eixe 1 e 2) dirixidas á adaptación da flota e á mellora da acuicultura e da transformación de produtos pesqueiros, respectivamente, que contribúen -mediante accións de formación profesional e outras accións de diversificación (cara a novas especies ou produción doutras de maior demanda- á consecución dos Obxectivos Intermedios 14, 15 da estratexia de intervención estrutural en Galicia.
- Así como a correlación entre as medidas de interese público do Eixe 3 do FEP -destinadas a promover a cooperación entre científicos e profesionais do sector e a mellora da xestión e conservación dos recursos- cos Obxectivos Intermedios 10

e 11 da estratexia de intervención estrutural en Galicia. O FSE poderá contribuír neste sentido a que exista unha mellor coordinación entre centros tecnolóxicos, universidades e empresas dos sectores relacionados coa pesca, en proxectos relacionados coa seguridade e saúde no traballo e co desenvolvemento e mellora das tecnoloxías con menores riscos para os traballadores, así como para o fomento dos recursos humanos dedicados á investigación marítimo-pesqueira.

- ▲ As medidas de fomento de non discriminación e inclusión social, así como da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres cobran especial relevancia no sector pesqueiro, pola presenza de inmigrantes, que requiren sobre todo formación lingüística e pola de mulleres que demandan unha mellora das súas condicións laborais e da conciliación coa vida familiar.
- ▲ Por último, a correspondencia entre as actuacións dirixidas ao mantemento e promoción do emprego mediante a preservación de recursos humanos no sector pesqueiro.

No Comité de Seguimento do PO FSE Galicia 2007-2013 poderá permitirse a participación da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, especialmente, cando se vaian tratar as liñas de demarcación entre o FSE e FEP.

Táboa 32: Relación entre Obxectivos da estratexia de Galicia e as prioridades do FEP reflectidas no Plan Estratéxico Nacional (PEN)

Obxectivos Intermedios Galicia relacionados con FSE/ Eixes FSE / Prioridades Plan Estratéxico Nacional (PEN) do FEP	Xestión e adaptación da flota pesqueira	Desenvolvemento sostible da acuicultura	Desenvolvemento sostible da transformación e comercialización de produtos pesqueiros	Sostibilidade das zonas de pesca	Mellora da competitividade no sector pesqueiro	Preservación dos RR.HH. no sector pesqueiro	Protección e mellora do medio acuático relacionado co sector pesqueiro
9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos / EIXE 2					✓		
10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral I / EIXE 1			✓			✓	
11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas / EIXE 3			✓			✓	
12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas / EIXE 5							
13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario / EIXE 2	✓						

Fonte: elaboración propia.

2.4.4. COMPLEMENTARIEDADE COAS INTERVENCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA AGE (PROGRAMAS OPERATIVOS PLURIRREXIONAIS DO FSE)

As intervencións da AGE a través dos PO Plurirrexionais de FSE, en Galicia divídense entre as dirixidas á *Loita contra a discriminación* e as orientadas a facilitar a *Adaptabilidade e o acceso ao emprego*.

Baseándose no anterior, a complementariedade das actuacións a desenvolver por ambos os dous Programas coas relativas ao Programa Operativo de FSE fórmulase:

- ▲ Por un lado, como reforzo das actuacións que posúen unha especial relevancia na rexión (como é o caso dos déficits relativos ao capital humano).
- ▲ Por outro, como complemento ao incorporar novas categorías de gasto e/ou actuacións concretas -é dicir, que non se desenvolven no rexional -.

En consecuencia realizouse unha análise na que se contraponen as medidas previstas en cada un dos Programas Plurirrexionais coas do PO rexional (especificadas con maior grao de detalle no capítulo posterior) -Táboa 33: e nota explicativa-.

De acordo cos resultados observados cabe destacar a complementariedade do Programa rexional co PO Plurirrexional de Loita contra a discriminación ao intensificarse as actuacións de fomento da empregabilidade, en condicións de igualdade de oportunidades, para aqueles segmentos da poboación nos que se detectaron maiores necesidades -desempregados, mulleres, inmigrantes, etc-. O que require, á súa vez, a implementación de actuacións complementarias de carácter institucional que se levarán a cabo a través do plurirrexional.

Por outro lado, a través do PO Plurirrexional de Adaptabilidade e emprego preténdese reforzar as actuacións encamiñadas a mellorar as habilidades e a capacidade de resposta do capital humano galego, ante as demandas imperantes no mercado de traballo. Para iso, poranse en práctica todas as categorías de gasto do Eixe 1 -como reforzo do Programa rexional- prevendo, ademais, a posta en práctica de servizos específicos para o emprego, formación e apoio, en igualdade de oportunidades, -en sectores e empresas que se atopen en condicións desfavorables- e o impulso de reformas destinadas ao fomento da aprendizaxe permanente e en materias relativas á sociedade do coñecemento (Táboa 34).

Dende ambos os dous Programas Plurirrexionais fomentárase, así mesmo, a cooperación e transferencia de coñecementos con outros países e rexións comunitarias dado o posible aproveitamento de sinerxías pola adopción de actuacións que se desenvolvan con éxito nestas outras zonas comunitarias e/ou como consecuencia de actuacións conxuntas.

Táboa 33: Complementariedade do PO FSE de Galicia co PO Plurirrexional de Loita contra a discriminación

Temas prioritarios PO		66	69	70	71	65	81	80 (Eixe 4)
PO FSE Galicia	62							
	64							
	63							
	68							
	66	✓ ✓						
	69		✓ ✓					
	70			✓				
	71				✓ ✓			
	65					✓		
	80							
	72							
	73							
	74							
	80 (Eixe 4)							✓

Fonte: elaboración propia.

Táboa 34: Complementariedade do PO FSE de Galicia co PO Plurirrexional de Adaptabilidade e Emprego

Temas prioritarios PO		62	64	63	68	66	71	80	72	73	74	80 (Eixe 4)
PO FSE Galicia	62	✓ ✓										
	64		✓									
	63			✓								
	68				✓							
	66					✓ ✓						
	69											
	70											
	71						✓					
	65											
	80							✓				
	72								✓ ✓			
	73									✓		
	74										✓	
	80 (Eixe 4)											✓

Fonte: elaboración propia.

Nota para ambas as dúas Táboas: Sombreáronse aqueles Temas prioritarios de FSE que non se contemplan no outro Programa. Por outra banda, sinaláronse dentro de cada Tema prioritario aquelas liñas de acción do Programa Plurirrexional que ademais de reforzar as actuacións rexionais incorporan outras diferentes cos mesmos fins. No caso de que existan dúas liñas no Eixe nas que se produza complementariedade sinálanses dúas veces.

Táboa 35: Temas e códigos prioritarios do Programa Operativo FSE 2007-2013

Código	Denominación
62	Desenvolvemento de sistemas e estratexias de aprendizaxe permanente nas empresas; formación e servizos aos empregados para mellorar a súa capacidade de adaptación ao cambio; fomentar o espírito empresarial e a innovación.
63	Proxección e difusión de formas innovadoras e máis produtivas de organizar o traballo.
64	Desenvolvemento de servizos específicos para o emprego, a formación e a axuda en relación coa reestruturación de sectores e empresas, e desenvolvemento de sistemas de anticipación de cambios económicos e as futuras necesidades en materia de emprego e cualificacións.
65	Modernización e fortalecemento das institucións do mercado laboral.
68	Apoio ao traballo por conta propia e á creación de empresas.
66	Aplicación de medidas activas e preventivas no mercado laboral.
69	Medidas para mellorar o acceso da muller ao mercado laboral, así como a participación e os progresos permanentes da muller no devandito mercado, co fin de reducir a segregación sexista en materia de emprego e reconciliar a vida laboral e privada; por exemplo, facilitando o acceso aos servizos de coidado e atención de nenos e persoas dependentes.
70	Medidas concretas para incrementar a participación dos inmigrantes no mundo laboral, reforzando así a súa integración social.
71	Vías de integración e reintegración no mundo laboral das persoas desfavorecidas; loita contra a discriminación no acceso ao mercado laboral e na evolución nel e fomento da aceptación da diversidade no lugar de traballo.
80	Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas ¹⁶
72	Proxección, introdución e aplicación de reformas nos sistemas de ensino e formación para desenvolver a empregabilidade, mellorando a adecuación ao mercado laboral do ensino e a formación iniciais e profesionais e actualizando os coñecementos do persoal docente de cara á innovación e á economía do coñecemento.
73	Medidas para aumentar a participación no ensino e a formación permanentes a través de accións destinadas a diminuír a porcentaxe de abandono escolar e a segregación sexista de materias, así como a incrementar o acceso ao ensino e formación iniciais, profesionais e superiores, e a mellorar a súa calidade.
74	Desenvolver o potencial humano no ámbito da investigación e a innovación, en particular a través de estudos de postgrao e formación de investigadores, así como de actividades en rede entre universidades, centros de investigación e empresas.
85	Preparación, execución, seguimento e inspección.
86	Avaliación e estudos; información e comunicación.
80	Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas ¹⁷

Fonte: elaboración propia.

Debe destacarse que os Temas prioritarios sombreados de gris son categorías que contribúen a lograr os Obxectivos de Lisboa.

¹⁶ A tipoloxía 80 existe no Eixe 2 e no Eixe 4. Sen embargo, en cada un destes Eixes contribúen á consecución da estratexia de distinto modo. Así, a tipoloxía 80 no Eixe 2 correspóndese co OI 14, mentras no Eixe 4 correspóndese co OI 16. A análise da coherencia financeira efectuouse con este criterio.

¹⁷ A tipoloxía 80 existe no Eixe 2 e no Eixe 4. Sen embargo, en cada un destes Eixes contribúen á consecución da estratexia de distinto modo. Así, a tipoloxía 80 no Eixe 2 correspóndese co OI 14, mentras no Eixe 4 correspóndese co OI 16. A análise da coherencia financeira efectuouse con este criterio.

DESGLOSE INDICATIVO DA CONTRIBUCIÓN FSE 2007-2013: GALICIA.

O desglose da axuda FSE en Galicia e da Estratexia de Lisboa no período 2007-2013 expónse nos tres cadros seguintes:

Axuda PO FSE Galicia 2007-2013

Código Eixe	PO Rexional FSE Galicia			
	FSE	%	Lisboa	%
A1	107.550.544	30,00	107.550.544	31,81
A2	107.550.544	30,00	105.126.756	31,09
A3	125.475.634	35,00	125.475.634	37,11
A4	10.755.054	3,00	0	0
A5	7.170.036	2,00	0	0
Total	358.501.812	100	338.152.934	100
Lisboa s/ Ax PO FSE Galicia 2007-2013				94,32

Axuda FSE dos POs plurirexionais que se investirán en Galicia no período 2007-2013

Código Eixe	PO Adaptabilidade e Emprego				PO Loita contra a discriminación				PO Asistencia técnica FSE			
	FSE	%	Lisboa	%	FSE	%	Lisboa	%	FSE	%	Lisboa	%
A1	191.149.033	35,23	191.149.033	38,03	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0
A2	335.510.443	61,83	299.207.915	59,53	29.193.581	94,57	29.193.581	100,00	0	0,00	0	0
A3	12.271.492	2,26	12.271.492	2,44	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0
A4	177.386	0,03	0	0,00	781.624	2,53	0	0,00	612.378	14,90	0	0
A5	3.489.171	0,64	0	0,00	894.105	2,90	0	0,00	3.498.572	85,10	0	0
Total	542.597.525	100	502.628.440	100	30.869.310	100	29.193.581	100	4.110.950	100	0	0
Lisboa s/ Axuda FSE pluris en Galicia				92,63				94,57				0

Total Axuda FSE 2007-2013 que se investirá en Galicia (POs plurirexionais + rexional)

Código Eixe	Total POs Plurirexionais FSE en Galicia				Total Axuda FSE en Galicia			
	FSE	%	Lisboa	%	FSE	%	Lisboa	%
A1	191.149.033	33,09	191.149.033	35,94	298.699.577	31,91	298.699.577	34,33
A2	364.704.024	63,14	328.401.496	61,75	472.254.568	50,45	433.528.252	49,83
A3	12.271.492	2,12	12.271.492	2,31	137.747.126	14,72	137.747.126	15,83
A4	1.571.388	0,27	0	0,00	12.326.442	1,32	0	0,00
A5	7.881.848	1,36	0	0,00	15.051.884	1,61	0	0,00
Total	577.577.785	100	531.822.021	100	936.079.597	100	869.974.955	100
Lisboa s/ Axuda FSE				92,08				92,94

EIXES PRIORITARIOS

O PO FSE de Galicia artículase, vista a formulación da estratexia, en cinco Eixes prioritarios a distribución por categorías de gasto dos cales, como se observa na Táboa 36, se realizou baseándose nos obxectivos formulados no PO e ao obxectivo do eamarking que, por outra parte, cunha contribución do 94% da axuda supera con creces o 60% que establece a Comisión (artigo 9.3 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006).

Táboa 36: Distribución do gasto do PO por Eixes de intervención e Temáticas prioritarias e a súa contribución á Estratexia de Lisboa (Euros correntes)

EIXE PRIORITARIO / Tema prioritario		Total Programa Operativo		Art. 9.3 Rgto.1083/2006		Total "Non Lisboa"	
		Importe FSE	%	Importe FSE	%	Importe FSE	%
1. FOMENTO DO ESPÍRITO EMPRESARIAL E MELLORA DA ADAPTABILIDADE DOS TRABALLADORES, EMPRESAS E EMPRESARIOS		107.550.544	30%	107.550.544	30%	0	0%
62	Desenvolvemento de sistemas e estratexias de aprendizaxe permanente nas empresas; formación e servizos aos empregados para mellorar a súa capacidade de adaptación ao cambio; fomentar o espírito empresarial e a innovación.	27.116.605	8%	27.116.605	8%	0	0%
63	Proxección e difusión de formas innovadoras e máis produtivas de organizar o traballo.	45.139.382	13%	45.139.382	13%	0	0%
64	Desenvolvemento de servizos específicos para o emprego, a formación e a axuda en relación coa reestruturación de sectores e empresas, e desenvolvemento de sistemas de anticipación de cambios económicos e as futuras necesidades en materia de emprego e cualificacións.	19.993.782	6%	19.993.782	6%	0	0%
68	Apoio ao traballo por conta propia e á creación de empresas.	15.300.775	4%	15.300.775	4%	0	0%
2. FOMENTAR A EMPREGABILIDADE, A INCLUSIÓN SOCIAL E A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES		107.550.544	30%	105.126.756	29%	2.423.788	1%
65	Modernización e fortalecemento das institucións do mercado laboral.	4.639.796	1%	4.639.796	1%	0	0%
66	Aplicación de medidas activas e preventivas no mercado laboral	31.048.512	9%	31.048.512	9%	0	0%
69	Medidas para mellorar o acceso da muller ao mercado laboral, así como a participación e os progresos permanentes da muller no devandito mercado, co fin de reducir a segregación sexista en materia de emprego e reconciliar a vida laboral e privada; por exemplo, facilitando o acceso aos servizos de coidado e atención de nenos e persoas dependentes.	35.550.984	10%	35.550.984	10%	0	0%
70	Medidas concretas para incrementar a participación dos inmigrantes no mundo laboral, reforzando así a súa integración social.	6.445.071	2%	6.445.071	2%	0	0%
71	Vías de integración e reintegración no mundo laboral das persoas desfavorecidas; loita contra a discriminación no acceso ao mercado laboral e na evolución nel e fomento da aceptación da diversidade no lugar de traballo.	27.442.393	8%	27.442.393	8%	0	0%
80	Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas.	2.423.788	1%			2.423.788	1%

EIXE PRIORITARIO / Tema prioritario		Total Programa Operativo		Art. 9.3 Rgto.1083/2006		Total "Non Lisboa"	
		Importe FSE	%	Importe FSE	%	Importe FSE	%
3. AUMENTO E MELLORA DO CAPITAL HUMANO		125.475.634	35%	125.475.634	35%	0	0%
72	Proxección, introdución e aplicación de reformas nos sistemas de ensino e formación para desenvolver a empregabilidade, mellorando a adecuación ao mercado laboral do ensino e a formación iniciais e profesionais e actualizando os coñecementos do persoal docente de cara á innovación e á economía do coñecemento.	90.759.729	25%	90.759.729	25%	0	0%
73	Medidas para aumentar a participación no ensino e a formación permanentes a través de accións destinadas a diminuír a porcentaxe de abandono escolar e a segregación sexista de materias, así como a incrementar o acceso ao ensino e formación iniciais, profesionais e superiores, e mellorar a súa calidade.	16.112.246	4%	16.112.246	4%	0	0%
74	Desenvolvemento do potencial humano no ámbito da investigación e a innovación, en particular a través de estudos de postgrao e formación de investigadores, así como de actividades en rede entre universidades, centros de investigación e empresas.	18.603.659	5%	18.603.659	5%	0	0%
4. PROMOVER A COOPERACIÓN TRANSNACIONAL E INTERREXIONAL		10.755.054	3%			10.755.054	3%
80	Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas	10.755.054	3%			10.755.054	3%
5. ASISTENCIA TÉCNICA		7.170.036	2%			7.170.036	2%
85	Preparación, execución, seguimento e inspección.	3.585.017	1%			3.585.017	1%
86	Avaliación e estudos; información e comunicación.	3.585.019	1%			3.585.019	1%
Total		358.501.812	100%	338.152.934	94%	20.348.878	6%

Fonte: elaboración propia.

A continuación, para cada un dos Eixes prioritarios, establécense os obxectivos específicos e as formulacións contempladas para levar a cabo as actuacións correspondentes, en cada caso.

3.1. EIXE 1. FOMENTO DO ESPÍRITO EMPRESARIAL E MELLORA DA ADAPTABILIDADE DE TRABALLADORES, EMPRESAS E EMPRESARIOS

3.1.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E PRIORIDADES ESTRATÉXICAS

En consonancia coa situación actual do mercado de traballo en Galicia, o presente Eixe contempla medidas que melloren a capacidade dos traballadores e das empresas -para adaptarse aos cambios continuos da economía globalizada-, que fomenten a creación de máis postos de traballo estables e de calidade, e que incentiven o espírito de empresa -como elemento fundamental para o nacemento de novas vocación empresariais-.

Este Eixe pretende corrixir os desequilibrios estruturais de que adoece o mercado laboral galego -e que limitan a súa expansión e o seu crecemento futuro-, precariedade dos empregos existentes, a sinistralidade laboral e a falta de adaptación entre a formación e as necesidades das empresas, fomentando a creación de novos empregos de calidade.

Obxectivos específicos do Eixe 1

- Potenciar a formación continua dos traballadores.
- Aumentar o nivel de formación dos traballadores e empresarios.
- Lograr emprego estable e de calidade, especialmente entre as mulleres.
- Favorecer a capacidade de resposta das empresas ante as novas esixencias do mercado.
- Impulsar a creación de empresas.

Os beneficiarios últimos do Eixe serán:

- ♦ Empresas.
- ♦ Empresarios/as.
- ♦ Emprendedores/as.
- ♦ Traballadores ocupados, en especial as mulleres.
- ♦ Traballadores afectados por crises sectoriais.

Fronte a un modelo de crecemento baseado na creación de emprego pouco cualificado e de baixa produtividade, Galicia terá que apostar por un modelo de crecemento de maior valor engadido.

A promoción da formación permanente será o factor clave para a mellora do capital humano, xa que ofrecerá ás persoas ocupadas novos coñecementos e habilidades para o desempeño das súas funcións actuais e futuras. Neste ámbito, as novas ferramentas da Sociedade da Información revelaranse de fundamental importancia para a rápida adaptación aos cambios do ámbito.

O principal problema ao que terá que poñer remedio Galicia será reducir a elevada porcentaxe de contratos temporais que lastran o acceso ás oportunidades de formación e que repercuten negativamente, non só sobre as oportunidades de emprego, senón tamén sobre a economía no seu conxunto. Haberá que poñer en marcha actuacións que fomenten o investimento en recursos humanos, sobre todo para aqueles empregados pouco cualificados e de idade máis avanzada, para que se adapten aos cambios e consigan prolongar a súa vida laboral.

As novas iniciativas empresariais estimulan a produtividade, obrigan a outras empresas a reaccionar mellorando a súa organización, produción, servizos ou mercados, conseguindo maior eficiencia e un incremento da competencia, e por conseguinte a oferta, polo que haberá que equilibrar os riscos e as recompensas da iniciativa empresarial e apoiar o deseño e a diseminación de novas formas de traballo e de organización empresarial que sexan innovadoras e contribúan á mellora da produción.

Para isto será necesario contar cunha sociedade na que se valore a iniciativa empresarial mediante a sensibilización a aqueles axentes que xogan un papel de apoio aos futuros empresarios: escolas, universidades, investidores, comunidades locais, organizacións empresariais, entre outros.

Así mesmo, coas actuacións contempladas neste Eixe perséguese contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral, á par que mellorar e adaptar os sistemas de formación de acordo coas necesidades reais da economía e as empresas. Neste ámbito, fórmase por outra parte aumentar o atractivo do traballo a tempo parcial e o apoio a novas formas de organización como maneiras de adaptar as prácticas de traballo

ás novas condicións do mercado de traballo, en particular en relación coa recomendación da Comisión de abril de 2006.

Neste sentido, fomentárase a utilización das novas tecnoloxías para promover novas formas de traballo máis innovadoras e que se adapten ás necesidades dos traballadores, tales como a teleformación ou o teletraballo.

No referente ás empresas, o PO FSE de Galicia potenciará, a través deste Eixe, determinados aspectos, como o investimento en innovación, que son fundamentais para o aumento da produtividade, a xeración de riqueza e emprego de maior calidade, así como, apoiará a creación de empresas e a consolidación das xa existentes como medio de creación de postos de traballo.

Para iso, o esforzo centrarase nos seguintes Temas prioritarios:

- ▲ *Tema prioritario 62. Desenvolvemento de sistemas e estratexias de aprendizaxe permanente nas empresas; formación e servizos aos empregados para mellorar a súa capacidade de adaptación ao cambio; fomentar o espírito empresarial e a innovación, que incluírá as seguintes liñas de acción:*
 - ▲ Promoción do espírito empresarial e da adaptabilidade das empresas. Entre as principais actividades que se realizarán, destacan:
 - ◆ Accións de difusión e sensibilización que fomenten o espírito emprendedor en colectivos potencialmente emprendedores, que reforcen a imaxe da persoa emprendedora, especialmente da muller e os mozos mediante sensibilización, prácticas en empresas, simulacións empresariais, etc. Entre as iniciativas previstas destacan a creación dunha rede galega de axuda a emprendedores, o portal, foro e Día do Emprendedor, e a concesión de axudas á difusión da cultura emprendedora.
 - ◆ Programa específico destinado ás mulleres emprendedoras e axudas a iniciativas de mulleres relacionadas coa promoción do emprego feminino, especialmente no mundo rural.
 - ◆ Información e asesoramento empresarial. Creación de estruturas de apoio para a creación e consolidación de empresas, especialmente microempresas e PEME, que presten axuda especializada nos seus diversos ciclos: desenvolvemento, consolidación, expansión, etc., así como para a atención de colectivos especiais.
 - ◆ Formación e apoio á creación de empresas, formación de axentes de emprego e dinamización empresarial na materia. Neste ámbito prestarase especial atención á inclusión das TIC.
 - ▲ Reforzo do nivel de competencias dos traballadores, empresas e empresarios. Entre as principais actividades que se realizarán, destacan:
 - ◆ Formación permanente de traballadores, especialmente de PEME e microempresas, con particular incidencia nos menos cualificados e de maior idade, especialmente para o desenvolvemento de cualificacións e competencias e a difusión de coñecementos prácticos en materia de

tecnoloxías da información, da comunicación, da aprendizaxe electrónica e de xestión (tanto no traballo como fóra do lugar e do horario de traballo).

- ♦ Formación continua dos traballadores de zonas rurais, con especial atención ás mulleres.
 - ♦ Formación e sensibilización en materia medioambiental.
- ▲ *Tema prioritario 63. Proxección e difusión de formas innovadoras e máis produtivas de organizar o traballo*, que incluírá as seguintes liñas de acción:
- ▲ Promoción do emprego estable e de calidade e difusión de formas innovadoras de organización laboral que sexan máis produtivas. Entre as principais actividades que se realizarán, destacan:
- ♦ Axudas á contratación indefinida de persoas novas, maiores, inmigrantes, minusválidas e en risco de exclusión social e transformación de contratos temporais en indefinidos.
 - ♦ Formación, asesoramento e axudas ás empresas para a implantación de plans de igualdade que favorezan a contratación, formación, igualdade retributiva e o acceso das mulleres a niveis de alta responsabilidade.
 - ♦ Accións de mellora da calidade de emprego da muller: incentivos á contratación indefinida e transformación de contratos temporais en indefinidos.
 - ♦ Fomentar a creación e desenvolvemento de empresas de base tecnolóxica, de novos depósitos de emprego e de empresas de innovación e emprego, fundamentalmente no ámbito local. Destacan neste sentido as axudas á creación de “*empresas-concepto*”, xurdidas a raíz de resultados de investigación das 3 universidades galegas, así como os incentivos para inicio de actividade/ creación de emprego dirixidos a iniciativas promovidas por mulleres e novos do medio rural galego que aproveiten o potencial dos novos depósitos de emprego, co fin de crear un tecido produtivo innovador. Nas localidades costeiras contéplanse así mesmo actuacións de apoio a iniciativas locais de emprego en novos depósitos de emprego.
 - ♦ Fomentar a sensibilización, difusión e asesoramento sobre as novas formas de xestión empresarial e de organización de traballo, introducindo novas metodoloxías, materiais e servizos que respondan ás necesidades de modernización das empresas. Difusión de cultura innovadora e promoción de modelos innovadores de negocio e sistemas avanzados de xestión que melloren a capacidade de creación de emprego das empresas galegas.
 - ♦ Accións de sensibilización relacionadas co mercado laboral para impulsar a innovación e a mellora da produtividade. Creación de novos perfís profesionais/proxectos demostrativos.
- ▲ *Tema prioritario 64. Desenvolvemento de servizos específicos para o emprego, a formación e a axuda en relación coa reestruturación de sectores e*

empresas, e desenvolvemento de sistemas de anticipación de cambios económicos e as futuras necesidades en materia de emprego e cualificacións.

- ▲ Desenvolvemento de servizos específicos de emprego, formación e apoio en sectores e empresas en reestruturación, que incluírá as seguintes actuacións:
 - ◆ Formación e axuda para a adaptabilidade dos traballadores afectados por reestruturacións sectoriais ou de empresas afectadas pola deslocalización, incluíndo incentivos á recolocación indefinida, especialmente dos maiores de 45 anos.
- ▲ *Tema prioritario 68. Apoio ao traballo por conta propia e á creación de empresas* que incluírá as seguintes liñas de acción:
 - ▲ Fomentar o apoio ao traballo por conta propia e á creación de empresas. Entre as principais actividades que se realizarán, destaca:
 - ◆ Axudas ao autoemprego e á economía social, con especial atención a mulleres, mozos, persoas con minusvalidez e outras persoas con dificultades, incluídas as axudas á adquisición da condición de socio traballador.

3.1.2. PRIORIDADES TRANSVERSAIS

Para que o desenvolvemento deste Eixe dea cobertura abonda ás debilidades detectadas na rexión, en termos de adaptabilidade das empresas e traballadores ás novas esixencias do mercado, consideráronse diferentes ámbitos horizontais á hora de deseñar a estratexia e as distintas liñas de actuación, neste terreo; en particular, a igualdade de oportunidades, o fomento de accións innovadoras e relacionadas coas novas tecnoloxías, o medioambiente e o partenariado.

En primeiro lugar, para fomentar a *igualdade de xénero* deseñáronse accións específicas que permitan, á vista das desigualdades diferenciais postas de manifesto na análise de diagnóstico realizado, contribuír a mellorar a posición da muller no mercado de traballo a través de solucións especializada de autoemprego, asesoramento, igualdade retributiva, acceso a postos de maior responsabilidade e, mesmo, de apoio á contratación indefinida, dadas as súas maiores dificultades de inserción e promoción.

Por outro lado, de cara a favorecer a inserción de todos os cidadáns, fomentouse a *non discriminación* das persoas por motivos de raza, xénero ou por calquera outro motivo de exclusión. Por conseguinte, os grupos menos favorecidos beneficiaríanse, a través deste Eixe, de actuacións concretas, sobre todo, en materia de reforzo de competencias e outras actuacións para acceder, de xeito estable, ao mercado de traballo (asesoramento, campañas de sensibilización, contratación indefinida, etc.)

Así mesmo, coa finalidade de potenciar actuacións que estimulen o emprego e a cohesión social apoiáronse, e apoiáranse, *accións innovadoras* o alto valor engadido das cales, froito da colaboración dos axentes e organismos socioeconómicos relevantes, contribúan a solucionar as necesidades detectadas neste ámbito concreto de fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade dos traballadores, empresas e empresarios.

En relación co anterior, a inclusión das *novas tecnoloxías* foi un elemento prioritario tanto á hora de deseñar a estratexia, neste terreo, como á hora de deseñar os criterios de

selección das actuacións que serán cofinanciadas. A posición competitiva das empresas e dos traballadores vén determinada, en boa medida, pola súa capacidade de resposta e de adaptación ás novas tecnoloxías e, por conseguinte, é necesaria a súa consideración nas actuacións de formación e desenvolvemento de novas estruturas/sistemas empresariais, entre outras.

Igualmente, a consideración *do medio ambiente* tívose en conta de xeito transversal, neste Eixe, no relativo ás novas organizacións de negocio propostas e nos ciclos formativos que se impartirán co obxecto de apoiar a creación de empresas, así como a súa consolidación, posto que se considera que coa introdución destes módulos ambientais se contribúe, de xeito eficaz, ao desenvolvemento sostible.

No que respecta ao partenariado, establecéronse diversas *canles de comunicación* entre as diferentes instancias da administración autonómica facendo partícipe, ademais, aos axentes e interlocutores socioeconómicos máis representativos do mercado laboral. Nesta liña, para a elaboración deste documento contouse coa participación, a consulta e a información de diversas institucións e entidades, algunhas das cales participarán despois na xestión e execución do seu contido:

- ▲ A Administración Xeral do Estado, a través da elaboración de documentos homoxéneos, de acordo ás súas orientacións para a elaboración dos Programas Operativos deste novo período, así como das continuas reunións informativas ás que se asistiu xunto co resto das CC.AA. Dende a Xunta de Galicia subministrouse información necesaria para a elaboración do MENR, no referente á análise DAFO e en todo o necesario para o deseño da estratexia estatal, que non é máis que un reflexo das distintas estratexias rexionais.
- ▲ A Administración local, mediante a información á Federación Galega de Municipios e Provincias e outras autoridades locais da rexión sobre a súa potencial participación na execución das operacións contidas no presente PO FSE no transcurso dun seminario sobre “o papel das autoridades locais na xestión dos fondos 2007-2013”.
- ▲ Os interlocutores sociais da rexión (Confederación Galega de Empresarios -CEG-, UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia), que articularon xunto coa Consellería de Traballo unha serie de pactos para o emprego en consonancia cos Obxectivos de Lisboa e as Directrices Estratéxicas Comunitarias. Ademais, todas as actuacións que se desenvolvan ao amparo deste Eixe 1 do PO están comprendidas nos acordos sobre obxectivos e medidas para o emprego en Galicia e sobre formación para o emprego, establecidos no seo dunhas Mesas de diálogo social, que desembocaron no “Novo marco de Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo Emprego”. Adicionalmente, o MECEGA foi presentado ás organizacións sindicais e a patronal galega por parte dos Conselleiros de Economía e Traballo.
- ▲ Outras entidades do mundo académico, empresarial e do terceiro sector participaron así mesmo no proceso de elaboración dos Programas Operativos de Galicia 2007-2013, a través de sete mesas sectoriais nas que 50 especialistas opinaron sobre as prioridades da rexión ante o novo período, e como asistentes ao seminario organizado pola Xunta de Galicia sobre difusión de boas prácticas no marco dos “Open days” da Unión Europea.

Todas estas manifestacións do principio de partenariado foron aplicadas do mesmo modo para o resto dos Eixes do FSE, incidindo para cada un deles no seu ámbito específico de aplicación. Destaca de modo especial as iniciativas legislativas formuladas no marco do diálogo social de Galicia en materia de igualdade de oportunidades, que contribuirán ás actuacións do Eixe 2.

3.1.3. DESGLOSE INDICATIVO POR CATEGORÍAS DE GASTO

De acordo cos obxectivos do Programa neste Eixe seleccionáronse as categorías de gasto que se mostran a continuación (Táboa 37).

Táboa 37: Temas prioritarios do Eixe 1

EIXE PRIORITARIO 1. FOMENTO DO ESPÍRITO EMPRESARIAL E MELLORA DA ADAPTABILIDADE DE TRABALLADORES E EMPRESARIOS						
Tema prioritario	LIÑAS DE ACCIÓN	DEC		PNR	DIRECTRICES INTEGRADAS	PRESUPUESTO FINANCIERO INDICATIVO 2007 – 2013
CÓDIGO		OBJECTIVOS	MEDIDAS	EIXES		
62. Desenvolvemento de sistemas e estratexias de aprendizaxe permanente nas empresas; formación e servizos aos empregados para mellorar a súa capacidade de adaptación ao cambio; fomentar o espírito empresarial e a innovación.	- Promoción do espírito empresarial e da adaptabilidade das empresas. - Reforzo do nivel de competencias dos traballadores, empresas e empresarios.	DEC 3 Máis e mellores postos de traballo.	DEC 2.2 Facilitar a innovación e promover a iniciativa empresarial. DEC 3.2 Mellorar a adaptabilidade dos traballadores e as empresas e a flexibilidade do mercado laboral.	EIXE 6: Mercado de Traballo e Diálogo Social.	2, 4, 7, 8, 10, 13, 14, 15, 17, 18, 19, 20, 21, 22 y 23	27.116.605
63. Proxección e difusión de formas innovadoras e máis produtivas de organizar o traballo.	- Promoción do emprego estable e de calidade e difusión de formas innovadoras de organización laboral que sexan máis produtivas.					45.139.382
64. Desenvolvemento de servizos específicos para o emprego, a formación e a axuda en relación coa reestruturación de sectores e empresas, e desenvolvemento de sistemas de anticipación de cambios económicos e as futuras necesidades en materia de emprego e cualificacións.	- Desenvolvemento de servizos específicos de emprego, formación e apoio en sectores e empresas en reestruturación.					19.993.782
68. Apoio ao traballo por conta propia e á creación de empresas.	- Fomentar o apoio ao traballo por conta propia e á creación de empresas.					15.300.775
TOTAL EIXE						107.550.544

Fonte: elaboración propia.

Débase sinalar que todos os Temas prioritarios deste Eixe, se consideran que contribúen ao cumprimento dos Obxectivos de Lisboa.

3.1.4. INDICADORES OPERATIVOS

Así mesmo, de acordo cos obxectivos perseguidos neste Eixe e, en consecuencia, coas actuacións previstas nel deseñáronse os seguintes indicadores operativos para facilitar o seu seguimento e cumprimento ao longo de todo o período de programación (Táboa 38).

Táboa 38: Indicadores operativos do Eixe 1

CATEGORÍA Tema prioritario	TIPO INDICADOR	Denominación do indicador	Medida do indicador	V.P. 2010	V.P. 2013
62	R. Física	Persoas beneficiarias de accións de formación continua (Homes)	Nº	39.040	84.587
	R. Física	Persoas beneficiarias de accións de formación continua (Mulleres)	Nº	48.157	104.341
	R. Física	Empresas beneficiadas	Nº	2.077	4.500
	R. Física	Campañas de comunicación, difusión e sensibilización	Nº	15	32
	R. Física	Redes e asociacións	Nº	1	2
	Resultado	Persoas que participaron en accións de formación continua e que manteñen o seu emprego ou mellorárono (Homes)	Nº	33.184	71.899
	Resultado	Persoas que participaron en accións de formación continua e que manteñen o seu emprego ou mellorárono (Mulleres)	Nº	40.934	88.690
	R. Física	Persoas que seguiron cursos específicos no ámbito de profesións relacionadas co medio ambiente	Nº	8.720	18.893
	R. Física	Persoas que seguiron cursos que tiñan incluído un módulo de sensibilización ambiental	Nº	52.319	113.357
	Resultado	Empresas creadas	Nº	1.620	3.510

CATEGORÍA Tema prioritario	TIPO INDICADOR	Denominación do indicador	Medida do indicador	V.P. 2010	V.P. 2013
64	R. Física	Persoas beneficiarias (Homes)	Nº	17.618	38.171
	R. Física	Persoas beneficiarias (Mulleres)	Nº	12.758	27.641
	R. Física	Persoas beneficiarias de accións de formación continua (Homes)	Nº	11.451	24.811
	R. Física	Persoas que seguiron cursos específicos no ámbito de profesións relacionadas co medio ambiente	Nº	911	1.974
	R. Física	Persoas que seguiron cursos que tiñan incluído un módulo de sensibilización ambiental	Nº	5.468	11.846
	R. Física	Persoas beneficiarias de accións de formación continua (Mulleres)	Nº	8.292	17.967
	Resultado	Persoas que aumentaron a súa competitividade e adaptación ao mercado que melloraron as súas condicións ou posto de traballo (Homes)	Nº	4.581	9.925
	Resultado	Persoas que aumentaron a súa competitividade e adaptación ao mercado que melloraron as súas condicións ou posto de traballo (Mulleres)	Nº	3.317	7.187
63	R. Física	Persoas beneficiarias (Homes)	Nº	12.446	26.966
	R. Física	Persoas beneficiarias (Mulleres)	Nº	12.270	26.585
	R. Física	Empresas beneficiadas	Nº	4.950	10.725
	R. Física	Campañas de comunicación, difusión e sensibilización	Nº	1	3
	Resultado	Persoas con contrato temporal ou por conta propia que se beneficiaron de contratos fixos (Homes)	Nº	10.822	23.448
	Resultado	Persoas con contrato temporal ou por conta propia que se beneficiaron de contratos fixos (Mulleres)	Nº	10.670	23.117
	Resultado	Empresas que implantaron sistemas para a modernización da xestión	Nº	248	536
68	R. Física	Persoas beneficiarias (Homes)	Nº	7.465	25.272
	R. Física	Persoas beneficiarias (Mulleres)	Nº	12.636	27.278
	Resultado	Empresas creadas	Nº	24.300	39.488

Fonte: elaboración propia.

3.2. EIXE 2. FOMENTAR A EMPREGABILIDADE, A INCLUSIÓN SOCIAL E A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES

3.2.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E PRIORIDADES ESTRATÉXICAS

A Estratexia de Lisboa establece como obxectivo prioritario para o ano 2010 converter á Unión Europea na “economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, capaz dun crecemento económico sostible, con máis e mellores empregos, maior cohesión social e dentro do respecto ao medio ambiente”. No ámbito específico do emprego, isto tradúcese na busca dunha economía cun alto nivel de emprego para ambos os dous sexos e todos os grupos de idades.

Obxectivos específicos do Eixe 2

- Incrementar taxa de emprego global
- Incrementar taxa de emprego feminino
- Reducir taxa de desemprego xuvenil
- Mellorar a adecuación da formación ocupacional ás necesidades do mercado laboral
- Mellorar a empregabilidade dos desempregados, especialmente dos colectivos vulnerables
- Potenciar mercados de traballo máis inclusivos
- Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
- Impulsar iniciativas/proxectos locais

Para lograr a converxencia con España e a Unión Europea, Galicia deberá aumentar a súa taxa de emprego, mellorando as condicións de empregabilidade e propoñendo oportunidades de integración social e laboral, especialmente entre aqueles grupos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión.

Nesta liña, aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos son os principais obxectivos deste Eixe 2 do FSE.

Como quedou patente anteriormente, a situación laboral da muller en Galicia segue estando por debaixo dos estándares europeos e, aínda que a súa taxa de actividade sexa superior á media nacional, a súa taxa de desemprego continúa sendo das máis altas de España e as diferenzas salariais persisten e replican unha realidade nacional.

O incremento da xeración de emprego segue estando por debaixo do incremento dos activos, o que demostra a incapacidade da armazón económica galega de asimilar o total das mulleres activas, que en boa medida anteriormente tamén se atopaban activas, aínda que non rexistradas ou traballando na explotación familiar, no caso das actividades agrícolas ou pesqueiras.

As diferenzas salariais e as dificultades das mulleres para conciliar a vida laboral e familiar serán aspectos prioritarios que haberá que abordar á hora de reducir a discriminación por razóns de xénero no mercado laboral, adoptando medidas específicas para a diminución da elevada porcentaxe de mulleres desempregadas ou con baixa remuneración.

Así mesmo haberá que prestar especial atención ao desenvolvemento de medidas que fomenten a prolongación da vida laboral. Especialmente en Galicia, dado o seu elevado índice de envellecemento, será necesario crear novos instrumentos de inclusión das persoas de idade avanzada no emprego, desenvolvendo novos perfís profesionais que permitan a recualificación destes traballadores.

Os beneficiarios últimos do Eixe serán:

- Desempregados, principalmente:
 - ◆ Mulleres.
 - ◆ Mozos.
 - ◆ Inmigrantes.
 - ◆ Persoas con minusvalidez.
 - ◆ Persoas en risco de exclusión do mercado laboral.
- Desempregados con persoas dependentes ao seu cargo.
- Servizos públicos de emprego.

Para iso, este Eixe prioritario centrarase, preferentemente, nos seguintes Temas prioritarios:

- *Tema prioritario 65. Modernización e fortalecemento das institucións do mercado laboral*, que incluírá as seguintes liñas de acción:
 - Mellorar a adecuación das organizacións ás necesidades do mercado de traballo.
 - ◆ Sensibilización e accións especializadas dirixidas a incorporar a igualdade de xénero na xestión empresarial e/ou nos procesos de negociación: plans integrais de incorporación do enfoque de xénero nas estruturas empresariais e novas formas de organización do traballo que permitan compatibilizar vida pública e vida privada.
 - ◆ Recoñecemento da calidade, medioambiente, innovación, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e solidariedade no marco da responsabilidade social corporativa (RSC) da empresa: promoción de accións de implantación de sistemas de xestión de RSC nas empresas.
- *Tema prioritario 66. Aplicación de medidas activas e preventivas no mercado laboral*, que incluírá as seguintes liñas de acción:
 - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas mozas. Entre as principais actividades que se realizarán, destacan:
 - ◆ Itinerarios integrados de inserción personalizada, antes de que alcancen os 6 meses de paro, mediante plans de acción individuais adaptados ás necesidades e características das persoas destinatarias e atendendo á súa situación persoal, familiar e sociolaboral, que inclúan polo menos dúas accións de entre: orientación, formación, cualificación, reciclaxe, prácticas en empresas, incluíndo medidas de acompañamento e no seu caso atención social.
 - ◆ Programas combinados de formación e emprego, prácticas profesionais, contratos para a formación e programas de experiencia no ámbito privado.
 - ◆ Incentivos á contratación indefinida das mulleres novas desempregadas en profesións ou ocupacións con menor índice de emprego e en sectores emerxentes.

- ▲ Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas. Entre as principais actividades previstas, destacan as seguintes:
 - ◆ Itinerarios integrados de inserción personalizada, mediante plans de acción individuais adaptados ás necesidades e características das persoas destinatarias e atendendo á súa situación persoal, familiar e sociolaboral, con accións de orientación, formación, cualificación, incluíndo medidas de atención social.
 - ◆ Programas de orientación e formación para a reincorporación da muller ao mercado laboral.
 - ◆ Programas combinados de formación e emprego, prácticas profesionais e programas de experiencia no ámbito privado.
 - ◆ Programas integrais de base local ou rural para a integración laboral das persoas desempregadas de longa duración.

- ▲ *Tema prioritario 69. Medidas para mellorar o acceso da muller ao mercado laboral, así como a participación e os progresos permanentes da muller no devandito mercado, co fin de reducir a segregación sexista en materia de emprego e reconciliar a vida laboral e privada; por exemplo, facilitando o acceso aos servizos de coidado e atención de nenos e persoas dependentes, que incluírá as seguintes liñas de acción:*
 - ◆ Favorecer a conciliación entre a vida laboral e persoal. Entre as principais actividades que se realizarán, destacan as seguintes:
 - ◆ Apoio á creación e acceso aos servizos de coidado de fillos e de atención ás persoas dependentes, mediante axudas para gardarías, cheque servizo, centros de día, axudas para atención personalizada, etc., atendendo especialmente a dispersión xeográfica no ámbito rural. Isto inclúe axudas a gardarías en empresas e incentivos á contratación indefinida de persoal cualificado para traballar nelas.
 - ◆ Campañas de sensibilización, coeducación e corresponsabilidade.
 - ◆ Incentivos a empresas que, adoptando novas formas de organización do traballo, faciliten a conciliación da vida laboral e familiar dos seus traballadores e a non segregación (teletraballo, horarios flexibles, etc.), coa incorporación fundamental das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

- ▲ Impulsar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Entre as principais actividades que se realizarán, destaca:
 - ◆ Información e sensibilización social sobre igualdade de oportunidades mediante a difusión de material divulgativo e a organización de campañas, xornadas, congresos, seminarios e exposicións, con particular insistencia nos empresarios e os funcionarios. Desenvolvemento de programas de información para diversificar as eleccións profesionais.
 - ◆ Desenvolvemento de estatísticas e estudos, investigacións e avaliacións sobre a existencia de situacións de discriminación por razón de sexo, con especial

incidencia en materia de desigualdades salariais e de promoción profesional, e diagnóstico sobre o grao de incorporación do enfoque de xénero.

- ♦ Apoio ás iniciativas empresariais que combatan a discriminación salarial e a segregación horizontal e vertical, por exemplo, a través da creación dunha marca galega de excelencia en igualdade que distinga ás empresas que incorporen prácticas igualitarias e non discriminatorias.
 - ♦ Creación, entre outras, dunha unidade de muller e ciencia, que inclúe o deseño dun observatorio permanente da situación da muller galega en termos de actividade científica e tecnolóxica e o desenvolvemento de iniciativas dirixidas a fomentar a igualdade de xénero en ciencia e tecnoloxía.
- ▲ *Tema prioritario 70. Medidas concretas para incrementar a participación dos inmigrantes no mundo laboral, reforzando así a súa integración social*, que incluírá as seguintes liñas de acción:
- ▲ Favorecer a integración social e laboral das persoas inmigrantes. Entre as principais actividades que se realizarán, atópanse, entre outras, as seguintes:
 - ♦ Itinerarios integrados personalizados de inserción socio laboral para inmigrantes, mediante plans de acción individuais adaptados ás necesidades e características das persoas destinatarias e atendendo á súa situación persoal, familiar e sociolaboral, con accións de: orientación, formación lingüística, alfabetización, formación, cualificación, incluíndo medidas de acompañamento e no seu caso, de atención social. Neste ámbito cítase como exemplo a formación de acceso para o embarque en buques pesqueiros das persoas inmigrantes.
 - ♦ Axudas para favorecer a integración no mercado laboral das mulleres inmigrantes empregadas na economía informal.
- ▲ *Tema prioritario 71. Vías de integración e reintegración no mundo laboral das persoas desfavorecidas; loita contra a discriminación no acceso ao mercado laboral e na evolución nel e fomento da aceptación da diversidade no lugar de traballo*, que incluírá as seguintes liñas de acción:
- ▲ Propoñer oportunidades de integración social e laboral ás persoas con minusvalidez. Entre as principais actividades que se realizarán, destacan:
 - ♦ Emprego con apoio: fomento de empresas de inserción, mellora da competitividade dos centros integrais de emprego, mediante incorporación de TIC.
 - ♦ Incentivos á contratación de persoas con minusvalidez.
 - ♦ Itinerarios integrados personalizados de inserción socio laboral, con especial atención á dobre discriminación das mulleres con minusvalidez, adaptando os procesos formativos ás súas necesidades, para a adquisición das competencias básicas, a rehabilitación profesional, a orientación, o asesoramento, o apoio e seguimento.

- ♦ Programas integrados de base territorial para a integración laboral das persoas con minusvalidez, con especial atención no ámbito local e rural.
- ▲ Propoñer oportunidades de integración ás persoas excluídas e en risco de exclusión do mercado de traballo. Entre as principais actividades que se realizarán, atópanse as seguintes:
 - ♦ Itinerarios integrados personalizados de inserción socio laboral para persoas maiores de 45 anos, minorías étnicas, mozos que non superaron o ensino obrigatorio, vítimas da exclusión social, as que se ocupan de persoas dependentes e aquelas outras persoas ou grupos identificados no Plan Nacional de Inclusión Social, mediante plans de acción individuais adaptados ás necesidades e características das persoas destinatarias e atendendo á súa situación persoal, familiar e sociolaboral, con accións de: orientación, alfabetización, asesoramento socioprofesional, preformación profesional, intermediación laboral, incluíndo medidas de acompañamento e no seu caso, de atención social.
 - ♦ Campañas de sensibilización social e promoción de iniciativas de desenvolvemento local que fomenten a loita contra a discriminación no acceso ao traballo e á promoción dentro deste.
 - ♦ Programas integrais de inclusión e autonomía persoal, mediante o partenariado e a cooperación social organizada en áreas rurais deprimidas ou en barrios urbanos de “risco social”. Entre os colectivos a atender destaca o desenvolvemento dun plan galego de convivencia intercultural, inclusión da comunidade xitana e a promoción da inserción laboral dos novos tutelados e con medidas xudiciais que se achen en centros dependentes da Xunta de Galicia.
- ▲ *Tema prioritario 80. Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas*, que incluírá as seguintes liñas de acción:
 - ▲ Fomento de Pactos, redes e asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social. Entre as principais actividades que se realizarán, destacan:
 - ♦ Apoio ás iniciativas locais de emprego prioritariamente relacionadas ao ámbito social en zonas rurais, desfavorecidas ou con especiais dificultades (tales como as iniciativas sociais de emprego).
 - ♦ Apoio ás iniciativas locais de emprego para a promoción de actividades emerxentes e o impulso de sectores prioritarios (turístico, medioambiental, etc.).

3.2.2. PRIORIDADES TRANSVERSAIS

Para que o desenvolvemento deste Eixe cubra as necesidades da rexión en termos de empregabilidade das persoas desempregadas ou en risco de exclusión e de fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, consideráronse diferentes ámbitos horizontais á hora de deseñar a estratexia e as distintas liñas de actuación, neste terreo; en particular, a igualdade de oportunidades, o fomento de accións innovadoras e relacionadas

coas novas tecnoloxías, o medio ambiente e o partenariado. Os principios transversais de igualdade de xénero e non discriminación cobran especial relevancia no ámbito do presente Eixe 2, que recolle accións específicas nestas dúas áreas de actuación.

En particular, para fomentar a *igualdade de xénero* deseñáronse accións específicas que permitan, á vista das desigualdades diferenciais postas de manifesto na análise de diagnóstico realizado, contribuír a mellorar a posición da muller no mercado de traballo galego a través de solucións concretas de conciliación laboral e profesional e de igualdade de oportunidades, ademais de actuacións de sensibilización, coeducación e corresponsabilidade. O Tema prioritario 69 vai dirixido expresamente a promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como a favorecer a conciliación entre a vida laboral e persoal.

Por outro lado, de cara a favorecer a inserción de todos os cidadáns, fomentouse a *non discriminación* das persoas por motivos de raza, xénero ou por calquera outro motivo de exclusión. Por conseguinte, os grupos menos favorecidos beneficiaríanse, a través deste Eixe, de actuacións concretas en materia de accións integrais de inserción sociolaboral e de discriminación salarial, principalmente. Estas actuacións intégranse de forma específica nos Temas prioritarios 70 e 71, por o que se propoñen oportunidades de integración social e laboral ás persoas con minusvalidez, así como de integración ás persoas excluídas e en risco de exclusión do mercado de traballo, tales como o colectivo de inmigrantes, o de novos tutelados con medidas xudiciais ou a comunidade xitana.

Así mesmo, coa finalidade de potenciar actuacións que estimulen o emprego e a cohesión social apoiáronse e apoiaranse *accións innovadoras* o alto valor engadido das cales, froito da colaboración dos axentes e organismos implicados, solucionen as necesidades detectadas, neste ámbito concreto, de fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres.

En relación co anterior, a inclusión das *novas tecnoloxías* foi un elemento prioritario tanto á hora de deseñar a estratexia, neste terreo, como á hora de deseñar os criterios de selección das actuacións que serán cofinanciadas. As posibilidades de incorporación ao mercado de traballo dos traballadores son maiores, en boa medida, en función do seu nivel de coñecemento e a súa capacidade de adaptación ás novas tecnoloxías. En consecuencia, é necesaria a súa consideración nas actuacións de formación, de desenvolvemento de novas formas de traballo que contribúan á conciliación da vida familiar e laboral, á inserción para persoas con minusvalidez, etc.

Igualmente, a consideración do *medioambiente* tívose en conta de xeito transversal neste Eixe, nas actuacións que se desenvolverán co obxecto de reciclar e aumentar os coñecementos e a preparación da poboación activa, posto que se considera que coa introdución destes módulos ambientais se contribúe ao desenvolvemento sostible.

Nos ámbitos de actuación do Eixe 2 establecéronse canles de comunicación autonómicas, tanto a través das mesas de diálogo social celebradas en Galicia, como da presentación dos obxectivos estratéxicos de intervención estrutural na rexión aos axentes sociais, co fin de determinar as prioridades, en materia de emprego e inclusión, da Comunidade Autónoma.

Por outra parte, en aras do partenariado, fomentárase a participación das organizacións non gobernamentais e outras entidades do terceiro sector nas accións que se realicen no ámbito da inclusión social, polo seu coñecemento exhaustivo dos colectivos vulnerables aos que estas se dirixen.

3.2.3. DESGLOSE INDICATIVO POR CATEGORÍAS DE GASTO

Conforme cos obxectivos establecidos para o Eixe 2 do Programa seleccionáronse as categorías de gasto que se mostran a continuación (Táboa 39).

Táboa 39: Temas prioritarios do Eixe 2

EIXE PRIORITARIO 2. FOMENTAR A EMPREGABILIDADE, A INCLUSIÓN SOCIAL E A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES						
Tema prioritario	LIÑAS DE ACCIÓN	DEC		PNR	DIRECTRICES INTEGRADAS	PRESUPUESTO FINANCIERO ESTIMADO 2007 - 2013
CÓDIGO		OBXECTIVOS	MEDIDAS	EIXES		
65. Modernización e fortalecemento das institucións do mercado laboral.	- Mellorar a adecuación das organizacións ás necesidades do mercado de traballo.	DEC 3 Máis e mellores postos de traballo	DEC 3.1 Atraer a máis persoas para que se incorporen e permanezan no mercado laboral e modernizar os sistemas de protección social. DEC 3.5 Axudar a manter unha poboación activa sa	EIXE 6: Mercado de Traballo e Diálogo Social	2, 4, 15, 17, 18, 19, 20, 21, 22 y 23	4.639.796
66. Aplicación de medidas activas e preventivas no mercado laboral.	- Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas novas. - Mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas.					31.048.512
69. Medidas para mellorar o acceso da muller ao mercado laboral, así como a participación e os progresos permanentes da muller no devandito mercado, co fin de reducir a segregación sexista en materia de emprego e reconciliar a vida laboral e privada; por exemplo, facilitando o acceso aos servizos de coidado e atención de nenos e persoas dependentes.	- Favorecer a conciliación entre a vida laboral e persoal. - Impulsar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.					35.550.984
70. Medidas concretas para incrementar a participación dos inmigrantes no mundo laboral, reforzando así a súa integración social.	- Favorecer a integración social e laboral das persoas inmigrantes.					6.445.071
71. Vías de integración e reintegración no mundo laboral das persoas desfavorecidas; loita contra a discriminación no acceso ao mercado laboral e na evolución nel e fomento da aceptación da diversidade no lugar de traballo	- Propoñer oportunidades de integración social e laboral ás persoas con minusvalidez. - Propoñer oportunidades de integración ás persoas excluídas e en risco de exclusión do mercado de traballo.					27.442.393
80. Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas ¹⁸	- Fomento de pactos, redes e asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social.					2.423.788
TOTAL EIXE						107.550.544

Fonte: elaboración propia.

¹⁸ A tipoloxía 80 existe no Eixe 2 e no Eixe 4. Non obstante, en cada un dos Eixes contribúe á consecución da estratexia de distinto modo. Así, a tipoloxía 80 no Eixe 2 correspóndese co OI 14, mentres no Eixe 4 se corresponde co OI 16. A análise da coherencia financeira efectuouse con este criterio.

Débese sinalar que todos os Temas prioritarios, coa excepción do 80, deste Eixe, se consideran que contribúen ao cumprimento dos Obxectivos de Lisboa.

3.2.4. INDICADORES OPERATIVOS

Igualmente, de acordo cos obxectivos perseguidos neste Eixe e, en consecuencia, coas actuacións previstas nel deseñáronse os seguintes indicadores operativos para posibilitar o seu seguimento e cumprimento durante o desenvolvemento do Programa (Táboa 40).

Táboa 40: Indicadores operativos do Eixe 2

CATEGORÍA Tema prioritario	TIPO INDICADOR	Denominación do indicador	Medida do indicador	V.P. 2010	V.P. 2013
66	R. Física	Persoas beneficiadas (Homes)	Nº	14.221	30.813
	R. Física	Persoas beneficiadas (Mulleres)	Nº	20.785	45.034
	R. Física	Persoas beneficiarias de accións de formación (Homes)	Nº	7.111	15.406
	R. Física	Persoas beneficiarias de accións de formación (Mulleres)	Nº	10.393	22.517
	R. Física	Empresas beneficiadas	Nº	2.658	5.760
	Resultado	Persoas en situación de desemprego, que foron beneficiarias de medidas activas de inserción laboral, que accederon a un contrato de traballo (Homes)	Nº	4.977	10.785
	R. Física	Persoas que seguiron cursos específicos no ámbito de profesións relacionadas co medio	Nº	1.750	3.792
	R. Física	Persoas que seguiron cursos que tiñan incluído un módulo de sensibilización ambiental	Nº	10.502	22.754
	Resultado	Persoas en situación de desemprego, que foron beneficiarias de medidas activas de inserción laboral, que accederon a un contrato de traballo (Mulleres)	Nº	8.314	18.014

CATEGORÍA Tema prioritario	TIPO INDICADOR	Denominación do indicador	Medida do indicador	V.P. 2010	V.P. 2013
69	R. Física	Persoas beneficiarias (Mulleres)	Nº	20.674	44.793
	R. Física	Empresas beneficiadas	Nº	4.135	8.959
	R. Física	Empresas beneficiadas (terceiro sector)	Nº	413	896
	R. Física	Programas ou campañas de comunicación, difusión e sensibilización	Nº	6	13
	Resultado	Empresas que implantaron medidas para loitar contra a desigualdade de xénero no lugar de traballo	Nº	2.067	4.479
	R. Física	Personas que seguiron cursos específicos no ámbito de profesións relacionadas co medio ambiente	Nº	413	896
	R. Física	Persoas que seguiron cursos que tiñan incluído un módulo de sensibilización ambiental	Nº	2.481	5.375
	Resultado	Persoas beneficiarias de servizos para o cuidado e atención de nenos ou persoas dependentes que se incorporaron ao mercado de traballo (Mulleres)	Nº	6.202	13.438
70	R. Física	Persoas beneficiadas (Homes)	Nº	20.400	44.200
	R. Física	Persoas beneficiadas (Mulleres)	Nº	20.400	44.200
	R. Física	Empresas beneficiadas	Nº	900	1.950
	R. Física	Empresas beneficiadas (terceiro sector)	Nº	90	195
	R. Física	Programas ou campañas de comunicación, difusión e sensibilización	Nº	6	10
	Resultado	Persoas inmigrantes contratadas (Homes)	Nº	5.100	11.050
	R. Física	Persoas que seguiron cursos específicos no ámbito de profesións relacionadas co medio ambiente	Nº	1.360	2.947
	R. Física	Persoas que seguiron cursos que tiñan incluído un módulo de sensibilización ambiental	Nº	8.160	17.680
	Resultado	Persoas inmigrantes contratadas (Mulleres)	Nº	5.100	11.050

CATEGORÍA Tema prioritario	TIPO INDICADOR	Denominación do indicador	Medida do indicador	V.P. 2010	V.P. 2013
71	R. Física	Persoas beneficiadas (Homes)	Nº	10.864	23.539
	R. Física	Persoas beneficiadas (Mulleres)	Nº	5.262	11.400
	R. Física	Empresas beneficiadas	Nº	600	1.300
	R. Física	Empresas beneficiadas (terceiro sector)	Nº	90	195
	R. Física	Programas ou campañas de comunicación, difusión e sensibilización	Nº	8	14
	Resultado	Persoas discapacitadas contratadas (Homes)	Nº	1.693	3.669
	Resultado	Persoas discapacitadas contratadas (Mulleres)	Nº	239	517
	Resultado	Persoas en risco de exclusión contratadas (Homes)	Nº	1.566	3.393
	R. Física	Persoas que seguiron cursos específicos no ámbito de profesións relacionadas co medio ambiente	Nº	538	1.165
	R. Física	Persoas que seguiron cursos que tiñan incluído un módulo de sensibilización ambiental	Nº	3.225	6.988
65	Resultado	Persoas en risco de exclusión contratadas (Mulleres)	Nº	783	1.697
	R. Física	Acordos/convenios asinados	Nº	6	10
	R. Física	Estudos/avaliacións	Nº	7	12
80	R. Física	Programas ou campañas de comunicación, difusión e sensibilización	Nº	2	3
	R. Física	Acordos/convenios asinados	Nº	150	325
80	R. Física	Redes/asociacións	Nº	4	10

Fonte: elaboración propia.

3.3. EIXE 3. AUMENTO E MELLORA DO CAPITAL HUMANO

3.3.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E PRIORIDADES ESTRATÉXICAS

Os propósitos fundamentais deste Eixe son incrementar a dotación de capital humano e a súa calidade. Para iso, está previsto poñer en marcha diferentes medidas que abranguen dende a loita contra a alta taxa de abandono escolar, o reforzo da formación secundaria ata a formación profesional, así como o desenvolvemento do capital humano no ámbito da investigación e da innovación.

O investimento en recursos humanos e nos sistemas de educación e formación continúa sendo unha prioridade para Galicia, se ben vese agora reforzada á luz das esixencias da Estratexia de Lisboa, posto que persiste unha alta taxa de desemprego, ben pola non incorporación ao mercado de traballo, ben pola falta de cualificacións ou pola inadecuación das capacidades.

Obxectivos específicos do Eixe 3

- Impulsar a formación profesional
- Mellorar os sistemas educativos e formativos que aseguren a adecuación da oferta de emprego ás demandas do mercado de traballo
- Incentivar o desenvolvemento de programas, esquemas e contidos que contribúan a previr e reducir o abandono escolar prematuro
- Reforzar os vínculos entre o sistema educativo e a empresa privada
- Reter o persoal cualificado
- Incrementar o número de investigadores no campo da I+D+i
- Mellorar a formación dos investigadores

É un feito demostrado que os investimentos en infraestruturas, o desenvolvemento empresarial e a investigación non conseguen os obxectivos de mellora da competitividade e as oportunidades de emprego, se non se conta cun capital humano altamente capacitado.

Existe, polo tanto, en Galicia unha evidente necesidade de aumentar o investimento en capital humano, mellorando a educación e a capacitación, reducindo os niveis de abandono escolar, incentivando o retorno de investigadores e traballadores cualificados galegos, e aumentando a demanda de persoal cualificado por parte das empresas.

Neste sentido, Galicia deberá ampliar e mellorar o seu investimento en capital humano, ao mesmo tempo que se adaptarán os sistemas de educación e de formación para proporcionar unha resposta máis axeitada ás novas esixencias en materia de competencias e habilidades, de xeito complementario coas reformas implementadas para conseguir manter e atraer máis persoas no mercado laboral.

Os beneficiarios serán:

- Estudiantes de educación secundaria e formación profesional.
- Titulados e traballadores.
- Investigadores e técnicos.
- Postuniversitarios.
- Universidades.
- Centros de Investigación.
- Empresas.

Neste sentido, este Eixe concentrará preferentemente os seus esforzos nos seguintes Temas prioritarios, entre outros:

- ▲ *Tema prioritario 72. Proxección, introdución e aplicación de reformas nos sistemas de ensino e formación para desenvolver a empregabilidade, mellorando a adecuación ao mercado laboral do ensino e a formación iniciais e profesionais e actualizando os coñecementos do persoal docente de cara á innovación e á economía do coñecemento*, que incluírán, entre outras, as seguintes liñas de acción:
- ▲ Promover reformas nos sistemas de educación e formación que fomenten a empregabilidade. Entre as diversas actuacións a desenvolver, destacan:
 - ◆ Promoción, mellora e actualización da ordenación da Formación Profesional e desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións.
 - ◆ Recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias adquiridas pola experiencia laboral e os procesos formativos (formais e non formais), a través dos centros integrados de formación profesional.
 - ◆ Actualización permanente dos coñecementos dos formadores de formación profesional e de itinerarios integrados de inserción, mediante formación especializada, particularmente en NTIC e en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Menciónase expresamente a formación dirixida ao profesorado de formación profesional marítimo-pesqueira.
 - ◆ Actualización e desenvolvemento de “currícula”, novos perfís, titulacións, incluíndo o recoñecemento dos axentes de igualdade.
 - ◆ Fomentar a relación entre os centros de formación, centros de investigación e as empresas, coa promoción de actividades en rede.
 - ◆ Accións de sensibilización, información e orientación, con particular incidencia nos estudantes de secundaria, que potencien a participación das mulleres en sectores científicos e tecnolóxicos.
- ▲ Impulsar reformas que fomenten a aprendizaxe permanente e a adaptación á sociedade do coñecemento. Entre as diversas actuacións a desenvolver, destacan:
 - ◆ Formación profesional regulada en módulos relacionados coa sociedade da información.
 - ◆ Desenvolvemento de novas modalidades de oferta formativa para a adquisición de competencias básicas e as correspondentes titulacións.
 - ◆ Formación e especialización profesional en materia de ordenación e valorización do espazo rural.
 - ◆ Oferta de ciclos formativos de grao medio e superior na rama agraria para alumnos/as que superaron o ensino secundario obrigatorio.

- ▲ *Tema prioritario 73. Medidas para aumentar a participación no ensino e a formación permanentes a través de accións destinadas a diminuír a porcentaxe de abandono escolar e a segregación sexista de materias, así como a incrementar o acceso ao ensino e formación iniciais, profesionais e superiores, e a mellorar a súa calidade*, que incluírán, entre outras, as seguintes liñas de actuación:
 - ▲ Prevención do abandono escolar e reforzo da formación inicial. Entre as diversas actuacións a desenvolver, destacan:
 - ◆ Programas de cualificación profesional inicial e/ou programas de garantía social. Entre outras, prevense actividades formativas de iniciación profesional, formación e emprego e talleres profesionais agroforestais.
 - ◆ Programas de reforzo, orientación e apoio ao alumnado con dificultades para seguir con normalidade a educación secundaria obrigatoria.
- ▲ *Tema prioritario 74. Desenvolver o potencial humano no ámbito da investigación e a innovación, en particular a través de estudos de postgrao e formación de investigadores, así como de actividades en rede entre universidades, centros de investigación e empresas*, que incluírán, entre outras, as seguintes liñas de actuación:
 - ▲ Desenvolver o potencial humano no ámbito da investigación e a innovación. Entre as diversas actuacións a desenvolver, destacan:
 - ◆ Formación de investigadores e técnicos (especialmente mulleres): formación en xestión de ciencia e tecnoloxía.
 - ◆ Apoio á contratación de persoal investigador e de xestión en ciencia e tecnoloxía.
 - ◆ Apoio a organización produtiva de grupos de investigación máis competitivos para proceder á ordenación da súa actividade.
 - ◆ Programa para a incorporación e estabilización de investigadores no sistema galego de innovación.

3.3.2. PRIORIDADES TRANSVERSAIS

En liña cos Eixes anteriores, consideráronse diferentes ámbitos horizontais á hora de deseñar a estratexia e as distintas liñas de actuación no ámbito do capital humano: a igualdade de oportunidades, o fomento de accións innovadoras e relacionadas coas novas tecnoloxías, o medio ambiente e o partenariado.

En particular, para fomentar a *igualdade de xénero* prevense actuacións específicas que permitan, á vista das desigualdades diferenciais postas de manifesto na análise realizada -sobre todo no relativo ao menor peso do persoal investigador feminino- contribuír a mellorar a posición da muller no mercado de traballo a través de solucións concretas, neste caso, de fomento e de incorporación ao ámbito investigador científico técnico.

Por outro lado, de cara a mellorar a produtividade da poboación galega fomentouse a *non discriminación* das persoas en risco de exclusión. En concreto, considerouse este principio nas actuacións para asegurar o acceso dos grupos menos favorecidos ao sistema de educación.

Así mesmo, coa finalidade de potenciar actuacións que estimulen o aumento e a mellora do capital humano apoiáronse, e apoiaranse, *accións innovadoras* o alto valor da cal engadido, froito da colaboración dos axentes e organismos implicados, o cal está relacionado así mesmo co partenariado, consigan solucionar as necesidades detectadas neste ámbito concreto en Galicia, tales como o desenvolvemento de novos perfís profesionais e certificacións laborais ou o traballo en rede entre institucións de ensino superior, centros de investigación e tecnólogos e empresas.

En relación co anterior, tívose en conta a inclusión das *novas tecnoloxías* tanto á hora de deseñar a estratexia nesta materia como á hora de deseñar os criterios de selección das actuacións que serán cofinanciadas. A mellora da cualificación dos recursos humanos dunha rexión incide no incremento das súas posibilidades de incorporación ao mercado de traballo, procedente fundamentalmente do seu nivel de coñecemento e a súa capacidade de adaptación ás novas tecnoloxías. En consecuencia, os contidos e os métodos que se desenvolvan no ámbito educativo e de prevención do abandono escolar, así como nas actuacións dirixidas ao fomento da aplicación das actividades de I+D+i nos sistemas socioeconómicos inclúen un compoñente tecnolóxico e de sociedade da información.

Igualmente, a consideración do *medioambiente* tívose en conta de xeito transversal neste Eixe no relativo ao aumento do coñecemento que, nun futuro, poida dar lugar a novos procesos produtivos menos consumidores de recursos naturais, máis respectuosos co medio ambiente e a poboación.

3.3.3. DESGLOSE INDICATIVO POR CATEGORÍAS DE GASTO

Acorde cos obxectivos do Programa neste Eixe seleccionáronse as categorías de gasto que se mostran a continuación (Táboa 41).

Táboa 41: Temas prioritarios do Eixe 3

EIXE PRIORITARIO 3. AUMENTO E MELLORA DO CAPITAL HUMANO						
Tema prioritario	LIÑAS DE ACCIÓN	DEC		PNR	DEEE	PRESUPUESTO FINANCIERO ESTIMADO 2007 - 2013
CÓDIGO T		OBXECTIVOS	MEDIDAS	EIXES		
72. Proxección, introdución e aplicación de reformas nos sistemas de ensino e formación para desenvolver a empregabilidade, mellorando a adecuación ao mercado laboral do ensino e a formación iniciais e profesionais e actualizando os coñecementos do persoal docente de cara á innovación e a economía do coñecemento.	- Promover reformas nos sistemas de educación e formación que fomenten a empregabilidade. - Impulsar reformas que fomenten a aprendizaxe permanente e a adaptación á sociedade do coñecemento.	DEC 3 Máis e mellores postos de traballo	DEC 3.3 Aumentar o investimento en capital humano mellorando a educación e as cualificacións.	EIXE 3: Aumento e mellora do capital humano	8, 9, 23 y 24	90.759.729
73. Medidas para aumentar a participación no ensino e a formación permanentes a través de accións destinadas a diminuír a porcentaxe de abandono escolar e a segregación sexista de materias, así como a incrementar o acceso ao ensino e a formación iniciais, profesionais e superiores, e a mellorar a súa calidade.	- Prevención do abandono escolar e reforzo da formación inicial.		DEC 3.5 Axudar a manter unha poboación activa sa.			16.112.246
74. Desenvolvemento do potencial humano no ámbito da investigación e a innovación, en particular a través de estudos de postgrao e formación de investigadores, así como de actividades en rede entre universidades, centros de investigación e empresas.	- Desenvolver o potencial humano no ámbito da investigación e a innovación.					18.603.659
TOTAL EIXE						125.475.634

Fonte: elaboración propia. Débese sinalar que todos os Temas prioritarios incluídos neste Eixe se consideran que contribúen ao cumprimento dos Obxectivos de Lisboa.

3.3.4. INDICADORES OPERATIVOS

Do mesmo xeito, en función dos obxectivos perseguidos neste Eixe e, en consecuencia, coas actuacións previstas nel deseñáronse os seguintes indicadores operativos para facilitar o seu seguimento e cumprimento entre 2007 e 2013 (Táboa 42).

Táboa 42. Indicadores operativos do Eixe 3

CATEGORÍA Tema prioritario	TIPO INDICADOR	Denominación do indicador	Medida do indicador	V.P. 2010	V.P. 2013
72	R. Física	Persoas beneficiarias (Homes)	Nº	16.086	34.852
	R. Física	Persoas beneficiarias (Mulleres)	Nº	13.130	28.447
	R. Física	Programas ou campañas de comunicación, difusión e sensibilización	Nº	4	7
	Resultado	Novas titulacións e/ou certificacións profesionais	Nº	6	14
	Resultado	Persoas que obtiveron un recoñecemento oficial das competencias adquiridas pola experiencia laboral (Homes)	Nº	804	1.743
	R. Física	Persoas que seguiron cursos específicos no ámbito de profesións relacionadas co medio ambiente	Nº	2.922	6.330
	R. Física	Persoas que seguiron cursos que tiñan incluído un módulo de sensibilización ambiental	Nº	17.529	37.980
	Resultado	Persoas que obtiveron un recoñecemento oficial das competencias adquiridas pola experiencia laboral (Mulleres)	Nº	656	1.422
73	R. Física	Persoas beneficiadas (Homes)	Nº	32.400	70.200
	R. Física	Persoas beneficiadas (Mulleres)	Nº	21.600	46.800
	Resultado	Alumnos homes que participaron en accións de reforzo, orientación e apoio que permanecen no sistema educativo e/ou superaron a educación secundaria obrigatoria	Nº	16.200	35.100
	R. Física	Persoas que seguiron cursos específicos no ámbito de profesións relacionadas co medio ambiente	Nº	5.400	11.700
	R. Física	Persoas que seguiron cursos que tiñan incluído un módulo de sensibilización ambiental	Nº	32.400	70.200
	Resultado	Alumnas mulleres que participaron en accións de reforzo, orientación e apoio que permanecen no sistema educativo e/ou superaron a educación secundaria obrigatoria	Nº	10.800	23.400

CATEGORÍA Tema prioritario	TIPO INDICADOR	Denominación do indicador	Medida do indicador	V.P. 2010	V.P. 2013
74	R. Física	Persoas beneficiadas (Homes)	Nº	1.680	3.640
	R. Física	Persoas beneficiadas (Mulleres)	Nº	2.520	5.460
	R. Física	Empresas beneficiadas	Nº	840	1.820
	R. Física	Acordos/convenios asinados	Nº	8	14
	Resultado	Redes ou proxectos creados, de colaboración empresas-centros de ensinanza superior-centros tecnolóxicos de investigación	Nº	7	12
	Resultado	Investigadores ou persoal de apoio contratados por empresas (Homes)	Nº	840	1.820
	R. Física	Persoas que seguiron cursos específicos no ámbito de profesións relacionadas co medio ambiente	Nº	420	910
	R. Física	Persoas que seguiron cursos que tiñan incluído un módulo de sensibilización ambiental	Nº	2.520	5.460
	Resultado	Investigadores ou persoal de apoio contratados por empresas (Mulleres)	Nº	1.260	2.730

Fonte: elaboración propia.

3.4. EIXE 4. PROMOVER A COOPERACIÓN TRANSNACIONAL E INTERREXIONAL

3.4.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E PRIORIDADES ESTRATÉXICAS

A través deste Eixe fomentárase o intercambio de información, experiencias, resultados e boas prácticas, así como o desenvolvemento de formulacións complementarias e actuacións conxuntas con outros Estados membros e con outras rexións españolas. A través das devanditas actuacións buscarase dar unha mellor resposta a determinadas problemáticas comúns e, deste xeito, contribuír ao crecemento e ao emprego da economía galega.

Obxectivo específico do Eixe 4
• Colaboración transnacional e interrexional

Para iso, este Eixe fomentará a relación de Galicia con outras rexións europeas para compartir enfoques innovadores na aplicación de políticas de mercado de traballo, de formación e de inclusión social que, á vez, lles permita beneficiarse, mutuamente, dos progresos no desenvolvemento de políticas innovadoras realizadas por eles. Así, se constituirán redes e asociacións de cooperación e intercambio, así como plataformas de

experimentación para o desenvolvemento conxunto de metodoloxías e ferramentas que fomenten a aprendizaxe mutua de novos enfoques.

Crearase unha dinámica de traballo en rede transnacional e interrexional que permitirá adquirir habilidades e competencias en materia que serán de grande utilidade á hora de presentar proxectos a convocatorias da Unión Europea por exemplo en materia de I+D e de compartir experiencias que transcenderán o límite temporal do presente Programa Operativo, mediante a posta en marcha dunha oficina de apoio a proxectos europeos e internacionais, que promova a presenza dos axentes galegos da innovación en espazos supranacionais (plataformas tecnolóxicas, redes de excelencia, programas de mobilidade, ...)

Prevese a promoción de redes de intercambio de información, experiencias, resultados e boas prácticas (p.ex. as derivadas dos proxectos EQUAL do período 2000-2006 e da cooperación no ámbito da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal), así como a creación de plataformas de experimentación para o desenvolvemento conxunto de servizos, metodoloxías, ferramentas e produtos que fomenten a aprendizaxe mutua de novos enfoques e novos modelos de xestión.

Afondando nas iniciativas comunitarias, ponse de manifesto a experiencia que a Xunta de Galicia, así como outras entidades públicas e do terceiro sector, adquiriron en períodos de programación anteriores, especialmente no ámbito da iniciativa EQUAL, na que participou en 19 proxectos na primeira convocatoria 2001-2004, dos cales, 11 foron liderados por organismos galegos e está a participar na actualidade en 16 proxectos da segunda convocatoria 2005-2007. Destacan aqueles proxectos con especial enfoque na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e nos novos depósitos de emprego no ámbito rural, que servirán fundamentalmente de referencia para as accións desenvolvidas no período 2007-2013 no marco do Eixe 2.

3.4.2. INCLUSIÓN DAS PRIORIDADES TRANSVERSAIS NO EIXE 4

Estableceranse canles de comunicación entre as diferentes administracións da administración autonómica da Xunta de Galicia e outras rexións/países europeos buscando sinerxías coas principais debilidades do mercado laboral galego e oportunidades de traballo conxunto.

3.4.3. DESGLOSE INDICATIVO POR CATEGORÍAS DE GASTO

Táboa 43: Categorías de gasto do Eixe 4

Eixe do PO	Tema prioritario		Presuposto financeiro
	Código	Tema	
Eixe 4. Promover a cooperación transnacional e interrexional	Cooperación transnacional e interrexional		
	80	Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas.	10.755.054

Fonte: elaboración propia.

3.4.4. INDICADORES OPERATIVOS DO EIXE 4

De acordo co obxectivo de cooperación transnacional e interrexional os indicadores operativos definidos permitirán o seguimento e cumprimento deste ao longo de todo o período de programación (Táboa 44).

Táboa 44: Indicadores operativos do Eixe 4

CATEGORÍA Tema prioritario	TIPO INDICADOR	Denominación do indicador	Medida do indicador	V.P. 2010	V.P. 2013
80	R. Física	Redes , asociacións	Nº	4	10

Fonte: elaboración propia.

3.5. EIXE 5. ASISTENCIA TÉCNICA

3.5.1. OBXECTIVOS E PRIORIDADES DO EIXE 5

Este Eixe ten a finalidade de financiar as actividades necesarias para unha boa xestión da programación e o control e seguimento das actuacións.

Obxectivo específico do Eixe 5
• Reforzar a capacidade de xestión e control do Programa Operativo

O enfoque proposto para levar a cabo este obxectivo consiste:

- ✦ Por un lado, en dar soporte á xestión do Programa Operativo tratando de maximizar o valor engadido do FSE nas actuacións que se desenvolvan.
- ✦ Por outro, en articular actuacións que permitan dar resposta ás necesidades de información e publicidade do Programa e de avaliación correspondentes.
- ✦ Así como en ofrecer Asistencia técnica ao Programa dentro do seu marco de actuación.
- ✦ Difusión e comunicación das actuacións cofinanciadas.

A Asistencia técnica centrará os seus esforzos nas seguintes categorías de gasto:

- ✦ *Tema prioritario 85. Preparación, execución, seguimento e inspección*, que incluírán, entre outras, as seguintes liñas de actuación:
 - ✦ Apoio á xestión dos Programas Operativos. Entre as actividades a desenvolver destacan as seguintes:
 - ♦ Xestión, posta en marcha, seguimento, avaliación e control do Programa Operativo, potenciando a contratación de persoas expertas en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- ♦ Formación de xestores, incluíndo a formación en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- ▲ *Tema prioritario 86. Avaliación e estudos; información e comunicación*, que incluírán, entre outras, as seguintes liñas de actuación:
 - ▲ Avaliación, estudos, información e comunicación. Entre as actividades a desenvolver destacan as seguintes:
 - ♦ Accións de información e publicidade, estudos, seminarios e avaliaciós externas.
 - ♦ Adquisición e posta en marcha de sistemas informáticos de xestión, seguimento e avaliación.

3.5.2. INCLUSIÓN DAS PRIORIDADES TRANSVERSAIS

A contribución deste Eixe á *perspectiva de xénero*, aínda que indirecta, se realiza fundamentalmente a través da categoría 86 na que, xunto a outros temas de interese do mercado laboral, a situación particular da muller é unha das prioridades de actuación da administración rexional. Nesta mesma liña, contéplase a utilización nas actividades de Asistencia técnica de expertos en igualdade de oportunidades, así como a formación neste ámbito.

Por outra banda, o fomento *da non discriminación e da inclusión social* tratarase de igual xeito na categoría 86, na que, xunto a outros temas de interese do mercado laboral, a igualdade de oportunidades é unha das prioridades de actuación da administración autonómica.

No que respecta ao *fomento das NTIC*, o programa FSE de Galicia contempla a incorporación de novas ferramentas informáticas que faciliten as tarefas de xestión e seguimento dos proxectos desenvolvidos dentro do Programa.

3.5.3. DESGLOSE INDICATIVO POR CATEGORÍAS DE GASTO

Acorde coas prioridades estratéxicas deste Eixe seleccionáronse as seguintes categorías de gasto. Así mesmo, ningún dos Temas prioritarios incluídos neste Eixe se consideran que contribúan ao cumprimento dos Obxectivos de Lisboa.

Táboa 45: Categorías de gasto do Eixe 5

Eixe do PO	Tema prioritario		Presuposto financeiro
	Código	Tema	
Eixe 5. Asistencia técnica	Asistencia técnica		
	85	Preparación, execución, seguimento e inspección.	3.585.017
	86	Avaliación e estudos; información e comunicación.	3.585.019

Fonte: elaboración propia.

3.5.4. INDICADORES OPERATIVOS

Táboa 46: Indicadores operativos do Eixe 5

CATEGORÍA Tema prioritario	TIPO INDICADOR	Denominación do indicador	Medida do indicador	V.P. 2010	V.P. 2013
85	R. Física	Actuacións de control e xestión desenvolvidas	Nº	16	28
86	R. Física	Actuacións de avaliación e de estudos desenvolvidas	Nº	6	10

Fonte: elaboración propia.

3.6. INDICADORES ESTRATÉXICOS

Dentro da coherencia do PO FSE Galicia 2007-2013 co PNR e analizando o detalle da súa vinculación obsérvase como os Eixes 1 “*Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios*”, 2 “*Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade de oportunidades entre home e mulleres*” e 4 “*Cooperación transnacional e interrexional*” do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013 están relacionados co Eixe 6 “*Mercado de Traballo e Diálogo Social*” do PNR, mentres que os Eixes 3 “*Aumento e mellora do capital humano*” e 5 “*Asistencia técnica FSE*” están vinculados cos Eixes do PNR 3 “*Mellora do Capital humano*” e 5 “*Máis competencia, mellor regulación, eficiencia das Administracións Públicas e competitividade*”, respectivamente.

Ao mesmo tempo a selección de *indicadores estratéxicos* do FSE é consistente coa relación existente co PNR, o que mostra que a Axenda de Lisboa é atendida en alto grao pola estratexia comunitaria de Galicia.

Os indicadores estratéxicos do Eixe 1 do PO FSE Galicia 2007-2013 son:

- ▲ Taxa de creación de empresas.
- ▲ % de homes e mulleres entre 25 e 64 anos asistentes a cursos de formación permanente.
- ▲ Diminución das taxas de temporalidade na contratación tanto feminina como masculina.
- ▲ Índice de incidencia de accidentes laborais (Nº de traballadores accidentados con baixa laboral x por cada 100.000 traballadores).

No Eixe 2 do PO FSE, os indicadores estratéxicos son os seguintes:

- ▲ Taxas de emprego global, feminina, e entre 55 e 64 anos.

- ✦ Taxa de desemprego xuvenil (entre 16 e 24 anos).
- ✦ Índice xeral de dependencia.
- ✦ Taxa neta de escolaridade aos 2 anos.

E no Eixe 3, os indicadores estratéxicos son os seguintes:

- ✦ Taxas de abandono escolar global, masculina e feminina (% de poboación de 18 a 24 anos que non completaron a 2ª etapa do Ensino Secundario e non segue ningún tipo de educación e/ou formación).
- ✦ Taxas global, masculina e feminina de poboación graduada en ensino obrigatorio.
- ✦ Número de graduados en Ciencia e Tecnoloxía (total, homes e mulleres).

3.6.1. PESO RELATIVO DO PO FSE DE GALICIA 2007-2013 NA CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Os mecanismos de programación establecidos para o período 2007-2013 introducen unha forte conexión entre o Fondo Social Europeo e a Estratexia Europea polo Emprego, de forma que as intervencións cofinanciadas con cargo a este Fondo Estrutural poidan contribuír de xeito máis eficiente aos obxectivos e metas da “Estratexia de Lisboa”.

Neste sentido, a maioría dos valores obxectivos establecidos para os exercicios 2010 e 2013, nos indicadores estratéxicos incluídos no PO FSE de Galicia, foron fixados baixo a consideración de que as accións realizadas ao amparo deste fondo terían unha influencia decisiva sobre as previsións finais.

Non pode esquecerse, non obstante, que existen outros documentos de programación, operativos ben a nivel estatal ou rexional, que contribuirán de forma determinante ao logro dos obxectivos marcados. Sería moi difícil illar a participación individual de cada plan no resultado final, xa que as diferentes medidas interactuarán entre si co fin de alcanzar un obxectivo común.

Moitos dos obxectivos incluídos no PO FSE de Galicia 2007-2013 (tales como aumentar a taxa de emprego, especialmente entre as mulleres, combater o paro xuvenil, diminuír o abandono escolar prematuro ou a redución significativa da temporalidade no traballo), constitúen tamén o núcleo de actuación dun importante conxunto de medidas, executadas pola administración central do estado (principalmente polo MTAS e o MEC) baixo o marco programático do Plan Nacional de Reformas de España 2006-2010.

É por iso, que os valores obxectivos 2010 fixados para a maioría dos indicadores estratéxicos considerados, constitúan a suma dos efectos individuais do PO FSE Galicia e do PNR de España.

Oito dos nove indicadores estratéxicos seleccionados no Eixe 1 do PO FSE de Galicia, “Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios”, recibirán deste plan, un impulso equiparable ao conseguido grazas á acción do PNR.

De feito, a participación da poboación activa nos cursos de formación permanente constitúe un das principais operacións incluídas tanto no PO FSE de Galicia (Eixe 1) coma no PNR (Eixe 3) e no PO Plurirrexional de Adaptabilidade e Emprego (Eixe 1). Por outra banda, unha boa parte dos fondos mobilizados ao longo do seguinte período de programación serán destinadas á fin de lograr emprego estable e de calidade, especialmente entre o colectivo feminino. A medición da taxa de temporalidade na contratación utilizarase como indicador estratéxico deste obxectivo, contido tanto no Eixe 1 do PO FSE rexional coma no Eixe 6 do PNR.

Os indicadores relativos á taxa de creación de empresas, obxectivo prioritario do Eixe 1 do PO Rexional, veranse moi reforzados por un amplo conxunto de medidas incluídas nos Eixes 6 e 7 do PNR. Por outra banda, as intervencións cofinanciadas polo FSE neste ámbito, veranse complementadas pola execución das medidas incluídas no Eixe 2 do PO FEDER Galicia 2007-2013 (Desenvolvemento e innovación empresarial). Os valores consignados como obxectivos 2010 e 2013 consideran estas tres diferentes liñas de actuación.

O único indicador estratéxico do Eixe 1 para o cal o PO FSE de Galicia non prevé medidas que inflúan decisivamente na súa evolución futura é o índice de incidencia de accidentes laborais. Neste sentido, será determinante o éxito das actuacións a executar polo MTAS dentro do abano de medidas Nº 258-262 do Eixe 6 do PNR, así como as do PO Plurirrexional de Adaptabilidade e Emprego relativas á saúde e seguridade no traballo.

No Eixe 2 do PO FSE de Galicia 2007-2013, “Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres”, inclúense seis indicadores estratéxicos de contido puramente ocupacional (taxas de emprego, taxas de emprego no tramo de idade 55-64 anos e taxas de desemprego xuvenil), un indicador que non constitúe un obxectivo en si, senón unha referencia para valorar as necesidades de conciliación entre vida laboral e familiar (Índice xeral de dependencia), e unha ratio que sintetiza determinados logros en materia de conciliación e de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (Taxa neta de escolaridade aos dous anos).

Para alcanzar os obxectivos cifrados no Eixe 2 será precisa a actuación conxunta do PO Rexional e do PNR, que desenvolve no seu Eixe 6, un detallado conxunto de medidas orientadas a mellorar as condicións de emprego e a facilitar a conciliación e a igualdade de xénero no mercado laboral.

Nesta dirección, tamén resultará decisiva a entrada en vigor da Lei de Igualdade entre Homes e Mulleres, a correcta aplicación das cales facilitará o acceso das mulleres ao emprego, reducirá a discriminación de xénero no terreo laboral e mellorará as condicións de conciliación.

Non pode esquecerse tampouco que a perspectiva da igualdade de xénero constitúe un obxectivo transversal que inspira unha parte moi relevante das actuacións incluídas no PO FEDER Galicia 2007-2013. Este plan, que outorga un peso proporcional moi elevado ao fomento das novas tecnoloxías fai unha referencia constante á cuestión da igualdade, pois prima a participación do emprego feminino nas actividades de I+D+i e nas empresas de media e alta tecnoloxía, feito que producirá unha maior presenza das mulleres nos empregos que incorporan un maior nivel de cualificación laboral.

O Eixe 6 do PO FEDER de Galicia 2007-2013 tamén introduce unha aproximación transversal á cuestión de xénero que debe ser considerada para estimar correctamente as

previsións 2007 e 2013 dos obxectivos incluídos no Eixe 2 do PO FSE. A dotación de infraestruturas educativas e sanitarias constitúe a principal actuación do Eixe 6 do PO FEDER rexional, as medidas do cal contribuirán á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, en tanto que facilitarán a custodia de fillos e outras persoas dependentes, permitirán que as mulleres poidan incorporarse con maior facilidade ao mercado laboral e conciliar a súa vida profesional e familiar.

No que fai referencia ao Eixe 3 do PO FSE de Galicia 2007-2013, “Aumento e mellora do capital humano”, os indicadores estratéxicos escollidos fan referencia a unha serie de operacións nas cales o Programa Operativo rexional terá unha repercusión determinante (taxas de abandono escolar, taxa de poboación graduada en ensino secundario, graduados en ciencia e tecnoloxía).

As amplas competencias das que goza a administración autonómica en materia de educación, propician que os programas rexionais teñan, neste Eixe, un peso relativo maior que as medidas e programas de alcance estatal.

Non obstante, debe facerse tamén referencia aos permanentes vínculos de colaboración existentes entre o MEC e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. De feito, as medidas introducidas no Eixe 3 do PNR para mellorar a educación en todos os niveis de ensino en España, serán executadas pola administración autonómica en Galicia, feito que se tivo en conta á hora de cuantificar os obxectivos 2010 e 2013 no Eixe 3 do PO FSE de Galicia 2007-2013.

Obsérvase na maioría dos indicadores estratéxicos, a influencia conxunta do PO rexional e do PNR, dous plans que posúen diferentes períodos de execución. Mentres que a vixencia do PNR remata no ano 2010, o PO FSE de Galicia esténdese ata o 2013. É previsible que as repercusións do PNR se estendan no tempo máis alá do ano 2010, polo que o plan nacional non só serve de referencia básica para fixar os obxectivos 2010, senón que tamén proporciona un fundamento indirecto para estimar os obxectivos 2013 do PO FSE de Galicia 2007-2013, que á súa vez se verán reforzados polas intervencións na rexión dos dous Programas Plurirrexionais do FSE, que se prolongan así mesmo ao 2013.

DISPOSICIÓN DE APLICACIÓN

Os sistemas de xestión e control dos Programas Operativos establecidos polos Estados membros deberán prever os aspectos mencionados no artigo 58 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

4.1. DESIGNACIÓN DE AUTORIDADES

O Estado español, no proceso de designación de autoridades e no desenvolvemento das competencias atribuídas, tivo presente as peculiaridades do sistema de organización territorial de España, a determinación dun nivel territorial axeitado de execución dos programas e o mandato de cooperación previstos nos artigos 11 e 12 do Regulamento (CE) N° 1083/2006.

O Estado español é responsable¹⁹ ante a Comisión Europea da xestión e o control do Programa Operativo. En exercicio de tal responsabilidade o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais poderá adoptar as medidas necesarias para garantir que a execución do Programa e as declaracións de gastos que se tramiten á Comisión Europea cumpran os requirimentos da normativa comunitaria.

4.1.1. AUTORIDADE DE XESTIÓN

- **Concepto²⁰**

É Autoridade de Xestión, a autoridade pública, nacional, rexional ou local ou un organismo público ou privado designado polo Estado membro para xestionar o Programa Operativo.

- **Designación**

En aplicación do artigo 59 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006, e de acordo co Real Decreto 683/2002, do 12 de xullo, o Estado español designa como Autoridade de Xestión do presente Programa Operativo FSE á Unidade de Xestión²¹ da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (centro dependente da Dirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e do Fondo Social Europeo -Secretaría Xeral de Emprego- Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais).

O exercicio das competencias e funcións de tal Autoridade levarase a cabo segundo os criterios que máis adiante se detallan.

- **Funcións**

A Autoridade de Xestión executa o Programa Operativo en consonancia cos principios de boa xestión financeira e garante a axeitada utilización do financiamento do Fondo Social Europeo (en diante FSE) como instrumento do Marco Estratéxico Nacional de Referencia, de acordo co disposto tanto no Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006 e no Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión do 8 de decembro polo que se fixan normas de desenvolvemento do anterior, como nas competencias que lle sexan atribuídas polo Estado nas disposicións de designación.

A enumeración das funcións recollidas no artigo 60 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006, débese completar coas previstas nos artigos 63, 65, 66, 71 e 90 desta mesma norma, así como as establecidas ao longo do Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión de 8 de decembro de 2006 e demais normativa de desenvolvemento.

¹⁹ Ver artigo 70 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

²⁰ Ver artigo 59.1.a) do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

²¹ Procederase a realizar a oportuna actualización normativa.

• Criterios de instrumentación da Xestión

Sen prexuízo da responsabilidade que incumbe ao Estado español, o exercicio das funcións da Autoridade de Xestión realizarase pola Unidade de Xestión da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (en adiante Unidade de Xestión da UAFSE) en cooperación²² coa Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios), designada de conformidade co artigo 59.2 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 estará encargada de executar as actividades que a continuación se enumeran, dentro das funcións que corresponden á Autoridade de Xestión. Así mesmo, a Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios) poderá contar co apoio doutros servizos/organismos colaboradores dos Programas.

1.- A Xunta de Galicia exercerá as seguintes funcións:

- 1.1- Establecer procedementos para garantir que a selección das operacións para o seu financiamento se realizan de conformidade cos criterios aplicables ao Programa Operativo, e que as devanditas operacións se ateen ás normas comunitarias e nacionais aplicables na materia durante todo o período de execución²³.
- 1.2- Comprobar que se levou a cabo a prestación dos servizos obxecto de cofinanciamento, que se incorreu no gasto declarado e que este cumpre as normas comunitarias e nacionais aplicables²⁴.
- 1.3- Garantir que os beneficiarios e outros organismos participantes na execución das operacións manteñen un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas de contabilidade nacional²⁵.
- 1.4- Garantir que se dispón de todos os documentos sobre o gasto e as auditorías necesarios para contar cunha pista de auditoría apropiada que garanta a fiabilidade das solicitudes de reembolso que se presenten á Autoridade de Certificación²⁶.
- 1.5- Garantirá que todos os documentos xustificativos relacionados cos gastos e coas auditorías correspondentes ao Programa Operativo se manteñen a disposición da Comisión e do Tribunal de Contas durante ²⁷:
 - ♦ un período de tres anos a partir do peche do Programa Operativo; ou,
 - ♦ un período de tres anos a partir do ano en que tivera lugar o peche parcial.

2.- A Unidade de Xestión da UAFSE levará a cabo as seguintes funcións:

- 2.1- Iniciar as revisións do Programa Operativo que lle sexan propostas polo Comité de Seguimento para o logro dos Obxectivos do Fondo Social Europeo²⁸.

²² Ver artigo 11 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

²³ Ver artigo 60 letra a) do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

²⁴ Ver artigo 60 letra b) do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

²⁵ Ver artigo 60 letra d) do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

²⁶ Ver artigo 60 letra f) do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

²⁷ Ver artigo 90 Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006 e Artigo 19 Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión do 8 de decembro de 2006.

²⁸ Ver artigo 65 letra f) do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

- 2.2- Elaborar as instrucións, aclaracións e ditar cantas disposicións sexan necesarias a nivel nacional para garantir a coherencia e uniformidade de criterios na xestión, aplicación e interpretación da normativa nacional e comunitaria aplicable na xestión dos Programas Operativos do FSE, que se executen en España.
3. - A Xunta de Galicia disporá dun sistema informatizado de rexistro e almacenamento de datos contables compatibles co sistema de información común a todos os Programas Operativos do FSE España, co obxecto de permitir á Unidade de Xestión da UAFSE respectar as esixencias do artigo 60 c) do Regulamento (CE) Nº 1083/2006.²⁹
- 4.- A Xunta de Galicia garantirá que as avaliacións do Programa Operativo a que se refire o artigo 48 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 se levan a cabo conforme ao disposto no mencionado Regulamento. Igualmente levarán a cabo nos anos 2010 e 2013 a avaliación dos resultados das medidas de información e publicidade previstas no Plan de Comunicación.
- A Unidade de Xestión da UAFSE velará para que estas avaliacións se levan a cabo prestando toda a colaboración necesaria para a súa correcta execución. Adicionalmente, realizará, no seu caso, as avaliacións que abrangan ao conxunto de todos os Programas, sobre a base dunha selección de prioridades, ou elementos temáticos que se determinen³⁰ e igualmente elaborará os informes estratéxicos FSE previstos no artigo 29 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, baseándose na información achegada pola Xunta de Galicia. Neste sentido débese ter en conta o mencionado no apartado 2.7 “Plan de Avaliación e Seguimento Estratéxico” destas disposicións de aplicación.
- 5.- A Unidade de Xestión da UAFSE realizará as actuacións necesarias para a constitución do Comité de Seguimento do Programa Operativo e orientará os seus traballos.
- Tanto a Xunta de Galicia, como a Unidade de Xestión da UAFSE formarán parte do Comité de Seguimento, exercendo a súa presidencia cando fosen designadas para iso.
- A Xunta de Galicia garantirá que a execución do Programa Operativo responde a criterios de calidade e subministrará tanta información sexa necesaria para que as reunións do Comité se levan a cabo ³¹.
- 6.- A Xunta de Galicia elaborará os informes anuais e o Informe final do Programa Operativo que serán remitidos á Unidade de Xestión da UAFSE, para o seu posterior envío á Comisión, tras a súa aprobación polo Comité de Seguimento³².
- 7.- A Autoridade de Xestión asegurase de que a Autoridade de Certificación dispoña de toda a información necesaria sobre os procedementos e verificacións efectuados en relación co gasto para os efectos de certificación.

A este fin, a Xunta de Galicia debe facilitar a presentación ordenada das certificacións de gastos, co detalle e periodicidade requiridos pola Autoridade de Certificación co obxecto de contribuír á fluidez dos fluxos financeiros. Á súa vez, debe

²⁹ Ver artigo 60 letra c) do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006.

³⁰ Ver artigo 60 letra e) do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

³¹ Ver artigos 60 letra h), 63 e 66 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

³² Ver artigo 60 letra i) do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 del Consello de 11 de xullo de 2006.

establecer dispositivos que garantan a legalidade e regularidade das intervencións cofinanciadas³³.

- 8.- A Xunta de Galicia executará dentro do seu ámbito territorial de actuación o cumprimento dos requisitos de información e publicidade. Corresponde á Unidade de Xestión da UAFSE garantir a nivel nacional o cumprimento destes requisitos, verificando o desenvolvemento dos plans de comunicación do Programa Operativo³⁴.
- 9.- A Xunta de Galicia remitirá á Unidade de Xestión da UAFSE, antes de presentar a primeira solicitude provisional de pagamento, ou como moito, nun prazo de dez meses a partir da aprobación do Programa Operativo, unha descrición dos seus sistemas, que abranguerá, en particular, a súa organización e os procedementos. O Estado membro remitirá á Comisión a descrición dos sistemas no prazo establecido no artigo 71.1 do Regulamento (CE) N° 1083/2006³⁵.

4.1.2. AUTORIDADE DE CERTIFICACIÓN. DESIGNACIÓN E FUNCIÓNS

a) Concepto

A Autoridade de Certificación é a autoridade ou organismo público, nacional, rexional ou local designado polo Estado membro co fin de certificar as declaracións de gastos e as solicitudes de pagamento antes do seu envío á Comisión; así mesmo é o organismo designado polo Estado para a recepción dos pagamentos efectuados pola Comisión e o responsable de ordenar os pagamentos aos beneficiarios³⁶.

b) Designación

En aplicación do artigo 59 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, e de acordo co Real Decreto 683/2002, do 12 de xullo, o Estado español designa como Autoridade de Certificación do presente Programa Operativo FSE á Unidade de Certificación³⁷ da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (dependente da Dirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e do Fondo Social Europeo -Secretaría Xeral de Emprego- Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais), que levará a cabo o seu labor de plena conformidade cos sistemas institucional, xurídico e financeiro do Estado.

c) Funcións

Sen prexuízo das competencias que lle sexan atribuídas polo Estado na normativa de designación das disposicións que regulen a cooperación coas autoridades e organismos descritos no artigo 11 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, e das demais atribucións que se prevean no resto da normativa comunitaria, as funcións da Autoridade de Certificación comprenden³⁸:

- a. Elaborar e remitir á Comisión as certificacións das declaracións de gastos e as solicitudes de pagamento intermedio.
- b. Certificar:

³³ Ver artigo 60 letra g) do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

³⁴ Ver artigo 60 letra j) do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

³⁵ Ver artigo 71 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

³⁶ Ver artigos 37.1.g. iii) y 59.1.b) do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

³⁷ Procederáse a realizar a oportuna actualización normativa.

³⁸ Ver artigo 61 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

- ♦ que a declaración de gastos é exacta, se realizou aplicando sistemas de contabilidade fiables e se basea en xustificantes verificables.
 - ♦ que o gasto declarado se atén ás normas nacionais e comunitarias aplicables na materia e se realizou en relación coas operacións seleccionadas para financiamento, de conformidade cos criterios aplicables ao programa e en cumprimento das disposicións nacionais e comunitarias.
- c. Velar, para os efectos de certificación, que foi convenientemente informada pola Autoridade de Xestión dos procedementos e as verificacións levadas a cabo en relación co gasto incluído nas declaracións.

Toda certificación de gastos enviada pola Xunta de Galicia á Autoridade de Certificación incluírá a documentación acreditativa de que as verificacións previstas nos artigos 13.2 do Regulamento (CE) N° 1828/2006 e 60.b) do Regulamento (CE) N° 1083/2006, leváronse a cabo satisfactoriamente.

A Unidade de Certificación da UAFSE con independencia das atribucións da Autoridade de Auditoría do Programa, poderá realizar as verificacións necesarias e adoptar medidas oportunas, para garantir que as certificacións das declaracións de gastos que se remitan á Comisión Europea cumpren os requirimentos da normativa comunitaria.

- d. Levar un seguimento, dos resultados de todos os controis levados a cabo pola Autoridade de Auditoría ou baixo a súa responsabilidade.
- e. Manter rexistros contables en soporte electrónico do gasto declarado á Comisión.
- f. Manter unha conta dos importes recuperables e dos importes retirados debido á cancelación de toda ou parte da contribución a unha operación. Os importes recuperados devolveranse ao presuposto xeral das Comunidades Europeas, antes do peche do Programa Operativo, deducíndoos do seguinte estado de gastos.
- g. Remitir anualmente á Comisión, antes do 31 de marzo, a información establecida no artigo 20 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.
- h. Realizar unha descrición dos sistemas en aplicación do previsto no artigo 71 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, para que o Estado membro poida remitila en prazo á Comisión³⁹.
- i. Recibir os pagamentos da Comisión e o importe do prefinanciamento previsto no artigo 82 do Regulamento (CE) N° 1083/2006.
- j. No seu caso, reembolsar á Comisión o importe total subscritor en concepto de prefinanciamento cando non se reciba ningunha solicitude de pagamento do Programa Operativo nun prazo de vinte e catro meses a partir da data en que a Comisión pagara a primeira fracción do prefinanciamento.
- k. Ordenar á Caixa pagadora a realización dos pagamentos aos órganos da Xunta de Galicia, ou no seu caso aos beneficiarios das axudas FSE, velando por que estes reciban as axudas a que teñan dereito, canto antes e na súa integridade, sen deducións nin retencións. Non se imporá ningunha carga específica ou outra carga de efecto equivalente, que reduza os importes destinados aos beneficiarios.

³⁹ Ver artigo 71 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

- l. Asignar os xuros devengados polo prefinanciamento ao Programa Operativo de que se trate. Estes serán considerados como recurso para o Estado membro en forma de contribución pública nacional.
- m. Remitir á Comisión antes do 30 de abril de cada ano unha previsión das probables solicitudes de pagamentos en relación co exercicio presupostario en curso e co exercicio seguinte⁴⁰.

4.1.3. AUTORIDADE DE AUDITORÍA

A Autoridade de Auditoría será a Intervención Xeral da Xunta de Galicia.

A instrumentación das funcións da Autoridade de Auditoría farase de acordo cos sistemas institucional, xurídico e financeiro do Estado membro, conforme ás normas de auditoría internacionalmente aceptadas (art. 59.3 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello) e os acordos que, en aplicación das indicadas normas, asinen os órganos de control interno con competencias nesta materia, co fin de garantir o correcto cumprimento das obrigas establecidas no ordenamento xurídico comunitario.

De acordo co anterior, a Intervención Xeral da Xunta de Galicia, como Autoridade de Auditoría, exercerá as funcións establecidas no artigo 62.1 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello (e que se describen nos parágrafos seguintes) baseándose nun sistema de control integrado no que participa xunto á Intervención Xeral da Xunta de Galicia, a IGAE, asegurándose a súa independencia funcional (art. 62.3):

- ♦ Auditorías para comprobar o funcionamento eficaz do sistema de xestión e control (artigo 62.1 a): a Intervención Xeral da Xunta de Galicia, no ámbito competencial da Comunidade Autónoma e, a IGAE, dentro do seu ámbito de actuación, realizarán as auditorías para comprobar o funcionamento eficaz do sistema de xestión e control do Programa Operativo, no marco da estratexia de auditoría presentada á Comisión pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia.
- ♦ Auditorías das operacións (artigo 62.1 b): a Intervención Xeral da Xunta de Galicia realizará as auditorías das operacións, baseándose nunha mostra representativa que permita verificar o gasto declarado, no marco da estratexia de auditoría aprobada.
- ♦ Estratexia de auditoría (62.1.c): A Intervención Xeral da Xunta de Galicia presentará á Comisión a estratexia de auditoría, sobre a base dos acordos que se alcanzaran entre os diferentes órganos de control.
- ♦ Informe anual de control e ditame sobre o funcionamento do sistema de xestión e control (62.1.d, apartados i e ii): A Intervención Xeral da Xunta de Galicia presentará o Informe anual que se baseará nos resultados das auditorías realizadas no seu ámbito de actuación e nos resultados das auditorías realizadas, no seu caso, pola IGAE.
- ♦ A Intervención Xeral da Xunta de Galicia emitirá o ditame anual do Programa Operativo sobre a base dos resultados das súas actuacións e das actuacións realizadas, no seu caso, pola IGAE respecto ao seu ámbito de actuación.

⁴⁰ Ver artigo 76 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

- ♦ Declaracións de peche parciais e finais e Informe final (arts. 62.1.d, apartado iii e 62.1.e): As declaracións de peche parciais, que analicen a legalidade e regularidade dos gastos, e a declaración de peche final do Programa, na que se avaliará a validez da solicitude de pagamento do saldo e a legalidade e regularidade das transaccións, así como o Informe final de control, presentaranse pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia.
- ♦ A Intervención Xeral da Xunta de Galicia emitirá a declaración de peche parcial ou final así como o Informe final do Programa Operativo, baseándose nos resultados das súas actuacións e, no seu caso, das actuacións realizadas pola IGAE.
- ♦ Descrición dos sistemas que abrangan a organización e os procedementos da propia Autoridade de Auditoría e de calquera outro organismo que leve a cabo auditorías baixo a responsabilidade desta, en aplicación do previsto no artigo 71.1.b) do Regulamento (CE) N° 1083/2006, para que o Estado membro poida remitila en prazo á Comisión, a partir das descricións dos seus propios sistemas e das realizadas por cada un dos organismos citados.
- ♦ Informe sobre a avaliación dos sistemas e ditame sobre a súa conformidade (artigo 71.2), A Intervención Xeral da Xunta de Galicia competente presentará o informe sobre a avaliación dos sistemas e emitirá o ditame sobre a súa conformidade baseándose nos resultados das auditorías que se realicen no seu ámbito de actuación así como, se é o caso, nas auditorías realizadas pola IGAE en relación cos sistemas relativos ao seu ámbito de actuación.

4.2. DESCRIPCIÓN DOS SISTEMAS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN⁴¹

4.2.1. SEGUIMENTO

Os sistemas de xestión e control do Programa Operativo deberán prever segundo o artigo 58 do Regulamento (CE) N° 1083/2006:

- a. A definición das funcións dos organismos responsables da xestión e o control, e a asignación de labores no seo de cada organismo.
- b. O cumprimento do principio de separación de funcións entre os devanditos organismos e no seo de cada un deles.
- c. Procedementos que garantan a exactitude e regularidade do gasto declarado no marco do Programa Operativo.
- d. Uns sistemas informatizados fiables de contabilidade, seguimento e información financeira.
- e. Un sistema de información e seguimento en que o organismo responsable confíe a execución dos labores a outro organismo.
- f. Unhas regras para auditar o funcionamento dos sistemas.

⁴¹ Ver artigo 71 Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006 e artigos 12 a 26 do Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión de 8 de decembro de 2006.

- g. Sistemas e procedementos que garantan unha pista de auditoría axeitada.
- h. Procedementos de comunicación e seguimento en relación coas irregularidades e a recuperación dos importes indebidamente aboados.

De acordo con estes principios o Estado español en cooperación coas Autoridades previstas no artigo 11 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, establecerá un sistema de seguimento co obxecto de canalizar os fluxos de información sobre as operacións cofinanciadas polo FSE e efectuar o seguimento financeiro e cualitativo dos programas. Este sistema ao que estarán vinculados todos os órganos antes mencionados, así como os beneficiarios dos Programas Operativos cofinanciadas polo Fondo Social Europeo garantirá:

- a. A correcta administración dos fluxos financeiros coa Unión Europea e coa Xunta de Galicia.
- b. A identificación das operacións cofinanciadas.
- c. A achega de información cualitativa sobre o contido e os resultados das intervencións, facilitando a identificación dos impactos das operacións sobre os colectivos ou os sectores prioritarios. Preferentemente, o sistema recollerá cada ano, e de xeito acumulado todos os indicadores de realización física e financeira que constitúen o mínimo común para o conxunto dos programas. A unidade mínima de introdución de indicadores de seguimento financeiros será a operación, tal como se define no apartado 3) do artigo 2 do Regulamento Xeral.

Esta información permitirá unha avaliación máis homoxénea das formas de intervención, establecendo parámetros comúns de valoración das operacións cofinanciadas.

- d. O sistema de seguimento establecido estenderase a todas as intervencións cofinanciadas polo FSE no territorio nacional. A tal fin, establecéronse eixes prioritarios comúns a todas as formas de intervención FSE.
- e. Para cada un dos niveis de programación, estableceranse os correspondentes indicadores, que permitan lograr os obxectivos do sistema de seguimento. Estes indicadores definiranse de xeito homoxéneo e coherente, cuantificándose mediante un número reducido de indicadores de realización e resultado, atendendo ao principio de proporcionalidade. Os indicadores deberán permitir medir os avances realizados en relación coa situación de partida, así como a consecución de obxectivos dentro de cada Eixe prioritario⁴². Nas operacións os destinatarios das cales sexan persoas, estes indicadores deberán analizar o número de participantes por ano, sexo, situación no mercado laboral, idade, nivel de formación e no seu caso a súa inclusión en grupos vulnerables, de conformidade coas normas nacionais⁴³.

A Xunta de Galicia será responsable con carácter xeral da subministración de información para cada operación, e en especial no que se refire aos indicadores de resultado. A Autoridade de Xestión velará pola calidade global da información contida neste sistema.

⁴² Ver artigo 37 c) do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

⁴³ Ver artigo 40.2 e anexo XXIII do Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión de 8 de decembro de 2006.

4.2.2. SISTEMA INFORMÁTICO DAS AUTORIDADES DE XESTIÓN E CERTIFICACIÓN DO FSE ESPAÑA PARA O PERIODO 2007-2013⁴⁴

As Autoridades de Xestión e Certificación dos Programas Operativos FSE España deben garantir, dende o momento da súa aprobación, a posta en marcha e o correcto funcionamento dun sistema informático nacional de xestión capaz de subministrar á Comisión a información cualitativa e financeira prevista no artigo 40 e seguintes do Regulamento (CE) N° 1828/2006, para o que adoptarán as accións necesarias para asegurar a súa plena e completa operatividade para todo o período de programación 2007-2013.

Este sistema de seguimento informático dos Programas Operativos FSE, permitirá a xestión integral das formas de intervención cofinanciadas polo FSE, cumprindo os seguintes requisitos:

- ♦ Subministrar a información para elaboración do Marco Estratéxico Nacional de Referencia nas prioridades do Fondo Social Europeo.
- ♦ Subministrar a información necesaria para a elaboración, aprobación e modificación dos Programas Operativos do FSE para o seu emprego polas Autoridades de Xestión, Certificación e Auditoría, e polos órganos intermedios.
- ♦ Garantir a información para a xestión financeira, o seguimento de indicadores, as verificacións, as auditorías, o control e a avaliación, para a súa utilización polas Autoridades de Xestión, Certificación e Auditoría e órganos intermedios.

Este sistema será unha aplicación Web, onde o Servidor, a Base de Datos e o Cliente se atopan nunha arquitectura distribuída e cumprirá unha serie de requisitos xerais tales como:

- ♦ Xeración de informes a partir das consultas realizadas na aplicación.
- ♦ Envorcado dos Informes xerados a ficheiros de folia de cálculo ou ficheiros con formato pdf.
- ♦ Carga automática no sistema de ficheiros externos con grande volume de datos.

A Xunta de Galicia debe ser dada de alta como usuario deste sistema informático para que poida levar a cabo a subministración telemática da seguinte información:

- ♦ Alimentar os sistemas de seguimento financeiro e cualitativo (indicadores).
- ♦ Subministrar os datos requiridos para a elaboración do Informe anual, así como canta información sexa necesaria para as reunións do Comité de Seguimento.
- ♦ Subministrar os datos requiridos para a elaboración do Informe final.
- ♦ Facilitar a presentación telemática das certificacións de gasto, co detalle e periodicidade requirida pola Autoridade de Certificación.

O sistema en cuestión, debe permitir unha axeitada recollida e transmisión de datos; unha axeitada xestión dos datos financeiros e físicos, do cumprimento das políticas comunitarias (contratación pública, igualdade de oportunidades, medio ambiente, etc.); unha axeitada

⁴⁴ Ver artigos 39 a 42 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

codificación de datos; unha actualización periódica e a dispoñibilidade dos devanditos datos e o acceso á información de cada forma de intervención permitindo así o cumprimento dos obxectivos fixados no Regulamento (CE) N° 1828/2006⁴⁵.

4.2.3. COMITÉ DE SEGUIMIENTO DO PO

a) Creación

Ao efecto de asegurar o correcto seguimento e desenvolvemento do Programa Operativo, constituirase, de acordo co artigo 63 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 un Comité de Seguimento do Programa Operativo.

Será creado polo Estado, de acordo coa Autoridade de Xestión (Unidade de Xestión da UAFSE) e os órganos de cada Comunidade/ Cidade Autónoma, nun prazo de tres meses a partir da data en que notificara ao Estado a decisión de aprobación do Programa Operativo. Poderá crearse un único Comité de Seguimento para varios Programas Operativos.

Cada Comité de Seguimento establecerá o seu regulamento interno aténdose ao marco institucional, xurídico e financeiro do Estado e aprobarao de acordo coa Autoridade de Xestión co obxecto de desempeñar os seus labores de conformidade cos Regulamentos comunitarios.

b) Composición e funcionamento

O Estado decidirá a composición do Comité, de común acordo coa Autoridade de Xestión e a Xunta de Galicia.

Estará presidido por un representante do Estado membro, da Autoridade de Xestión ou dos órganos da Xunta de Galicia.

Ademais dos representantes sinalados en apartados anteriores, existirá á súa vez, unha representación do organismo rexional responsable da política de igualdade de oportunidades, da Rede de Autoridades Ambientais e dos interlocutores sociais máis representativos, así como de calquera outro organismo pertinente de acordo ao artigo 11 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006.

Participará no labor do Comité de Seguimento, por iniciativa propia ou a petición do Comité de Xestión, a título consultivo, unha representación da Comisión.

O Comité reunirase polo menos unha vez ao ano, aínda que poderán celebrarse outras reunións ou crearse grupos de traballo, de acordo co que estableza o respectivo regulamento interno. En particular, poderán formarse grupos de traballo enfocados ao estudo das prioridades horizontais da programación FSE.

O Comité de Seguimento contará cunha Secretaría responsable da preparación dos documentos de seguimento, informes, ordes do día e actas das reunións.

Por outra parte crearanse grupos de traballo comúns para o estudo de temas de interese nacional, en particular sobre a aplicación do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todas as intervencións cofinanciadas polos Fondos Estruturais.

⁴⁵ Ver artigos 39 a 42 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

c) Funcións

O Comité de Seguimento do Programa Operativo debe asegurar a eficacia e calidade da execución do Programa, segundo o disposto o artigo 65 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 e no artigo 4 do Regulamento (CE) N° 1828/2006, polo que desempeñará as seguintes funcións:

- a. Estudar e aprobar os criterios de selección das operacións obxecto de financiamento nun prazo de seis meses a partir da aprobación do Programa Operativo e aprobar toda revisión dos devanditos criterios atendendo ás necesidades de programación.
- b. Analizar periodicamente os progresos realizados na consecución dos obxectivos específicos do Programa Operativo baseándose na documentación remitida pola Autoridade de Xestión.
- c. Examinar os resultados da execución, en particular o logro dos obxectivos fixados en relación con cada Eixe prioritario e as avaliacións contempladas no apartado 3 do artigo 48 do Regulamento (CE) N° 1083/2006.
- d. Estudar e aprobar os Informes de execución anual e final.
- e. Comunicaráselle o informe de control anual, ou a parte do informe que se refira ao Programa Operativo en cuestión, e calquera observación pertinente que a Comisión poida efectuar tras o exame do devandito informe ou relativa á devandita a súa parte.
- f. Poderá propoñer á Autoridade de Xestión calquera revisión ou exame do Programa Operativo que permita lograr os obxectivos do FSE, ou mellorar a súa xestión, incluída a xestión financeira.
- g. Estudará e aprobará calquera proposta de modificación do contido da decisión da Comisión sobre a contribución dos Fondos.

4.2.4. INFORMES ANUAL E FINAL⁴⁶

A Autoridade de Xestión do Programa Operativo enviará a Comisión a partir de 2008, un Informe anual de execución previamente aprobado polo Comité de Seguimento.

Presentarase a mais tardar o 30 de xuño de cada ano en relación coa execución do ano anterior.

O Informe final de execución do Programa Operativo será presentado á Comisión como moito o 31 de marzo de 2017.

Os Informes anuais e o Informe final incluírán a información establecida no apartado 2 do artigo 67 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 e no apartado 2 do artigo 4 do Regulamento (CE) N° 1828/2006, se ben a extensión da información facilitada deberá gardar proporción co importe do gasto do Programa Operativo. Cando proceda a devandita información poderá facilitarse de forma resumida.

⁴⁶ Ver artigos 67 e 68 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006, e anexo XVIII do Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión de 8 de decembro de 2006.

4.2.5. EXAME ANUAL DOS PROGRAMAS⁴⁷

Cada ano, tras a presentación do Informe anual de execución mencionado no apartado anterior, a Comisión e a Autoridade de Xestión examinarán os progresos realizados na execución do Programa Operativo, os principais resultados obtidos durante o ano anterior, a execución financeira, así como outros factores, co fin de mellorar a execución.

A Comisión poderá realizar observacións ao Estado membro e á Autoridade de Xestión, que informará ao respecto ao Comité de Seguimento. O Estado membro comunicará á Comisión as medidas adoptadas en resposta ás devanditas observacións.

Cando se dispoña das avaliacións ex post realizadas en relación coa axuda concedida ao longo do período de programación 2000-2006, os resultados globais poderán analizarse, cando proceda no seguinte exame anual.

4.2.6. REVISIÓN DO PROGRAMA

De acordo co artigo 33 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, por iniciativa do Estado ou da Comisión, o Programa Operativo poderá reexaminarse e, cando sexa necesario, poderá revisarse, se se dan unha ou varias das circunstancias seguintes:

- a) Tras producirse cambios socioeconómicos importantes
- b) Co fin de atender aos cambios substanciais das prioridades comunitarias, nacionais ou rexionais en maior grao ou de forma diferente
- c) En función da avaliación do Programa
- d) Como consecuencia de dificultades de aplicación

A revisión do Programa Operativo non implicará a revisión da Decisión da Comisión mencionada no artigo 28 apartado 3 do Regulamento antes mencionado.

4.2.7. PLAN DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO ESTRATÉXICO

a) Disposicións Xerais⁴⁸

As avaliacións terán como obxectivo a mellora da calidade, eficacia e coherencia da axuda prestada polo FSE e da estratexia e a aplicación do Programa Operativo polo que respecta aos problemas estruturais específicos do Estado membro e rexións afectados, tendo en conta, así mesmo, o obxectivo de desenvolvemento sostible e a lexislación comunitaria pertinente en materia de impacto ambiental e de avaliación ambiental estratéxica.

A eficacia e o correcto desenvolvemento do Marco Estratéxico Nacional de Referencia e do Programa Operativo esixe o establecemento dun dispositivo de avaliación harmonizado e integrado no que se refire a procedementos, metodoloxías, técnicas e contidos da avaliación.

⁴⁷ Ver artigo 68 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

⁴⁸ Ver Artigos 47 ao 49 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

As avaliacións levaranse a cabo con anterioridade, simultaneamente e con posterioridade ao período de programación e baixo a responsabilidade do Estado membro ou da Comisión, segundo proceda, de conformidade co principio de proporcionalidade.

O Estado español levará a cabo as seguintes actividades:

- a) Exercerá a dirección e coordinación dos procesos de avaliación que lle correspondan.
- b) Realizará as avaliacións sobre a base dunha selección de prioridades ou elementos temáticos que a nivel global se determinen.
- c) Garantirá a participación das distintas institucións que interveñen nos programas a través da constitución dos correspondentes Grupos Técnicos de Avaliación.
- d) Subministrará os recursos necesarios para levar a cabo as avaliacións.
- e) Organizará a produción e recompilación dos datos necesarios e utilizará os diversos tipos de información obtida a través do sistema de seguimento.
- f) Difundirá os resultados dos procesos de avaliación.

A realización das avaliacións correrá a cargo de expertos ou organismos, internos ou externos, funcionalmente independentes da Autoridade de Certificación e de Autoridade de Auditoría e se é posible da Autoridade de Xestión.

Os seus resultados publicaranse de conformidade coas normas relativas ao acceso do público aos documentos.

As avaliacións financiaranse con cargo ao presuposto para Asistencia técnica.

A Comisión proporcionará unhas orientacións indicativas sobre a metodoloxía de avaliación, incluídas as normas de calidade.

b) Avaliación “ex ante”

As avaliacións ex ante realizaranse baixo a responsabilidade da autoridade encargada da preparación dos documentos de programación.

A avaliación ex ante ten por obxecto optimizar a asignación de recursos presupostarios no marco dos Programas Operativos e incrementar a calidade da programación.

Mediante a devandita avaliación, determínanse e estiman as disparidades, as diferenzas e o potencial do desenvolvemento, os obxectivos por alcanzar, os resultados esperados, os obxectivos cuantitativos, a coherencia, no seu caso, da estratexia proposta para a rexión, o valor engadido comunitario, a medida en que se tiveron en conta as prioridades da Comunidade/Cidade, as leccións extraídas de anteriores programacións e a calidade dos procedementos de execución, seguimento, avaliación, e xestión financeira.

• Programas Operativos do Obxectivo Converxencia:

Cada Estado levará a cabo unha avaliación ex ante de cada un dos Programas Operativos correspondentes ao Obxectivo de «Converxencia». En casos debidamente xustificadas, tendo en conta o principio de proporcionalidade e conforme acordaran a Comisión e o

Estado membro, os Estados membros poderán realizar unha avaliación ex ante individual que inclúa máis dun dos Programas Operativos.

No caso do Estado español, realizarase un informe para cada un dos Programas Operativos e un informe síntese para o conxunto do Obxectivo Converxencia.

- *Programas Operativos do Obxectivo competitividade rexional e emprego:*

Cada Estado efectuará unha avaliación ex ante que abrangue todos os Programas Operativos, ou unha avaliación en relación con cada Fondo, cada prioridade ou cada Programa Operativo.

Neste obxectivo, realizarase un informe global para todos os programas, incluíndo neste apartados específicos para o programa de cada unha das rexións no que se inclúen as actuacións estatais dende unha óptica territorial.

c) Avaliación e seguimento estratéxico⁴⁹

Durante o desenvolvemento do período de programación, os Estados membros levarán a cabo avaliacións vinculadas co seguimento do Programa Operativo en especial cando o devandito seguimento revele unha desviación significativa fronte aos obxectivos fixados nun principio, ou cando se presenten propostas para a revisión dos devanditos programas. Os resultados remitiranse ao Comité de Seguimento do Programa Operativo e á Comisión. Igualmente deben realizar os informes estratéxicos previstos no artigo 29 do Regulamento (CE) N° 1083/2006.

Ao igual que sucedía no caso anterior, a avaliación será realizada por un avaliador independente.

Co fin de establecer a colaboración necesaria entre as distintas institucións implicadas, constituirase un Grupo Técnico de Avaliación (GTA) composto por representantes da Administración Xeral do Estado, das Rexións e da Comisión, que no seu caso asistirán á Autoridade de Xestión, entre outras, nos labores seguintes:

- a) Precisar o contido do proceso de avaliación e a metodoloxía común a seguir.
- b) Proponer os pregos de condicións técnicas, especificar as competencias necesarias a que debe responder o equipo de avaliación dos diferentes ámbitos de intervención e proceder a unha estimación dos recursos necesarios para levar a cabo as avaliacións.
- c) Facer o seguimento do estudo de avaliación.
- d) Valorar a calidade do Informe final, especialmente a pertinencia das informacións e recomendacións contempladas.
- e) Garantir a correcta utilización dos resultados da avaliación de cara á reorientación das intervencións en curso.

Non obstante, a composición, funcións, e funcionamento do devandito Grupo definiranse nun Regulamento de Funcionamento Interno, a elaborar e aprobar unha vez sexa adoptado formalmente o Marco Estratéxico Nacional de Referencia.

⁴⁹ Ver artigos 29 e 33 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

A selección de avaliadores externos independentes farase conforme ao procedemento de contratación pública, ou outros previstos no noso ordenamento xurídico que igualmente respecten o principio de independencia.

Para os efectos de coordinar os procesos de avaliación das distintas formas de intervención, o Grupo Técnico de Avaliación poderá propoñer orientacións metodolóxicas aos avaliadores das formas de intervención.

A responsabilidade da avaliación e achega de información á Autoridade de Xestión para a elaboración dos informes estratéxicos previstos no artigo 29 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 é da Xunta de Galicia, si ben poderá terse en conta o principio de proporcionalidade previsto no artigo 13 do Regulamento (CE) N° 1083/2006. En todo caso, corresponde ao Estado español entre outras funcións, a dirección e coordinación do proceso para o cal se elaborará unha Guía Metodolóxica que outorgue uniformidade e calidade aos distintos informes de avaliación, de tal xeito que se de cumprimento aos requisitos mínimos establecidos na normativa comunitaria.

Na devandita Guía estableceranse, entre outros, os contidos mínimos dos informes de avaliación de seguimento; os indicadores de impacto global e específico que completan o cadro de indicadores previstos nos PO; os métodos de análise e criterios de avaliación comúns no que respecta á realización, eficacia, eficiencia e pertinencia das actuacións, necesidades dos beneficiarios, concentración, cobertura e valor engadido comunitario. Neste sentido, incluíranse tanto cuestionarios necesarios para a realización de enquisas a beneficiarios últimos, e os guións de entrevistas a xestores e técnicos responsables da xestión, seguimento e control dos programas, como deseños das mostras que servirán para completar o exercicio de impactos e valor engadido comunitario.

As actividades específicas de avaliación levaranse a cabo nos momentos fixados polo Comité de Seguimento e o Grupo Técnico de Avaliación, tendo en conta o establecido nos artigos 33 e 48.3 do Regulamento (CE) N° 1083/2006.

No que se refire ás avaliacións de determinadas prioridades ou áreas temáticas que se avaliarán a nivel nacional dende a Autoridade de Xestión propóñense en principio as seguintes:

- ▲ Avaliación sobre a integración do principio horizontal de Igualdade de Oportunidades nos Programas Operativos.
- ▲ Avaliación sobre os efectos da aplicación en España da I+D+i, cunha consideración especial ao elemento de innovación como principios horizontal nos programas do FSE.
- ▲ Avaliación sobre as actuacións dirixidas ao colectivo de inmigrantes polas peculiaridades e dimensión do colectivo.

Os calendarios destas avaliacións, así como outras que poidan fixarse, determináranse polo Grupo Técnico de Avaliación, ao longo da execución dos programas.

d) Avaliacións estratéxicas

As avaliacións estratéxicas terán por obxecto o exame da evolución dun programa ou grupo de programas en relación coas prioridades comunitarias e nacionais ou de natureza operativa cando o seguimento do programa revele unha desviación significativa respecto

aos obxectivos fixados nun principio e, entón, terá por obxecto apoiar o seguimento dun Programa Operativo.

Levaranse a cabo por iniciativa da Comisión e en cooperación co Estado membro interesado.

Non obstante, as avaliacións temáticas e os informes previstos no artigo 29 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, que se van realizar, terán un enfoque estratéxico acorde coa dirección do Programa Nacional de Reformas e das Directrices Integradas para o crecemento e o emprego.

Os resultados notificaranse ao Comité de Seguimento do Programa Operativo.

e) Avaliación “ex post”

A Comisión antes do 31 de decembro de 2015 realizará unha avaliación ex post en relación con cada obxectivo en estreita colaboración co Estado membro e as Autoridades de Xestión.

A avaliación ex post abranguerá todos os Programas Operativos de cada obxectivo e nela analizarase o grao de utilización dos recursos, a eficacia e a eficiencia da programación dos Fondos e o impacto socioeconómico.

A avaliación, que se levará a cabo en relación con cada un dos tres obxectivos, tratará de extraer conclusións trasladables ás políticas de cohesión económica e social.

Deberá permitir determinar os factores que contribuíron ao éxito ou ao fracaso na execución dos Programas Operativos e indicar as boas prácticas.

4.3. ORGANISMO RECEPTOR DOS PAGAMENTOS DA COMISIÓN E ORGANISMO QUE REALIZA OS PAGAMENTOS AOS BENEFICIARIOS

a. ORGANISMO RECEPTOR:

Autoridade de Certificación.

b. ORGANISMO ORDENADOR DE PAGAMENTOS AOS BENEFICIARIOS:

A Autoridade de Certificación, baseándose na documentación que a Autoridade de Xestión lle remita, propón á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda a execución do ingreso a favor dos distintos Organismos Intermedios na cantidade que lle corresponda.

Os Organismos Intermedios serán os responsables de efectuar os pagamentos aos beneficiarios dentro do ámbito da súa competencia.

c. CAIXA PAGADORA:

O órgano da Comunidade Autónoma con competencias para ordenar os pagamentos a favor dos acreedores que consten nas distintas propostas de pagamento.

4.4. PROCEDIMENTOS DE MOBILIZACIÓN E CIRCULACIÓN DOS FLUXOS FINANCIEROS⁵⁰

4.4.1. COMPROMISOS PRESUPOSTARIOS

Os compromisos presupostarios da Comunidade relativos aos Programas Operativos contraeranse por tramos anuais e en relación con cada Fondo e obxectivo ao longo do período abranguido entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2013.

O primeiro compromiso presupostario contraerase antes da adopción por parte da Comisión da decisión de aprobación do Programa Operativo.

Os compromisos sucesivos serán contraídos pola Comisión, antes do 30 de abril de cada ano.

- **Liberación automática de compromisos**

A Comisión procederá á liberación automática da parte dun compromiso presupostario correspondente a un Programa Operativo que non se utilizara para o pagamento do prefinanciamento ou para os pagamentos intermedios, ou con respecto á cal non se remitira unha petición de pagamento conforme ao artigo 86 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, a 31 de decembro do segundo ano seguinte a aquel en que se contraera o compromiso presupostario correspondente ao programa.

A parte dos compromisos pendente a 31 de decembro de 2015 quedará liberada automaticamente en caso de que a Comisión non recibira, antes do 31 de marzo de 2017, ningunha petición de pagamento aceptable ao respecto.

En canto ás interrupcións por procedementos xudiciais e recursos administrativos, así como ao resto de excepcións á liberación automática estarase ao disposto nos artigos 95 e seguintes do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006.

Unha vez que a Comisión notifique ao Estado a existencia de risco de liberación automática do compromiso, a Autoridade de Xestión do programa previa consulta, se é o caso, ao órgano competente da Comunidade/ Cidade Autónoma, dará a súa conformidade ou presentará observacións no prazo de dous meses a contar dende a notificación pola Comisión.

A Comisión procederá á liberación automática do compromiso, nos nove meses seguintes á data límite mencionada no artigo 93 do Regulamento (CE) N° 1083/2006.

A contribución dos Fondos ao Programa Operativo en relación co ano en cuestión sufrirá unha redución equivalente ao importe do compromiso liberado automaticamente. O Estado presentará, no prazo de dous meses a partir da data de liberación, un plan de financiamento revisado que reflecta o importe en que foi reducida a axuda entre un ou varios dos eixes prioritarios do Programa Operativo.

De non se presentar este plan revisado, a Comisión reducirá proporcionalmente os importes asignados a cada eixe prioritario.

⁵⁰ Ver artigos 75 ao 103 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

4.4.2. DISPOSICIÓN COMÚNS EN MATERIA DE PAGAMENTOS

Os pagamentos pola Comisión da contribución financeira con cargo ao Fondo Social Europeo efectuaranse de conformidade cos créditos presupostarios. Cada pagamento farase con cargo ao compromiso aberto máis antigo.

Os pagamentos revestirán a forma de prefinanciamentos, pagamentos intermedios e pagamentos do saldo final. Abonarase á Autoridade de Certificación do FSE (Unidade Administradora do FSE).

Antes do 30 de abril de cada ano, a Autoridade de Certificación remitirá á Comisión unha previsión provisional das súas probables solicitudes de pagamentos en relación co exercicio presupostario en curso e co exercicio seguinte.

Todos os intercambios de información sobre as operacións financeiras entre a Comisión e a Autoridade de Certificación, se levarán a cabo por medios electrónicos.

4.4.3. NORMAS COMÚNS PARA O CÁLCULO DOS PAGAMENTOS INTERMEDIOS E OS PAGAMENTOS DO SALDO FINAL

Os pagamentos intermedios e os pagamentos do saldo final calcularanse aplicando a porcentaxe de cofinanciamento establecida na decisión sobre o Programa Operativo de que se trate para cada eixe prioritario ao gasto subvencionable mencionado, respecto do devandito Eixe prioritario, en cada declaración de gastos certificada pola Autoridade de Certificación.

Non obstante, a contribución comunitaria realizada mediante os pagamentos intermedios e os pagamentos do saldo final non poderá ser superior á contribución pública e á cantidade máxima de axuda procedente dos Fondos para cada Eixe prioritario, tal como se estableza na decisión da Comisión pola que aprobe o Programa Operativo.

4.4.4. DECLARACIÓN DE GASTOS

En todas as declaracións de gastos se fará constar, en relación con cada Eixe prioritario, o importe total dos gastos subvencionables, que aboaran os beneficiarios ao executar as operacións, así como a contribución pública correspondente que se aboara ou se deba aboar aos beneficiarios nas condicións que a regulen.

Os gastos efectuados polos beneficiarios deberán documentarse mediante facturas pagadas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

Polo que respecta exclusivamente aos réximes de axuda no sentido do artigo 87 do Tratado, ademais das condicións enunciadas no parágrafo anterior, a contribución pública correspondente aos gastos que consten nunha declaración de gastos deberán ser aboados aos beneficiarios polo organismo que conceda a axuda.

Cando a contribución con cargo aos Fondos se calcule en relación co gasto público, segundo o artigo 53 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, calquera información relativa a gastos que non sexan gastos públicos non afectará ao importe debido calculado a partir da solicitude de pagamento.

- **Declaración de anticipos nas solicitudes de pagamento**

Non obstante o anterior, polo que respecta ás axudas públicas conforme ao disposto en artigo 87 do Tratado, as declaracións de gasto poderán incluír adiantos concedidos aos beneficiarios polo organismo que outorgue a axuda, sempre que se reúnan as seguintes condicións acumulativas:

- Estarán sometidos a unha garantía bancaria ou a un instrumento financeiro público de efecto equivalente.
- Non superarán o 35 % do importe total da axuda que se vaia conceder a un beneficiario para un proxecto dado.
- Estarán cubertos mediante o gasto aboado polos beneficiarios ao executar o proxecto, e documentados mediante a presentación de facturas pagadas ou documentos contables de valor probatorio equivalente como moito tres anos despois do pagamento do adianto ou o 31 de decembro de 2015, se esta última data é anterior; de non ser así, a seguinte declaración de gastos corrixiase de forma conseguinte.

- **Operacións correspondentes a instrumentos de enxeñaría financeira**

Polo que respecta á inclusión nas solicitudes de gasto de operacións correspondentes a instrumentos de enxeñaría financeira, estarase ao disposto no artigo 78.6 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 e artigos 43 a 46 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.

4.4.5. ACUMULACIÓN DE PREFINANCIAMENTOS E DOS PAGAMENTOS INTERMEDIOS

O importe total acumulado dos prefinanciamentos e dos pagamentos intermedios realizados por parte da Autoridade de Certificación aos beneficiarios non poderá superar o 95% da contribución do FSE ao Programa Operativo. Non obstante, unha vez alcanzado este tope, a Autoridade de Certificación seguirá notificando á Comisión toda declaración de gasto certificada a 31 de decembro do ano n, así como os importes recuperados durante ese ano, antes do termo do mes de febreiro do ano n +1.

4.4.6. INTEGRIDADE DOS PAGAMENTOS AOS BENEFICIARIOS

A Autoridade de Certificación, garantirá que os beneficiarios reciban o importe total da contribución FSE canto antes e na súa integridade. En ningún caso, se deducirá nin reterá importe ningún, nin se imporá ningunha carga específica ou outra carga de efecto equivalente, que reduza os importes destinados aos beneficiarios.

4.4.7. PREFINANCIAMENTO

Adoptada a decisión pola que se aproba a contribución do FSE ao Programa Operativo, a Comisión aboará á Autoridade de Certificación do Programa (Unidade Administradora do FSE) un importe único en concepto de prefinanciamento para o período 2007-2013. O importe de prefinanciamento do Programa Operativo aboarase como segue:

- Ano 2007 o 2 % da contribución do FSE ao Programa Operativo, e

- ▲ Ano 2008 o 3 % da contribución do FSE ao Programa Operativo.

A Autoridade de Certificación, recorrerá ao prefinanciamento durante toda a intervención para sufragar a participación comunitaria dos gastos relativos ao Programa Operativo.

A Autoridade de Certificación reembolsará á Comisión o importe total aboado en concepto de prefinanciamento en caso de que non se recibira ningunha solicitude de pagamento en virtude do Programa Operativo nun prazo de vinte e catro meses a partir da data en que a Comisión pagara a primeira fracción do prefinanciamento.

A contribución total do FSE ao Programa Operativo non se verá afectada polo devandito reembolso.

Todo interese devengado polo prefinanciamento se asignará ao Programa Operativo; será considerado como un recurso para o Estado en forma de contribución pública nacional e será declarado á Comisión con ocasión do peche definitivo do Programa Operativo.

O importe aboado en concepto de prefinanciamento liquidarase totalmente nas contas da Comisión no momento do peche do Programa Operativo⁵¹.

4.4.8. PAGAMENTOS INTERMEDIOS

O primeiro pagamento intermedio que se presente pola Autoridade de Certificación aboara a Comisión logo de presentación, e posterior aprobación polos servizos da Comisión en conformidade co artigo 71 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, da descrición dos sistemas de xestión e control. Esta descrición, deberá ir acompañada dun informe no que se expoñan os resultados dunha avaliación dos sistemas establecidos e se emita un ditame sobre a conformidade dos devanditos sistemas co disposto nos artigos 58 a 62 do Regulamento (CE) N° 1083/2006⁵².

- **Admisibilidade das solicitudes de pagamento intermedio**

As solicitudes de pagamentos intermedios estarán suxeitas ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- ▲ Cumprir os requirimentos do artigo 78 do Regulamento (CE) N° 1083/2006.
- ▲ Que a Comisión non aboara máis da cantidade máxima de axuda do Fondo, tal como se estableza na decisión da Comisión que aproba o Programa Operativo, durante a totalidade do período por cada Eixe prioritario.
- ▲ A Autoridade de Xestión deberá enviar á Comisión o último Informe anual de execución, conforme ao disposto no artigo 67 Regulamento (CE) N° 1083/2006.
- ▲ Que a Comisión non presentara un ditame motivado como consecuencia dun incumprimento, segundo o artigo 226 do Tratado, polo que respecta á operación ou operacións para as cales se declarou gasto na solicitude de pagamento en cuestión.

⁵¹ Ver artigo 89 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

⁵² Ver artigo 71 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006.

Se non se cumpre un ou máis destes requisitos, a Comisión informará ao Estado e á Autoridade de Certificación no prazo dun mes co obxecto de que poidan adoptarse as medidas oportunas.

- **Data de presentación das solicitudes de pagamento e prazos de pagamento**

A Autoridade de Certificación remitirá as solicitudes de pagamento á Comisión de forma agrupada tres veces ao ano: a última semana de marzo, a última semana de xuño e antes do 31 de outubro. Para que a Comisión poida efectuar o pagamento dentro do ano en curso, a data límite para presentar a solicitude de pagamento será o 31 de outubro.

Sempre que estean dispoñibles os fondos necesarios e non se producira unha suspensión dos pagamentos de conformidade co artigo 92 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, a Comisión efectuará os pagamentos intermedios como moito nun prazo de dous meses a partir da data en que quede rexistrada ante a Comisión unha solicitude de pagamento que reúna os requisitos de admisibilidade.

Durante o desenvolvemento do Programa Operativo a Autoridade de Certificación recorrerá ao prefinanciamento para sufragar a participación comunitaria das solicitudes de pagamento que lle presente a Autoridade de Xestión do Programa, sen necesidade de esperar á recepción dos pagamentos intermedios da Comisión por reembolso das declaracións de gastos efectuados.

A Autoridade de Certificación repercutirá neste reembolso aos beneficiarios a parte proporcional do prefinanciamento que lles corresponda.

4.4.9. PAGAMENTO DO SALDO

De acordo co artigo 89 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, a Comisión procederá ao pagamento do saldo sempre que, antes do 31 de marzo de 2017, o Estado remitira unha solicitude de pagamento que inclúa a solicitude de pagamento do saldo propiamente dita, así como unha declaración de gastos de conformidade co Programa Operativo, incluída a información prevista no artigo 67 e a declaración de peche mencionada no artigo 62, apartado 1, letra e) do Regulamento (CE) N° 1083/2006. A Autoridade de Certificación será a encargada de remitir a solicitude á Comisión.

Nos casos de peche parcial, remitirá a declaración de gastos á que se refire o artigo 88 do Regulamento (CE) N° 1083/2006.

4.5. RESPECTO DA NORMATIVA COMUNITARIA

De conformidade co artigo 9.5 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, as operacións que sexan financiadas polos Fondos Estruturais deben axustarse ás disposicións dos Tratados e dos actos adoptados en virtude destes, así como ás das políticas comunitarias.

A Autoridade de Xestión do Programa Operativo é responsable de velar por que os beneficiarios do programa no seu desenvolvemento respecten a normativa comunitaria e a compatibilidade coas políticas comunitarias. Ao efecto, informará o respectivo Comité de Seguimento, do grao de cumprimento da devandita normativa, sinalando os eventuais problemas e propoñendo solucións.

- **Normas de competencia**

O cofinanciamento comunitario dos réximes de axudas estatais ás empresas fai necesaria a aprobación de tales axudas por parte da Comisión, de conformidade cos artigos 87 e 88 do Tratado.

En virtude do disposto no apartado 3 do artigo 88 do Tratado, os Estados membros han de notificar á Comisión calquera medida pola que se establezan, modifiquen ou prorroguen axudas estatais as empresas. Non obstante, non é obrigatorio notificar nin solicitar a aprobación das axudas que reúnan as condicións establecidas pola Comisión para ser consideradas axudas “de minimis”.

Por outra banda, existen obrigas específicas de notificación para as axudas concedidas en determinados sectores industriais.

A Autoridade de Xestión garantirá que as axudas de estado outorgadas no marco do presente PO serán compatibles coas regras materiais e de procedemento sobre axudas de estado que estean en vigor no momento en que se concede a subvención.

Todos os réximes e medidas de axudas financiados por Fondos Estruturais serán analizados polas autoridades que outorguen a devandita axuda para determinar se constitúen axuda de Estado de conformidade co artigo 87 do Tratado.

- **Adxudicación de contratos**

As actividades ou medidas cofinanciadas polos Fondos Estruturais realizaranse de conformidade coa política, as directivas comunitarias en materia de adxudicación de contratos, en concreto as Directivas Comunitarias 2004/17/CE e 2004/18/CE, o Regulamento (CE) N° 1564/2005, as normas e principios que emanan do Tratado, e a lexislación española en materia de contratación pública.

No marco dos procedementos establecidos polas Directrices mencionadas é obrigatorio mencionar no anuncio de licitación se a mesma se refire a un proxecto ou programa cofinanciado polos fondos comunitarios.

Cando o órgano contratante, a causa da súa natureza xurídica, non estea sometido a esta normativa, deberá garantir o respecto aos principios de publicidade, transparencia e libre concorrência de ofertas, co fin de observar nas súas actuacións o maior grao posible de eficacia, eficiencia e economía. Para estes efectos, en ausencia de normativa comunitaria ou nacional específica que regule a contratación por entidades beneficiarias de Fondos Estruturais, non suxeitas á lexislación nacional sobre contratos públicos, será de aplicación o disposto nos artigos 29 e 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de

Subvencións, a súa normativa de desenvolvemento e as súas modificacións posteriores, e no seu caso as disposicións de desenvolvemento aprobadas pola Xunta de Galicia.

- **Medio ambiente**

As operacións cofinanciadas polos Fondos Estruturais deben ser coherentes cos principios e obxectivos de desenvolvemento sostible e de protección e mellora do medio ambiente previstos nos Tratados, así como cos compromisos asumidos pola Unión no marco de acordos internacionais. Así mesmo, deben aterse á normativa comunitaria en materia de medio ambiente.

- **Igualdade de oportunidades**

En relación coa igualdade entre homes e mulleres e non discriminación, o artigo 16 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 establece que os Estados membros e a Comisión velarán por promover a igualdade entre homes e mulleres e a integración das cuestións de xénero nas diferentes etapas da execución dos Fondos.

Os Estados membros e a Comisión tomarán todas as medidas adecuadas para evitar calquera discriminación baseada en sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, minusvalías, idade ou orientación sexual nas diferentes etapas da execución dos Fondos e, en especial, no acceso a eles.

Así mesmo, o artigo 6 do Regulamento (CE) N° 1081/2006 establece que os Estados membros velarán por que os Programas Operativos inclúan unha descrición do xeito en que se favorece a igualdade de xénero e a igualdade de oportunidades na preparación, aplicación, seguimento e avaliación dos Programas Operativos.

- **Contribución á Estratexia Europea polo Emprego**

O artigo 2 do Regulamento (CE) N° 1081/2006 establece, que o FSE contribuirá a executar as prioridades da Comunidade polo que respecta ao esforzo da cohesión económica e social favorecendo un alto nivel de emprego e a creación de máis e mellores postos de traballo. Para iso apoiará as políticas dos Estados membros destinadas a alcanzar o pleno emprego e a calidade e a produtividade no traballo, a promover a inclusión social, en particular, o acceso das persoas desfavorecidas ao emprego, e a reducir as disparidades nacionais, rexionais e locais en materia de emprego.

- **Protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas**

Os Estados membros velarán pola protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas segundo o disposto no Regulamento (CE) N° 2988/95. Así mesmo, os sistemas de control e xestión dos Programas Operativos, en conformidade co art. 70b do Regulamento (CE) N° 1083/2006 e coa sección IV do capítulo II do Regulamento (CE) N° 1828/2006, deberán previr, detectar e corrixir as irregularidades e recuperar os importes indebidamente aboados.

4.6. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DO PROGRAMA OPERATIVO

De acordo cos artigos 60 e 69 do Regulamento (CE) N° 1083/2006, o Estado e a Autoridade de Xestión darán a coñecer as operacións e o Programa Operativo obxecto de cofinanciamento. A devandita información irá dirixida aos cidadáns da Unión Europea e aos beneficiarios coa finalidade de destacar o papel desempeñado pola Comunidade e garantir a transparencia da axuda procedente do FSE.

As funcións que desenvolverá a Xunta de Galicia, no ámbito da información e publicidade⁵³ son as seguintes:

- 1.- Definir as coordenadas do Órgano ou Departamento responsable do Plan de Información e Comunicación.
- 2.- Elaborará o Plan de Comunicación para o ámbito da competencia do PO e remitirao á Autoridade de Xestión con antelación abonda para poder levar a cabo a tramitación esixida no artigo 3 do Regulamento (CE) N° 1828/2006, nos prazos establecidos regulamentariamente. No Plan incluírase o contido mínimo establecido no artigo 2 do Regulamento (CE) N° 1828/2006.
- 3.- Levará a cabo a aplicación do Plan, para o cal se realizará, conforme ao artigo 7 do Regulamento (CE) N° 1828/2006 polo menos as seguintes accións:
 - ♦ Unha actividade informativa importante centrada no lanzamento do PO:
 - ♦ Unha actividade informativa anual importante, presentando as realizacións levadas a cabo do PO:

Todo iso, sen prexuízo dos acordos aos que poida chegar a Comunidade/Cidade Autónoma coa Autoridade de Xestión.

- 4.- Velar polo cumprimento das responsabilidades e aplicacións técnicas establecidas nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) N° 1828/2006. No caso de España, recoméndase a utilización da declaración “O Fondo Social Europeo inviste no teu futuro” como ferramenta publicitaria.
- 5.- Elaborar e realizar a avaliación das medidas de información e publicidade para a verificación do grao de visibilidade e concienciación dos Programas Operativos, así como do papel desempeñado pola UE nestes.
- 6.- Levar a cabo o seguimento de todas estas medidas e dar conta deste ao Comité de Seguimento do PO, considerando o grao de realización do Plan, as medidas emprendidas e os medios empregados. Achegaranse exemplos das accións realizadas e intentarase achegar casos de boas prácticas.
- 7.- Incluír nos Informes Anuais e Final de execución do PO os seguintes aspectos: accións desenvolvidas conforme ao Plan de Comunicación aprobado; medios utilizados para a difusión entre o público dos beneficiarios do FSE; contido das modificacións que se fagan ao Plan inicial. No Informe correspondente á anualidade de 2010 e en 2013 incluírase un capítulo no que se avalíen os resultados das medidas levadas a cabo en termos de visibilidade, concienciación e papel desempeñado pola UE.

Pola súa parte a Unidade de Xestión da UAFSE realizará as actuacións seguintes⁵⁴:

- 1.- Garantir a nivel nacional o cumprimento dos requisitos de información e publicidade, verificando o desenvolvemento do Plan de Comunicación do Programa Operativo.

⁵³ Ver sección primeira (arts. 2-10) do Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión de 8 de decembro de 2006.

⁵⁴ Ver artigos 3 e 7 del Regulamento (CE) N° 1828/2006.

Todo iso sen prexuízo de asegurar o cumprimento dos requisitos de información e publicidade no que respecta ao seu propio Plan.

- 2.- Enviar en prazo á Comisión o Plan de Comunicación anteriormente mencionado.
- 3.- Manter izada a bandeira da Comunidade Europea durante unha semana a partir do 9 de maio na súa sede.

4.7. INTERCAMBIO INFORMATIZADO DE DATOS COA COMISIÓN

Os artigos 66 e 76. 4 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006, e o artigo 39 e seguintes do Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión do 8 de decembro establecen que, todos os intercambios de información financeira e de seguimento que teñan lugar entre a Comisión e as autoridades e organismos designados polos Estados membros levaranse a cabo por medio dun sistema informático establecido pola Comisión que permita a transmisión segura de datos entre a Comisión e o Estado. Todos os intercambios realizados a través do Sistema conterán unha sinatura electrónica, ao desaparecer o soporte en papel.

Para tal efecto a Comisión estableceu o “System for Fund Management in the European Community 2007-2013” (SFC 2007) que inclúe a seguinte información de interese para a Comisión e os Estados membros:

- a) Dotación indicativa anual de cada Fondo por Programa Operativo, nos termos establecidos no MENR.
- b) Plans de financiamento dos distintos Programas Operativos.
- c) Declaracións de gastos e solicitudes de pagamentos.
- d) Previsións de solicitudes de pagamento en relación co exercicio presupostario en curso e o seguinte.
- e) A sección financeira dos informes anuais e finais de execución.

Adicionalmente, inclúese neste sistema toda a información relativa aos Programas Operativos FSE, as Decisións da Comisión en relación coas contribucións dos Fondos, os informes de execución, os datos dos participantes nas operacións cofinanciadas, a descrición dos sistemas de control e xestión, a estratexia e os informes de auditoría, as declaracións de gasto relativas ao peche parcial, as declaracións anuais dos importes perdidos, recuperados e pendentes de recuperar e o Plan de Comunicación ao que se fixo referencia no apartado anterior.

O Estado español designará ás Unidades de Xestión e de Certificación da Unidade Administradora do FSE para que realicen o intercambio de datos dos Programas Operativos do FSE, o que levará a cabo a través do sistema establecido pola Comisión, vía web service dende a aplicación de xestión das axudas do Fondo Social Europeo para o período 2007-2013, denominada “FSE 2007”.

PLAN DE FINANCIAMIENTO



No período de programación 2007-2013, Galicia recibirá Fondos Estruturais procedentes do FSE nunha contía de 936.079.597 en euros correntes. A distribución dos devanditos fondos segundo o instrumento de intervención no que van ir consignados, é a que se reflicte na Táboa 47.

Táboa 47: Distribución da axuda FSE asignada a Galicia por instrumentos de intervención

INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN	IMPORTES (EUROS 2007)	%
PO FSE GALICIA	358.501.812	38,3%
PO FSE ADAPTABILIDADE E EMPREGO	542.597.525	57,96%
PO FSE LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN	30.869.310	3,3%
ASISTENCIA TECNICA	4.110.950	0,44%
TOTAL AXUDAS FSE	936.079.597	100,0%

Para enmarcar as previsións de distribución financeira entre Eixes prioritarios, anualidades e categorías de gasto, é necesario contemplar previamente o destino destas axudas, xa que o Programa Operativo de Galicia FSE supón só o 38,3% do total, e o seu estudo fora de contexto podería desvirtuar o alcance da estratexia seleccionada.

Táboa 48: Importe dos fondos FSE asignados a Galicia

EIXES PERIODO 2007-2013	AGE	XUNTA	TOTAL FSE GALICIA	Euros
1 Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios	33,09%	30%	31,91%	298.699.577
2 Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres	63,14%	30%	50,45%	472.254.568
3 Aumento e mellora do capital humano	2,12%	35%	14,72%	137.747.126
4 Cooperación transnacional e interrexional	0,27%	3%	1,32%	12.326.442
5 Asistencia técnica	1,36%	2%	1,61%	15.051.884
Total	100,00%	100,00%	100,00%	
IMPORTE AXUDAS FSE	577.577.785	358.501.812		936.079.597

Como se aprecia na Táboa 48, o resultado global das prioridades establecidas por ambas as dúas administracións tradúcese nun cadro de ponderacións que asigna máis do 82% dos recursos dispoñibles, uns 770 meuros, aos Eixes 1 e 2, aqueles cuxo obxectivo vai encamiñado a aumentar a empregabilidade dos recursos humanos, xa sexa a través da formación continua ou ocupacional con especial énfase no fomento de prácticas innovadoras e orientadas ás necesidades do mundo empresarial, seguidos do Eixe 3 destinado á mellora da educación como paso previo ao acceso ao mercado laboral e á promoción dos recursos humanos dedicados á investigación, a ciencia e a tecnoloxía.

5.1. PRESUPUESTO E A SÚA CONTRIBUCIÓN A LISBOA

Táboa 49: Distribución do gasto do PO por Eixes de intervención e Temas prioritarios e a súa contribución á Estratexia de Lisboa (Euros correntes)

EIXE PRIORITARIO / Tema prioritario	Total Programa Operativo		Art. 9.3 Rgto.1083/2006		Total "Non Lisboa"	
	Importe FSE	%	Importe FSE	%	Importe FSE	%
1. ESPÍRITO EMPRESARIAL E ADAPTABILIDADE	107.550.544	30%	107.550.544	30%	0	0%
62	27.116.605	8%	27.116.605	8%	0	0%
63	45.139.382	13%	45.139.382	13%	0	0%
64	19.993.782	6%	19.993.782	6%	0	0%
68	15.300.775	4%	15.300.775	4%	0	0%
2. EMPREGABILIDADE, INCLUSIÓN SOCIAL E IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES	107.550.544	30%	105.126.756	29%	2.423.788	1%
65	4.639.796	1%	4.639.796	1%	0	0%
66	31.048.512	9%	31.048.512	9%	0	0%
69	35.550.984	10%	35.550.984	10%	0	0%
70	6.445.071	2%	6.445.071	2%	0	0%
71	27.442.393	8%	27.442.393	8%	0	0%
80	2.423.788	1%			2.423.788	1%
3. AUMENTO E MELLORA DO CAPITAL HUMANO	125.475.634	35%	125.475.634	35%	0	0%
72	90.759.729	25%	90.759.729	25%	0	0%
73	16.112.246	4%	16.112.246	4%	0	0%
74	18.603.659	5%	18.603.659	5%	0	0%
4. COOPERACIÓN TRANSNACIONAL E INTERREXIONAL	10.755.054	3%			10.755.054	3%
80	10.755.054	3%			10.755.054	3%
5. ASISTENCIA TÉCNICA	7.170.036	2%			7.170.036	2%
85	3.585.017	1%			3.585.017	1%
86	3.585.019	1%			3.585.019	1%
Total	358.501.812	100%	338.152.934	94%	20.348.878	6%

5.2. ANUALIZACIÓN DO PRESUPOSTO

Táboa 50: Plan de financiamento dos compromisos anuais do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013

Ano	Axuda FSE Rexións sen Axuda Transitoria	Axuda FSE Rexións con Axuda Transitoria	TOTAL AXUDA FSE
2007	48.222.780	0	48.222.780
2008	49.187.236	0	49.187.236
2009	50.170.980	0	50.170.980
2010	51.174.400	0	51.174.400
2011	52.197.888	0	52.197.888
2012	53.241.846	0	53.241.846
2013	54.306.682	0	54.306.682
Total	358.501.812	0	358.501.812

5.3. PRESUPUESTO POR EIXE PRIORITARIO

Táboa 51: Plan de financiamento dos Eixes prioritarios do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013

EIXE PRIORITARIO	Financiamento FSE (a)	Financiamento nacional			Financiamento Total (e) = (a)+(b)	Taxa de cofinanciamento (f)=(a)/(e)	Información	
		Total (b)=(c)+(d)	Financiamento público (c)	Financiamento privado (d)			Participación do BEI	Outro Financiamento
1.ESPÍRITO EMPRESARIAL E ADAPTABILIDADE	107.550.544	26.887.636	26.887.636	0	134.438.180	80,00%		
2.EMPREGABILIDADE, INCLUSIÓN SOCIAL E IGUALDADE ENTRE HOMEN E MUJER	107.550.544	26.887.636	26.887.636	0	134.438.180	80,00%		
3.AUMENTO E MELLORA DO CAPITAL HUMANO	125.475.634	31.368.909	31.368.909	0	156.844.543	80,00%		
4.COOPERACIÓN TRANSNACIONAL E INTERREGIONAL	10.755.054	2.688.764	2.688.764	0	13.443.818	80,00%		
5.ASISTENCIA TÉCNICA	7.170.036	1.792.509	1.792.509	0	8.962.545	80,00%		
Total	358.501.812	89.625.454	89.625.454	0	448.127.266	80,00%		

CONCLUSIÓN DA AVALIACIÓN PREVIA

6.1. AVALIACIÓN PREVIA

A necesidade de efectuar unha avaliación previa dos Programas Operativos establecidos para o período de financiamento comunitario 2007-2013 responde ao enfoque eminentemente estratéxico do que a Unión Europea quixo dotar este novo período de programación da política de cohesión. Este enfoque responde a un dobre obxectivo, por unha parte á necesidade de poñer en marcha unha estratexia rexional que sexa coherente coas principais necesidades detectadas para a rexión, e por outra revélase fundamental para a optimización da asignación dos recursos presupostarios procedentes da Unión Europea e para a consecución dos Obxectivos Europeos de Lisboa.

A Comunidade Autónoma de Galicia, como rexión adscrita ao obxectivo de “Converxencia” levou a cabo a elaboración dos seus Programas Operativos relativos ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (en diante FEDER) e ao Fondo Social Europeo (en diante FSE), nos cales plasmou a súa estratexia de desenvolvemento rexional, e a súa tradución operativa, de cara ao novo período de financiamento.

Así mesmo, e en conformidade co Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, a Comunidade Autónoma de Galicia levou a cabo un proceso de avaliación previa dos devanditos Programas Operativos, co fin de asegurar a coherencia entre as súas prioridades e as da Unión Europea, así como a asignación dos recursos europeos naquelas necesidades máis incitantes para a rexión.

Neste senso, cabe sinalar que Galicia optou pola elaboración dunha estratexia conxunta de aplicación dos Fondos Estruturais, que quedou reflectida no Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007-2013 (MECEGA) e que se constitúe como o punto de partida para a elaboración de ambos os dous Programas Operativos.

En consecuencia, a avaliación previa aquí exposta responde ao devandito enfoque, presentando unha análise global da estratexia adoptada por Galicia, independentemente de se a nivel operativo se traduce en intervencións do FEDER ou do FSE.

6.1.1. BALANCE DO PERIODO DE PROGRAMACIÓN 2000-2006 E NECESIDADES PENDENTES DE SATISFACER PARA 2007-2013

